



Universidade de Santiago de Compostela

Tese Doutoral

**A influencia da obriga moral e o contexto na acción
política colectiva**

Autora: Xiana Vilas Castro

Director: Dr. José Manuel Sabucedo Cameselle

Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía

Facultade de Psicoloxía

José Manuel Sabucedo Cameselle, Catedrático de Psicoloxía Social da Universidade de Santiago de Compostela informa:

Que a tese doutoral (titulada "A influencia da obriga moral e o contexto na acción política colectiva", realizouse baixo a miña dirección, pola licenciada D. Xiana Vilas Castro, no Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Que o citado traballo reúne todas as esixencias científicas e formais requiridas pola normativa vixente para optar ó grao de Doutora pola Universidade de Santiago de Compostela.

Polo tanto, emito un informe favorable e a autorización como trámite perceptivo para a súa aceptación e defensa pública.

Santiago de Compostela, 5 de Abril, 2010.



Fdo. José Manuel Sabucedo



Fdc. Xiana Vilas Castro

AGRADECEMENTOS

A miña inquietude pola psicoloxía social e concretamente polos movementos sociais vén dada polo meu gusto polo colectivo. Por tal motivo non podo concibir este traballo doutra maneira que non sexa o resultado de varios esforzos colectivos. Esta longa etapa de traballo sería impensable sen a axuda e apoio de tódalas persoas que en maior ou menor medida achegaron o seu grao de area.

En primeiro lugar, síntome afortunada por contar coas orientacións e directrices de expertos de grande prestixio nesta materia. Grazas ós seus coñecementos e á súa dedicación posibilitaron que este traballo saíse adiante. Debo dedicar, xa que logo, os meus máis sinceros agradecementos ó director desta tese, o profesor José Manuel Sabucedo, por velar que cada paso fose un acerto. As súas achegas veñen enriquecendo a miña formación dende hai anos, pero non só debo agradecer os seus sabios e inspiradores consellos, senón que a súa contribución vai máis alá do ámbito académico ó depositar a súa confianza en min.

Tamén debo agradecer ós membros do grupo de investigación, que cos seus coñecementos, o seu cariño e o seu tesón fan que un se sinta a gusto traballando en equipo, grazas polo tanto, a Mauro Rodríguez, Mónica Alzate, Mar Durán e Cristina Gómez. Así mesmo debo agradecer ó persoal de metodoloxía, especialmente ás profesoras Gloria Seoane e María José Ferraces pola dedicación do seu tempo nos momentos de dúbida e polas súas intelixentes orientacións sempre acompañados dun sorriso; tamén a Constantino Arce e a Elena Andrade polas súas agradables e nobres conversas. Preciso facer unha mención especial ó enriquecemento profesional e persoal que me achegaron as personalidades de Bert Klandermans e Jacquelin Van Stekelenburg durante a miña estancia na *VU University de Amsterdam*, que me permitiron seguir con paixón esta frutífera experiencia; así como o seu grupo de investigación “Social Conflict and Change”, que durante as *Bert lunches’* axudáronme a comprender o verdadeiro sentido da investigación.

Non podo esquecerme dos meus compañeiros cos que me sinto especialmente a gusto ó seu carón: Cristina, Diana, Julio e Javier, sempre dispostos a botar unha man, posibilitando deste xeito que o traballo se faga máis fluído e agradable. Por suposto tampouco podo esquecerme daqueles que fóra do ámbito académico fixeron co seu apoio emocional, e ás veces máis que iso, que este traballo puidese dar os seus froitos, quero agradecer a meu compañeiro Alberto, e á miña familia, Rosa, Andrés e Leixo, por estar aí sempre. E a todos aqueles que aínda non mencionados nestas páxinas saben que sen o seu cariño e afecto, aínda dende a distancia, finalizar esta etapa sería imposible.

Cando a realización dun traballo se acada en presenza de tan boa compañía unha decátase da fortuna que supón estar rodeada de xente tan valiosa. Nestes momentos doume de conta que verdadeiramente sen os demais esta experiencia vital sería impracticable. Grazas a todos.

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN.....	7
II. MARCO TEÓRICO.....	15
1. Aproximación conceptual á mobilización social e a súa incidencia política na actualidade.....	17
1.1. Delimitación conceptual.....	19
1.2. A incidencia da protesta política e o proceso de normalización da protesta.....	23
1.2.1. Difusión dos repertorios de acción fronte ás formas clásicas de protesta.....	25
1.2.2. Cambios nos axentes de acción.....	27
1.2.3. Descenso dos limiares da protesta.....	28
2. A acción colectiva e as perspectivas históricas clásicas.....	31
2.1. As teorías da masa.....	34
2.2. Teorías de orixe marxista.....	35
2.3. A escola de Chicago. O Interaccionismo Simbólico.....	36
2.4. As teorías da Deprivación Relativa.....	38
2.5. A teoría de Mobilización de Recursos.....	40
2.6. As teorías dos Novos Movementos Sociais.....	44
3. Primeiras aproximacións psicosociais: a construción social da protesta e marcos de acción colectiva.....	47
3.1. A Construción Social da Protesta.....	50
3.2. Esquemas interpretativos e Marcos de acción.....	54
3.3. Aliñamento de marcos.....	55
3.4. Teoría dos Marcos de Acción Colectiva: inxustiza, axencia e identidade.....	57
4. Modelos psicosociais actuais.....	63
4.1. Modelo dual de Simon.....	66
4.1.1. Eficacia.....	66
4.1.2. Identidade.....	68
4.2. Modelo dual de Van Zomeren.....	72
4.2.1. A vía da ira: o grupo baseado na emoción.....	74
4.2.2. A vía instrumental: o grupo baseado na eficacia.....	75
4.3. Modelo de Klandermans e Van Stedelenburg: a ideoloxía dentro da acción política colectiva.....	78
4.3.1. Os valores.....	79

5.	Máis alá da instrumentalidade: a obriga moral a participar.....	85
5.1.	Aclaracións conceptuais sobre a obriga moral.....	90
5.2.	Instrumentalidade e racionalidade.....	92
6.	Mobilización social e contexto.....	97
6.1.	Individuo e Contexto.....	100
6.2.	O contexto de mobilización e o contexto político.....	101
III.	ESTUDO EMPÍRICO.....	111
1.	Introdución.....	113
2.	Contexto de mobilización e contexto político.....	114
2.1.	Contexto de mobilización.....	115
2.2.	Contexto político.....	116
3.	Obxectivos e hipóteses.....	119
3.1.	Obxectivos xerais.....	119
3.2.	Hipóteses.....	119
4.	Método.....	120
4.1.	Participantes.....	120
4.2.	Procedemento.....	121
4.3.	Instrumento.....	124
5.	Análise de datos.....	126
5.1.	Análise descritivo.....	126
5.2.	Análise de regresión xerárquica da mostra total.....	129
5.3.	Os efectos do contexto sobre os motivos de participación.....	132
5.4.	Os efectos da interacción do contexto de mobilización e político sobre os motivos de participación.....	139
IV.	CONCLUSIÓN E DISCUSIÓN DE RESULTADOS.....	149
V.	REFERENCIAS.....	165
VI.	ANEXOS.....	183

Abstract

Os movementos sociais son fenómenos que dinamizan as nosas sociedades. Nos últimos anos estamos asistindo ó desenvolvemento de propostas teóricas de grande interese para explicar a protesta política e os movementos sociais. A nosa achega baséase no estudo da influencia de determinados elementos como a obriga moral e o contexto sobre a motivación a participar neste tipo de eventos. A obriga moral refírese á implicación dos individuos en accións de mobilización política como resposta a unha moralidade que se sente ferida ou atacada, desta maneira a incursión na protesta pode darse sen a presenza dunha perspectiva de éxito, e non por iso perderá o seu carácter racional. Por outra banda as variacións contextuais producen os seus efectos no conxunto motivacional dos participantes, no entanto, esta temática estivo esquecida durante as últimas décadas. Poñeremos así mesmo en conxunción estas variables con outras como as socio-cognitivas, instrumentais e de identidade, o que nos permitirá elaborar un modelo teórico integrador e innovador sobre a mobilización social.

I.

INTRODUCCIÓN

1. INTRODUCCIÓN

*“Nunca dubides que un grupo pequeno
de cidadáns pensativos e dispostos poden cambiar o mundo.*

En efecto, é o único que fixeron”.

Margaret Mead

As palabras de Margaret Mead que encabezan estas páxinas conceden un valor importante á acción colectiva ó resaltar o poder dos grupos disconformes e a súa influencia na sociedade. As minorías activas a pesares de non seren entes institucionais e carecer de recursos importantes, posúen poder, tanto político como social, e son quen de exercelo. De feito estes fenómenos marcaron importantes fitos na historia ó desafiar ás autoridades vixentes e ó establecer loitas de poder. De cotío funcionan como axentes de influencia social e penetran na sociedade activando mentes, desafiando as interpretacións dominantes e propoñendo un sentido común alternativo (Sabucedo, Grossi, Fernández, 1998). Isto provoca cambios sociais máis ou menos paulatinos facendo que as nosas sociedades avancen. Só por nomear algúns exemplos, o movemento ecoloxista, feminista ou o movemento gai foron creando modelos sociais alternativos que produciron cambios, non só nas relacións sociais, senón tamén a nivel institucional. Así pois, a busca de influencia política e social segue a ser un obxectivo importante deste tipo de fenómenos, mais non só iso, senón que ademais estanse a converter en potentes vehículos de expresión da cidadanía. A acción colectiva crea espazos de expresión onde os cidadáns unen as súas forzas para facer aclamacións colectivas e deixar ver as súas posturas ante determinados temas.

Palabras de distinta índole posibilitaron a expresión de desexos e aclamacións colectivas ó longo da historia, empregadas como símbolos de diferentes ideas: “Sous

les paves, la plage” (“Debaixo dos adoquíns, a praia”) “Nunca Máis”, “No meu nome non”, “Outro mundo é posible”, “Negociar es claudicar” entre outras. Estes son só algúns dos lemas utilizados por certos movementos sociais para perseguir utopías, denunciar gobernos, aclamar un mundo novo ou expresar principios, valores e ideas diversas. Independentemente do seu éxito ou fracaso, non cabe dúbida de que algunhas destas palabras quedaron inmortalizadas no *consciente* colectivo da cidadanía. De feito algúns deles inspiraron a moitos activistas que, como mostra Margaret Mead, pretendían cambiar o mundo; en efecto non sabemos en que devirían as nosas sociedades sen o exercicio da súa influencia. Tanto é así que o impacto da protesta non produce só cambios a nivel social, senón que estes impactos poden verse traducidos a nivel lexislativo, obrigando ós gobernantes a modificar ou elaborar as leis.

Mais lembremos que as mobilizacións non son sempre de carácter liberal, pretendendo introducir cambios, senón que grupos máis conservadores están a utilizar tamén estas vías de incidencia política, tentando, por exemplo, evitar que eses cambios se produzan. De feito, ó contrario que antano, na actualidade as protestas políticas teñen tintes políticos diversos, estas poden ser de orde progresista ou de cariz máis conservador. Co tempo, os movementos sociais viñéronse conformando como vías de expresións propias da cidadanía, lonxe de ser eido exclusivo dalgúns sectores sociais.

As sociedades de hoxe en día, onde se desenvolven estes movementos, son profundamente dinámicas. O mundo globalizado produce cambios que incita ós movementos a facer novas reivindicacións e buscar outras canles de comunicación como as novas tecnoloxías e internet (Castells, 1996). O uso de internet permite facer fronte a dificultades como a falta de recursos, pero o seu apoio non é só a nivel

loxístico senón que tamén pode asumir funcións como a de sensibilización da opinión pública e a protesta directa (Della Porta e Mosca, 2005). Isto provoca que se produzan alteracións tamén a nivel organizativo, pois unha mobilización social pode nacer de reaccións que emerxen na rede ou a través dunha convocatoria a partires de mensaxes telefónicas.

España é, tal e como mostran recentes estudos europeos (Stoop, Joewell e Mohler, 2002), o país entre 24 países europeos que máis reportou a participación en manifestacións. O 34 % dos españois entrevistados informaron participar neste tipo de protestas. Isto supón que nos últimos anos esta forma de participación política está adoptando un cariz cada vez máis normalizado, mediante un proceso chamado a normalización da protesta, o que supón que a participación neste tipo de eventos sexa cada vez máis accesible. En moitos países a protesta política converteuse nun repertorio comportamental habitual que a cidadanía emprega para demandar cambios políticos e sociais ou expresar a súa indignación.

Como vemos estas prácticas son cada vez máis frecuentes, mais non sempre foron ben toleradas ó longo da historia, nin polas elites gobernantes, nin tampouco polos científicos que consideraron a protesta colectiva como unha forma de comportamento desviado. Dende logo, os esforzos dos nosos antepasados e dos científicos sociais que se desmarcaron das visións pexorativas dominantes, acadaron labrar un camiño alternativo que permitiu que na actualidade este tipo de comportamentos sexa considerado por todos como unha forma común de protesta política.

De feito, actualmente a importancia da súa incidencia na vida política e social fai que este tipo de fenómenos non pasen desapercibidos ante os ollos dos científicos sociais, atraendo a atención de diferentes disciplinas como a socioloxía, a historia, a psicoloxía social ou a antropoloxía. O crecente interese sobre a mobilización social vese

reflectido na emerxencia de estudos sobre este tema nas últimas décadas. Este incipiente empeño por coñecer mellor a complexidade da súa realidade levou a científicos sociais de todo o planeta a realizar estudos de envergadura internacional para poder facer análises comparativas entre países (ESF, 2009). A pesar dos avances acadados nos últimos tempos aínda quedan interrogantes por resolver, como a influencia das variables emocionais e socio-cognitivas sobre os actores da protesta, as implicacións das conviccións éticas e morais, o papel que exerce o contexto sobre as variacións motivacionais dos suxeitos, ou os cambios provocados polas innovacións tecnolóxicas sobre aspectos organizativos e formais das redes de mobilización, por nomear algúns exemplos.

Nós pretendemos abordar o estudo da acción política colectiva tendo en conta as diferentes variables psicolóxicas: cognitivas, motivacionais e emocionais, sen esquecermos das implicacións do contexto socio-político. Klandermans (1992, 2003) sostén que non só as formas estruturais dun país inflúen na protesta política, senón que son tamén as propias percepcións subxectivas, crenzas e emocións fundamentais para o compromiso coa mobilización social. Por iso necesitamos comprender como o individuo percibe e interpreta o contexto onde se encontra. Tentaremos pois, partir dunha visión integradora do mundo dos movementos sociais para desvelar os motivos que conducen á protesta política, especialmente resaltaremos a relevancia que recentemente se lle está a conceder ós valores morais e éticos que emerxen nas novas sociedades e que guían comportamentos. Sen dúbida, considero firmemente que a análise dos diferentes motivos de participación política e das distintas formas de mobilización social permitiranos comprender mellor a nosa historia, as novas sociedades e así mesmo o comportamento do ser humano en xeral.

O presente traballo dividiuse en tres grandes partes. Na primeira parte achegaremos as consideracións teóricas máis relevantes para o estudo da mobilización social que nos servirán de apoio para a presentación das hipóteses posteriores presentadas na parte empírica. No capítulo 1 trataremos de delimitar conceptualmente o termo de mobilización social, estudaremos tamén os cambios que veu sufrindo nos últimos tempos e o nivel de incidencia na sociedade actual. Nos capítulos 2, 3 e 4 reflexionaremos sobre a evolución histórica no estudo desta realidade, realizaremos así un percorrido histórico polas distintas aproximacións teóricas, amosando a súa evolución e partindo sempre da ampla riqueza epistemolóxica existente, para centrarnos finalmente nas posturas psicosociais de maior relevancia na actualidade.

De seguido, ocuparémonos no quinto capítulo dunha nova variable, a obriga moral a participar, e do recente debate sobre a instrumentalidade das accións dos seres humanos, partimos da idea de que se poden emprender accións fóra dun utilitarismo, sen pretensión de acadar vantaxes ou beneficios. Ofreceremos desta maneira a posibilidade de que se dean accións racionais produto dunha obriga moral intrínseca a participar en eventos políticos.

O tema do que se ocupará o último capítulo da primeira parte teórica dedicárase ó contexto na análise da mobilización social. Desta maneira reivindicaremos a necesidade de conectar as implicacións do contexto de mobilización e político cos aspectos motivacionais do individuo, para así dar unha visión ampla e integradora dos movementos sociais.

Na segunda grande sección deste traballo pasarase á presentación do estudo empírico onde se explorarán os obxectivos perseguidos nesta investigación. Ímonos centrar nun movemento social que emerxe a partires dun conflito político, produto do desacordo dunha parte da sociedade española co proceso de negociación do goberno

con ETA. Desta maneira utilizaranse os datos obtidos na concentración da AVT en Madrid para tentar dar resposta ós nosos interrogantes. Neste apartado estudaremos as distintas variables psicosociais, emocionais e contextuais implicadas a partires da aplicación de diferentes técnicas de análise estatística.

No seguinte gran apartado pasaremos a debater as implicacións dos resultados acadados coas concepcións teóricas presentadas no primeiro tramo deste traballo. Destacaremos o papel das variables psicosociais de maior relevancia, prestando especial atención á obriga moral. Ademais estudaremos como as variacións do contexto fan alterar os motivos de participación.

Dende aquí queremos facer un achegamento ó mundo dos movementos sociais coas palabras impresas nesta tese que non veñen sendo máis que o froito da paixón polo universo da protesta política. Nesta ocasión o acercamento será dende unha perspectiva externa a través do estudo académico e científico, e non produto dunha participación activa. Porén, non por abordar o tema dende certa distancia vainos impedir penetrar no mesmo corazón da protesta coa mesma intensidade e anhelos, senón que todo o contrario, cremos firmemente que somerxéndose desta maneira na complexa realidade dos movementos sociais permitiranos unha análise axeitada dos mesmos.

II.

MARCO TEÓRICO

CAPÍTULO 1

APROXIMACIÓN CONCEPTUAL Á MOBILIZACIÓN SOCIAL E A SÚA INCIDENCIA POLÍTICA NA ACTUALIDADE

1. APROXIMACIÓN CONCEPTUAL Á MOBILIZACIÓN SOCIAL E A SÚA INCIDENCIA POLÍTICA NA ACTUALIDADE

1.1. DELIMITACIÓN CONCEPTUAL

Posiblemente todos temos nas nosas mentes unha idea máis ou menos clara do que son os movementos sociais posto que estamos afeitos a eles. A través das diferentes canles de difusión, prensa, televisión e internet chégannos de maneira frecuente imaxes e información sobre estes fenómenos. Deste xeito, podemos pensar en axitadores sociais, manifestacións, protestas de diferentes tipos e por diferentes motivos, violentas ou non violentas. No entanto, parece que non é tan sinxelo achegar unha definición que abrace toda a complexidade que os caracteriza.

Ó introducirmos máis profundamente neste terreo, ímonos atopar cunha serie de dificultades á hora da súa delimitación conceptual. Estas dificultades veñen dadas principalmente pola riqueza de matices que presentan devanditos fenómenos e pola existencia de múltiples perspectivas procedentes de diversas disciplinas dende os que foron abordados. Ó longo dos tempos houbo varios intentos de definir a mobilización social, mais parece non haber un consenso sobre a súa delimitación conceptual que acabe de satisfacer á comunidade de científicos sociais. Agora ben, vai ser grazas a esta discordia e a través de continuos debates conceptuais o que permitiu un maior enriquecemento do que se entende hoxe por mobilización social.

É preciso, ademais, establecer os criterios para diferenciar de maneira axeitada acción ou comportamento colectivo e movemento social, pois aínda que en ocasións véñense utilizando indistintamente hai unha serie de matices que os caracterizan. A característica máis distintiva entre comportamento colectivo e movemento social, reside no carácter máis amplo e inclusivo do primeiro termo. O comportamento

colectivo abrangue unha vasta diversidade de fenómenos referentes ás multitudes, modas, desastres, movementos sociais e revolucións; de tal xeito que dentro de tal categoría atopámonos con fenómenos pasaxeiros e espontáneos como a reacción dos seguidores dun equipo antes ou despois dun partido; ou tamén con fenómenos máis calculados e duradeiros, como os movementos ecoloxistas ou feministas (Javaloy, 2001) .

Debido a esta natureza extensa do comportamento colectivo inclúense accións de cariz moi diferente, con ou sen pretensións políticas, espontáneas ou premeditadas. Os movementos sociais serían, polo tanto, unha forma complexa de acción colectiva, debido a que se trata de esforzos colectivos sostidos no tempo e cunha ampla variedade de repertorio de acción. A concepción de mobilización social entrará, xa que logo, dentro desta categoría da acción colectiva ou comportamento colectivo. Mais nós aquí utilizaremos de forma equivalente ambos conceptos co fin de non crear confusión nas seguintes páxinas; historicamente véñense utilizaron como sinónimos e faría moi complexa unha permanente explicación dos motivos de uso explícito do termo en cada momento.

Ora ben, para delimitar a natureza da mobilización social é preciso ofrecer unha definición máis específica, que consiga abranguer os distintos matices que conforman estes fenómenos e así diferencialos doutras formas de acción colectiva. Neste traballo preferímonos decantarnos pola definición achegada por Tarrow que pola súa sinxeleza e precisión consegue un acercamento bastante axeitado, “os movementos sociais son desafíos colectivos levados a cabo por xente con obxectivos comúns e cunha solidariedade compartida que mantén unha interacción coas elites e as autoridades” (Tarrow, 1994, p.4). Esta definición comprende tres elementos clave que son merecedores dunha atención máis detallada.

En primeiro lugar, fai referencia a que son *desafíos colectivos*. Aquí destaca o valor colectivo dun grupo de persoas que se opón a unhas elites, autoridades ou outros grupos. É de interese salientar esta idea de colectividade, pois supón que existe unha interacción entre os membros do grupo e que dá sentido de unidade, deixando de lado concepcións demasiado individualistas ou estruturais. Pero ó mesmo tempo é preciso que esta colectividade se opoña a un exogrupo que é o adversario. Sabucedo e cols. (1998) defenden que os movementos son axentes de influencia e cambio, xeradores de significado, que tentan desafiar as interpretacións dominantes (adoptadas polo grupo opoñente) sobre distintos aspectos da realidade.

En segundo lugar esta definición amosa que ha de existir unha *solidariedade* entre os membros do grupo que defenden obxectivos comúns. As aclamacións compartidas abren novas cuestións e pretenden producir ou evitar cambios, mais sempre deben estar arraigadas a un sentimento de solidariedade e identificación colectiva.

Por último os movementos sociais requiren que a acción colectiva estea suxeita a unha certa *organización* e unha relativa *continuidade no tempo*. Esta relativa organización suxire un carácter deliberado e premeditado que os distingue de formas máis espontáneas, pero ó mesmo tempo deixan de ser excesivamente formais. Dita organización non parte dunhas estruturas altamente formais ou institucionalizadas, como sería o voto; senón que serían formas de incidencia política non formais ou non institucionais, presentando en ocasións novos repertorios de acción (Fernández, 2004).

Este relativo grao de organización vén acompañado de forma intrínseca dunha continuidade requirida. Diversos autores destacaron este aspecto de acción sostida no tempo. Por exemplo Turner e Killian (1987, p.223) apuntan que un movemento social é

unha colectividade que actúa con algunha continuidade para promover ou resistir un cambio na sociedade da que forma parte. Por outra banda, Tilly (1978) defende que os movementos son unha serie continuada de interaccións entre grupos e adversarios, destacando, así mesmo, este carácter temporal da mobilización. Esta dimensión ademais serviranos de pauta para diferenciar os episodios espontáneos de acción, xa que os movementos sociais son interaccións continuadas fronte a aquelas máis puntuais como poderían ser as revoltas.

A modo de conclusión, podemos dicir que hai un certo acordo na inclusión dos elementos citados, pois vemos que se repiten nas distintas concepcións dos autores. En ocasións poden verse inmersos elementos que non se corresponden ós anteriormente comentados, pero que cremos que se derivan deles. Por exemplo algúns autores caracterizan os movementos sociais como redes de grupos e individuos que forman unha identidade colectiva (Melucci, 1985). Estes termos vemos que están relacionados estreitamente coa visión colectiva e o carácter solidario expostos previamente, elementos que se reforzan así mesmo pola súa continuidade no tempo.

Con todo, cada movemento e cada mobilización en particular pode acentuar en maior ou menor medida ditos aspectos. Algunhas maximizan o desafío, outras o colectivo ou a solidariedade, dependendo das necesidades e das demandas de cada comunidade. Neste sentido, apreciamos como varían os diferentes repertorios de accións que conforman a protesta política e que son empregados en función das necesidades de cada movemento e do propio contexto político e social no que están inmersos.

1.2. A INCIDENCIA DA PROTESTA POLÍTICA E O PROCESO DE NORMALIZACIÓN DA PROTESTA

Para tratar de simplificar esta complexa realidade relacionada co mundo da mobilización social, diversos autores decidiron establecer categorías que englobasen os distintos tipos de protesta: mobilizacións legais ou ilegais, directas ou indirectas, institucionais ou non-institucionais, entre outras. Unha das clasificacións clásicas proporcionada por Marsh e Kaase (1979) é a que distingue entre accións convencionais e non convencionais. Mais os modelos de accións que se inclúen nesta clasificación poden pasar de seren non convencionais a convencionais co paso do tempo e en función da evolución das sociedades. Marsh e Kaase consideran a participación convencional aquela relacionada directa ou indirectamente co proceso electoral e co acto de votar, como a lectura de xornais, as discusións políticas cos amigos, e a participación en mitins políticos e campañas. Mentres que outro tipo de accións, como as manifestacións e os boicots, serían formas de participación non convencional (1979, p.84). Estes autores sosteñen que a protesta sería unha actividade política de natureza non institucional, posto que se dá soamente cando acontecen eventos externos que a incitan. Pola contra, a actividade política dos partidos e o voto suceden de forma regular e predicible, características que lle conceden un carácter convencional.

Os estudos sobre a participación política antes dos anos 60 centraban a súa atención principalmente na conduta de voto. Pero coa efervescencia dos movementos sociais a partires da década dos 60 prodúcese un incremento na investigación sobre a mobilización social, este tipo de eventos pasan de ser escasos e marxinais a adoptar un carácter máis xeneralizado. Meyer e Tarrow (1998) observaron que as accións relacionadas coa mobilización social aumentaron considerablemente nos últimos 30 anos e pregúntanse se isto ocorre porque se tornaron institucionais. Meyer e Tarrow

defenden que esta difusión da protesta non é só unha cuestión dun incremento matemático, senón que dita difusión implica tamén maior participación doutros sectores sociais que non o facían anteriormente. Fernández (2004), do mesmo modo, defende nas súas teses que as manifestacións, xunto coas folgas, son as accións sociais máis utilizadas e coñecidas no século XX para facer presión ou demandas sociais. Isto converte estas formas de acción colectiva na ferramenta social máis aceptada á hora de afrontar desafíos colectivos, sendo estas formas modulares de acción incorporadas na cultura política dos Estados Modernos.

Estes feitos indícanos que os repertorios de acción van sufrindo cambios ó longo da historia e fainos decatarse da importancia do contexto socio-político no estudo da mobilización. Na época en que Marsh e Kaase defendían as súas formulacións, a protesta política pertencía case exclusivamente ós obreiros e ós estudantes. Agás aqueles grupos minoritarios non avantaxados e a comunidade estudiantil, esta non era moi frecuente (1979, p. 58).

Con todo, Klandermans (2003) defende que a participación en movementos sociais converteuse nunha forma común de facer política, e que a clásica distinción de Marsh e Kaase quedaría, xa que logo, obsoleta ó tornárense as prácticas antes consideradas como esporádicas en habituais. Pola súa banda, Sabucedo e Arce (1991) sosteñen que os tipos de implicación política incluídos dentro da categoría non convencional son moi heteroxéneos e que esta clasificación non se corresponde cunha distinción axeitada dos matices da ampla diversidade inmersa na participación política. Estes autores propoñen facer outras distincións, como diferenciar as formas de acción que forman parte do sistema e as que participan fóra destes lindes. Ora ben, esta clasificación estaría sempre suxeita a un continuo cambio, propio da evolución das

sociedades e da capacidade das mesmas de absorber novas formas de actuación social.

De feito hai autores que bebendo de posicións máis estruturalistas defenden que a mobilización social forma xa parte dos engraxes do propio sistema, o que lle permite ter un control sobre a mesma. Como resultado deste dinamismo social as clasificacións que se fagan estarían suxeitas ós caprichos dos sistemas onde se ven envoltas.

Se ben este proceso de normalización, que describe como estas prácticas están a ser normalizadas na actualidade, non se caracteriza unicamente por un aumento da frecuencia da mobilización; senón tamén polos cambios acontecidos nos repertorios de acción e nos actores implicados. Podemos identificar polo tanto unha serie de características que xustifican este proceso, como veremos a continuación.

1.2.1. Difusión dos repertorios de acción fronte ás formas clásicas de protesta

Coa noción de repertorio político asúmese que os cidadáns adquiriren a través da aprendizaxe un conxunto de accións necesario para responder ás demandas políticas e sociais de cada época; accións que ó mostraren a súa incidencia vanse estendendo a diversos sectores da poboación. Algunhas prácticas que en épocas anteriores considerábanse como atípicas e esporádicas poden pasar a ser comúns e habituais co paso do tempo. Por exemplo, moitas formas de acción colectiva convertéronse en actos de presión política propios do cidadán medio, como a sinatura de peticións, as manifestacións ou as folgas; encontrándonos, xa que logo, na actualidade cun amplo e diverso elenco de formas de participación política.

Podemos dicir, polo tanto, que é fácil constatar este feito de que o repertorio de acción é cada vez máis diverso, debido a que ó longo dos tempos foron incorporándose novos modelos de incidencia política. As manifestacións son un reflexo desta evolución, pois orixinalmente consideráronse como unha acción disruptiva que lograba rachar coa rutina dos mitins políticos do século XIX. No século XX son outras as formas de accións innovadoras que se engadiron, como as sentadas, as ocupacións de edificios públicos, e máis recentemente as pintadas en murais, os boicots e as sinaturas de peticións. De feito todas estas accións forman parte cada vez máis da vida política nas nosas sociedades.

O boicot é un modelo de acción relativamente recente que conseguiu incorporarse como práctica habitual nos últimos tempos. Este acontecemento cobra sentido sobre todo nas sociedades post-industriais baseadas nun modelo de excesivo consumo, pois os seus efectos poden provocar graves repercusións económicas. O boicot pasou de ser unha actividade case marxinal a converterse nunha forma de protesta política amplamente estendida. Un estudo europeo (Stoop, Joewell e Mohler, 2002) revela que nos países escandinavos rexístrase unha alta porcentaxe da poboación que se decanta por este modo de incidencia política, superando con creces os niveis de participación noutras prácticas. O 34% da poboación sueca revelou ter utilizado o boicot como forma de protesta, fronte o 7.5% que declarou participar en manifestacións. Resultados semellantes atopáronse en Dinamarca, Noruega e Finlandia. Estes datos indican como algúns países nórdicos presentan preferencias por este tipo de participación política fronte accións que podemos considerar máis visíbeis. España e outros países do sur de Europa, revela este mesmo estudo, seguen preferindo modelos de acción máis clásicos como son as manifestacións e as folgas, xa que estas prácticas parecen estar ben arraigadas dentro da nosa cultura mobilizadora.

1.2.2. Cambios nos axentes de acción

Non só muda, co paso do tempo, o repertorio de acción; senón que tamén os actores implicados. En España fomos testemuñas dun proceso de cambio nos protagonistas da protesta política durante os últimos anos. No noso país normalmente este tipo de accións viñan da man da esquerda inconformista, moi demandante despois de sufrir os anos da ditadura franquista. Non obstante, nos derradeiros tempos coincidindo co mandato socialista de Zapatero deuse un incremento desta actividade naqueles sectores que non estaban habituados a ocupar as rúas. A igrexa católica desenvolveu fortes campañas de mobilización en contra do matrimonio homosexual e do aborto, e grupos da dereita española normalmente menos activos apuntáronse tamén a estas prácticas. A protesta deixa de ser eido exclusivo de traballadores e estudantes e comeza a ser parte de todos aqueles que atopan unha boa razón para utilizala.

Walgrave e Verhulst (2004) defenden que este proceso normalizador só pode ser bo se abrangue a tódolos sectores da sociedade. Doutra maneira estaríanse restrinxindo as posibilidades de participación política a certos segmentos sociais, levando así a unha exclusión democrática. É a propia diversidade a que fai crear vínculos de conexión social e promove a integración. Neste sentido, Walgrave sostén que hoxe en día sectores sociais do máis diverso están a introducirse nas protestas e non só aqueles ós que estábamos afeitos.

Mais esta heteroxeneidade nos axentes pode acontecer de dúas maneiras. Ben distintos grupos da poboación incrementan a participación en pequenas protestas en función dos seus intereses, conformando o potencial de acción diversos grupos homoxéneos, o que se chamaría a *diversidade externa* da protesta. Ou ben un grupo heteroxéneo actúa conxuntamente nun mesmo evento, o que se denominaría a *diversidade interna*. Algúns autores sosteñen que só esta segunda forma conduciría a

unha cohesión social e comportaría un efecto positivo na socialización e na democracia, mentres que a primeira levaría a unha organización máis segregada das sociedades (Putnam, 2000).

Walgrave puntualiza que tal diversidade interna non só depende do tema da protesta, que adoita ser de gran relevancia á hora de congregar a grupos con certa diversidade ideolóxica; por exemplo, en protestas na defensa da paz mundial suponse que habería unha grande diversidade de actores implicados. Podemos comprobar que outras cuestións como o contexto socio-político tamén poderían afectar a tal diversidade. Por exemplo o signo do partido do poder tamén determinaría en certa medida os sectores sociais máis activos (Klandermans, 2009). Cando goberna a dereita a esquerda móstrase máis activa e pola contra cando goberna a esquerda é a dereita. Dalgunha maneira a alternancia do poder condiciona os actores da protesta en cada ciclo político.

1.2.3. Descenso dos limiares para a protesta

Ademais da heteroxeneidade dos actores, Walgrave (2004) sostén que a normalización da protesta dáse grazas a que están a diminuír os limiares para desencadeala, o que quere dicir, que cada vez é máis doado optar por esta vía de acción política. Nas sociedades democráticas occidentais a mobilización social vense facendo cada vez máis común; e como vemos, converteuse nun mecanismo de presión política que se atopa en progresivo aumento e abrangue a sectores cada vez máis diversos.

Sabucedo e Arce (1991) argumentan que o mundo político tornouse co tempo máis familiar, o que implica un incremento nos niveis de auto-confianza política. Por outra

banda, Klandermans (2003) sinala que a acción colectiva pode ser sorprendentemente efectiva, sinalando que aproximadamente un terzo das mesmas o son. Esta *alta* efectividade podería funcionar como incentivo para promover accións de corte similar no futuro. Ademais disto, o fenómeno de popularización da protesta vén acompañado da idea de que estas accións son un síntoma de saúde democrática, posto que revitalizarían o seu funcionamento (Martínez, 2000; Walgrave, 2004).

En definitiva, cómpre indicar que hoxe en día non sería acertado seguir incluíndo a protesta política dentro da categoría non convencional de participación política, pois habería que cuestionar a idoneidade desta diferenciación. As razón polas que isto non sería axeitado residen en que as características que sinalaban Barnes e Kaase para delimitar as accións convencionais, frecuencia e predicibilidade, forman xa parte da propia natureza da mobilización social. Como vimos, un descenso dos limiares da protesta fai que cada vez máis sectores sociais do máis diverso utilicen esta vía como forma de incidencia política, o que fortalece a idea de que favorecen o funcionamento do sistema democrático. Alén destas características, que normalizan a situación da protesta, hai autores que consideran que a mobilización social non acontece de forma espontánea, senón que adoitan ser froito dunha organización, coordinación e formulación previas (Polleta, 1998).

CAPÍTULO 2

A ACCIÓN COLECTIVA E AS PERSPECTIVAS HISTÓRICAS CLÁSICAS

2. A ACCIÓN COLECTIVA E AS PERSPECTIVAS HISTÓRICAS CLÁSICAS

Neste apartado imos facer un breve percorrido histórico daquelas aproximacións teóricas máis significativas e que exerceron unha maior influencia no estudo da acción colectiva. Non é o noso propósito aquí facer un tratado sobre as teorías que tentaron buscar explicacións a esta problemática, pois o que nos interesa é unicamente presentar unha visión global para ter un referente histórico que nos axude a comprender tanto o estado actual no que se encontra a investigación social sobre ditos fenómenos, como a natureza dos mesmos. Esta andaina polas distintas aproximacións teóricas desenvoltas ó longo dos tempos servíranos como preludeo para introducirmos posteriormente no campo da construción social da protesta e dos marcos de acción colectiva que conformarán as principais fontes de influencia deste traballo.

As correntes teóricas van parellas ó momento histórico onde se producen, é importante por iso ter en conta o contexto no que se desenvolveron e non interpretalas nun escenario vacuo de contido socio-político. Como vimos, os movementos sociais son fenómenos propios da sociedade moderna que comezan a xurdir a finais do século XVIII e comezos do XIX, derivados de cambios socio-políticos como a Revolución Francesa e a Revolución Industrial. Un pouco máis tarde entra o século XX cun revulsivo protagonizado pola loita obreira e os movementos de principios de século que fai que estes movementos se establezan na cultura mobilizadora dos países occidentais cunha certa consistencia.

Xa no século XX, sobre os anos 60, comeza a aparecer tanto en Europa como en EEUU un repertorio de acción novo e máis xeral (barricadas, peticións públicas, boicots, manifestacións...) que vai estar asociado ás novas transformacións sociais, como as promulgadas pola loita estudantil, a loita polos dereitos civís, a loita feminista e a ecoloxista por nomear algúns exemplos. A diferenza fundamental coas anteriores

formas de protesta reside en que este repertorio pode ser usado por unha variedade de actores sociais en nome de distintas esixencias. Universalízanse, xa que logo, as ferramentas de actuación, dando froito desta maneira a unha forma máis organizada de acción que conformará o que actualmente se coñece como a mobilización social. Como consecuencia, na actualidade a mobilización concíbese como unha forma común de facer política. É indiscutible o feito de que ven funcionando como recurso habitual de protesta para aqueles grupos máis descontentos e insatisfeitos. De aí que, este tipo de eventos, soen ser ben aceptados pola comunidade social, agás cando se acollen prácticas violentas ou controvertidas. Con todo, estas formas de protesta non foron sempre ben toleradas pola sociedade, nin tampouco polos científicos sociais que se dedicaban a estudala, tal como veremos a continuación.

2.1. AS TEORÍAS DA MASA

Un claro exemplo deste tipo de posturas é a tese de Le Bon que consideraba estas accións como unha desviación do comportamento, pois para el eran propias dunha conduta de tipo patolóxico que a través do contaxio emocional implicaba a multitude no devir das masas.

Na súa obra máis célebre “A psicoloxía das masas” (1893), o tratamento que fai sobre o funcionamento das mesmas parte dunha visión totalmente negativa. Os grupos de acción social son considerados como unha masa ou multitude onde nada bo pode acontecer neles. Estas masas son presentadas como figuras altamente suxestionables e faltas de toda racionalidade. Son elementos perturbadores onde os individuos perden a súa capacidade de raciocinio, adoptando unha mente grupal primitiva, caracterizada por ser irracional, emotiva e xeralmente destrutiva: “nas almas colectivas

bórranse as aptitudes xerais dos homes, e en consecuencia, a súa individualidade" (1983, p.31).

Le Bon é amplamente recoñecido como o fundador do estudo do comportamento colectivo, a pesares de ser o responsable dunha visión que ía predominar na psicoloxía social que tende a manter que os grupos son un perigo para os individuos. Moscovici (citado en Javaloy, 2001) considerou, aínda non comulgando coas súas ideas, que a obra de Le Bon axudou a comprender a historia do século XX. Esta obra, porén, non deixa de recibir críticas dende os especialistas deste campo pola súa falta de rigorosidade científica e pola presenza dun imperante nesgo de ideoloxía reaccionaria. Tamén se lle acusa de prescindir por completo dos factores sociais e políticos que inflúen no comportamento individual.

Mais as herdanzas que deixou Le Bon van máis alá do ámbito académico, posto que se veu reflectida tamén no campo social, creando estereotipos falsos sobre a suxestionabilidade da multitude, e o seu carácter destrutivo, irracional e emotivo. Esta tendencia conservadora das teorías do contaxio, logrou introducirse nas crenzas das sociedades, cuxas trazas nótanse aínda hoxe en día (Javaloy, 2001). Aquí vemos como o nesgo ideolóxico pode condicionar as interpretacións que se fagan dos acontecementos.

2.2. TEORÍAS DE ORIXE MARXISTA

Desta maneira non é de estrañar que as primeiras teorías de oposición veñan da influencia do marxismo, poñendo énfase na racionalidade das masas dos traballadores que loitaron a finais do século XIX. Os manifestos marxistas consideraban a loita de clases como o motor da historia, predicando que as persoas sumaríanse

automaticamente ás accións colectivas cando a clase social á que pertencían entrase en contradición cos seus antagonistas.

Este enfoque ten as súas raíces nas filosofías dos librepensadores da Ilustración, Locke, Rousseau e Montesquie, que consideraban as masas como a expresión da vontade do pobo; posturas das que Marx se faría eco posteriormente. Dende estas formulacións os autores defenden as masas como dinamizadores das sociedades. Voltaire, por exemplo, sostíña que era normal que os individuos con menos poder se agrupasen para incidir no sistema político e na sociedade, e Elias Canetti na súa obra “Masa e poder” (1960) refírese á “sensatez das masas e á tolería do poder” (Javaloy, 2001). Así e todo, até o primeiro terzo do século XX cando os referentes teóricos se desprazan de Europa a EEUU as teses de Le Bon foron as predominantes na explicación da conduta colectiva.

2.3. A ESCOLA DE CHICAGO. O INTERACCIONISMO SIMBÓLICO.

A aparición da Escola de Chicago ó redor dos anos trinta nos EEUU (Blumer, 1951; Park, 1921), denominada en ocasións Escola Ecolóxica, vai a supor unha ruptura coas concepcións pexorativas dos movementos sociais e vai a propor unha nova liña de estudo máis estable, a pesares das influencias aínda notables das tese de Le Bon. Para esta Escola os grupos e a sociedade constitúense sobre as bases de interaccións simbólicas dos individuos, baseándose na comunicación como proceso social por antonomasia. De tal maneira que o suxeito comeza a adoptar un rol máis activo, tomándose central a definición dos problemas colectivos polos grupos máis desvantaxados.

Dentro deste marco vanse comezar a investigar os procesos cognitivos e psicosociais mediante os cales os actores colectivos formulan novas bases para a acción. A importancia da Escola de Chicago non reside só na ruptura que supón coas anteriores teorías das masas, senón que tamén supuxo un cambio de perspectiva no estudo da mobilización social abordándoa dende un plano psicosocial, debido ó recoñecemento que dende esta corrente se lle outorga ó suxeito como parte activa da comunidade.

Nesta Escola comézase a falar dun punto de vista interacionista onde se concibe a acción social como a reacción a situacións indefinidas ou desestruturadas e resultado das relacións do suxeito co entorno. Os movementos sociais vanse ver como produto dun desequilibrio social onde os individuos se ven obrigados a buscar novos patróns de organización social (Blumer, 1951). Cando as organizacións estables se amosan insuficientes para arranxar os problemas da comunidade van a ser os esforzos colectivos non institucionais os que van a reconstruír esta ruptura social.

Turner e Killian nun interacionismo simbólico posterior (1957) desenvolven as teses de Blumer. Parten de que o comportamento colectivo acontece cando a orde social establecida entra en crise, de tal xeito que grazas á comunicación e á interacción dos individuos van emerxer normas de creación espontánea distintas das normas convencionais polas que se van rexer os suxeitos. Esta norma emerxente define os significados e dirixe a acción. No caso da mobilización social a definición compartida asume un sentido de inxustiza.

Dentro das limitacións deste enfoque atopámonos con que esta concepción do comportamento colectivo sitúa este tipo de condutas fóra dos patrón culturais normais. Con todo, non deberiamos encadralas dentro de categorías de comportamento anómalo, senón como parte da vida social e da vida cotiá. Outra das limitacións destacadas desta corrente é a inclusión da mobilización social dentro da ampla

categoría do comportamento colectivo. Esta concepción ó ser tan xeral non permite analizar as diferenzas e os matices de tan diversos fenómenos como o pánico, as modas, o público e os movementos sociais.

2.4. TEORÍAS DA DEPRIVACIÓN RELATIVA

Estas teorías tentaban desvelar a relación entre as condicións sociais, as percepcións que teñen as persoas desas condicións e as condutas resultantes. Parten da idea de que cando as persoas perciben grandes diferenzas entre o que teñen e o que deberían ter séntense frustradas, e como consecuencia canalizarían esta frustración a través da acción social (Ruciman, 1966). O descontento viría, polo tanto, da avaliación que as persoas fan da situación do seu grupo en relación ós seus grupos de referencia; cando consideran que teñen menos do que esperan, aparece o descontento.

O máis interesante destas teorías é que incorporan dous conceptos que van ser esenciais nos estudos posteriores sobre a acción colectiva, a idea de expectativa, que vén da comparación do que un percibe que ten e o que debería ter, creando así expectativas sobre a situación idónea ou xusta. E a outra idea que vai resultar fundamental provén do que se denominou *privación relativa fraternal* (Rucinman, 1966), que se distingue da *privación relativa persoal*. As referencias para facer tales comparacións non serían tomadas, polo tanto, a nivel individual senón que se darían a nivel grupal. Isto é, a percepción das discrepancias daríanse entre a percepción dos logros do propio grupo (o endogrupo) comparados cos logros dos outros grupos sociais (o exogrupo). A privación relativa persoal iría asociada a repostas individuais, mentres que a fraternal produciría respostas colectivas. Tales ideas retomaríanse posteriormente por teorías explicativas da acción colectiva de grande influencia.

O problema desta formulación reside nunha excesiva psicoloxización da acción colectiva e dos seus participantes; pero o seu énfase en que a frustración e o malestar non respondían a situacións obxectivas de privación senón ás percepcións é un avance interesante, posto que parte de construcións subxectivas.

En definitiva, a modo de conclusión podemos dicir que este conxunto de aproximacións clásicas presentan algúns problemas á hora de interpretar a mobilización social. Tenden a describir este tipo de fenómenos como actuacións espontáneas, irracionais, reaccións ante inxustizas percibidas, descontento e anomia; onde os activistas son considerados como xente frustrada e descontenta impulsada a actuar por crises sociais.

Con todo, nos anos 70 prodúcese un xiro nas interpretacións sobre a mobilización social, deixando atrás as concepcións pexorativas da protesta colectiva que consideraban os seus actores como entes desprovistos de razón e que en ocasións adoptaron puntos de vista demasiado individualistas. Van ser especialmente dúas aproximacións diferentes que achegaron interpretacións ben distintas ás anteriores, reivindicando a racionalidade dos actores e a idoneidade das súas accións. Unha nace nos EEUU, a teoría de mobilización de recursos, que emerxe nun país abraído polas novas protestas pacifistas, a loita estudantil e feminista que se estendían polo país. Por outra banda nace a teoría dos novos movementos sociais en Europa, que está a vivir tempos tamén convulsos, caracterizados polas revoltas de París, Berlín e Praga cuxas consignas axiña lograron contaxiar a países veciños. Dentro deste fervedoiro de accións esta aproximación vai funcionar como contrapunto á corrente norteamericana defendendo un novo estilo de acción colectiva.

2.5. A TEORÍA DE MOBILIZACIÓN DE RECURSOS

Esta nova corrente nace nos EEUU a partires dos estudos de psicoloxía económica de Olson (1965), cuxo traballo “Logic of Collective Action“ tivo un grande impacto. Esta obra formula un modelo de home chamado *homo economicus*, onde se concibe o individuo como un ente calculador e racional, e que se move polos seus propios intereses co obxectivo de maximizar os beneficios. A decisión de participar nunha acción colectiva sería, polo tanto, froito dun proceso onde se ponderan custos e beneficios. Dende esta perspectiva reivindicase a racionalidade do actor, actuando como unha clara reacción en contra das teses de Le Bon sobre a suposta irracionalidade do comportamento colectivo. Esta formulación vai funcionar como fonte de inspiración para os analistas da mobilización de recursos que tomarán esta tese da acción racional como base para as súas propostas.

Este novo paradigma opúñase ademais ás teorías precedentes de privación relativa, pois sostíña que as inxustizas son un elemento constante en calquera sociedade, polo que as argumentacións explicativas non deberían residir neste aspecto, senón nas posibilidades e recursos que dispoñen os grupos para a mobilización (Sabucedo, 1996). De tal maneira que se resta importancia ós aspectos psicolóxicos resaltados polas teorías clásicas, como o descontento, o sentimento de inxustiza e a privación relativa e destácanse as variables obxectivas tales como a organización, os recursos, as oportunidades e as estratexias (McAdam, McCarthy, e Zald, 1996/1999; Oberschall, 1973). A idea de recurso abarca tanto elementos materiais (traballo, ingresos, bens materiais, servizos) como non materiais (autoridade, liderado, amizades). Á marxe destas características máis estruturais e organizacionais, este enfoque fai fincapé na toma de decisións individual como froito dun proceso racional. Trátase, xa que logo, de resaltar o carácter distintivo da acción política como acción calculada e planeada, alén

das formas máis espontáneas do comportamento colectivo. Vai ser a expectativa de acadar un proveito particular o que vai a motivar ás persoas a comprometerse politicamente e a tomar parte na protesta. Isto é, os actores sociais moveranse pola consecución de bens materiais ou colectivos.

Dentro do amplo campo da mobilización de recursos atopámonos con diferentes aproximacións, que, se ben proceden dunha mesma base, van presentar unha serie de diferenzas. McCarthy e Zald (1996, 1999) centraron os seus esforzos na análise da capacidade organizativa, propondo un modelo de organización empresarial dos movementos. Estes autores expresaron o seu interese polo carácter estrutural dos movementos, dando lugar ó termo *estrutura de oportunidade política*. Tarrow (1999) define este elemento da seguinte maneira, “cando se fala de oportunidade política faise referencia a sinais continuos -aínda que non necesariamente permanentes, formais ou a nivel nacional- percibidos polos axentes sociais ou políticos que animan ou desaniman a utilizar os recursos cos que contan para crear movementos sociais” (p.89). De tal maneira que non só hai que ter en conta as estruturas formais para a formación da oportunidade política senón que tamén aquelas informais. Os movementos, xa que logo, actuarán aproveitándose das ocasións que ofrecen os sistemas para funcionar de forma eficaz.

Este concepto fai resaltar a importancia que reviste o sistema político á hora de falar de oportunidades para a acción colectiva. As accións sociais non se dan nun escampado contextual, senón que acontecen dentro dun determinado contexto socio-político. É dicir, as condicións socio-políticas e estruturais facilitan a emerxencia destes acontecementos. A represión policial ou a maneira da policía de manexar os actos de protesta e as redes sociais ligadas ós movementos serían algúns exemplos de variables de incidencia para a mobilización. Segundo estas posturas algúns movementos son máis aceptados polas institucións que outros, as elites estatais

distan de comportarse con neutralidade fronte ós axentes sociais e ós movementos, como foi no caso do movemento anti_alcol no século XIX, ou a aceptación dos movementos compostos por traballadores católicos nos estados europeos nos primeiros anos do século XX. Por tanto van ser as propias estruturas dos estados, das súas institucións, asociacións internas e políticas as que van a propiciar o desencadeamento dos movementos.

Cando se aplican as formulacións da mobilización de recursos ó terreo político xorde o que se coñece como o modelo de proceso político. McAdams, Gamson, Tilly (1978) e Tarrow (1994) interesáronse sobre todo polos procesos políticos e subliñaron a importancia dos conflitos e as relacións entre o movemento e as autoridades. De tal maneira que os esforzos destas posturas van ir dirixidos a estudar os aspectos externos e os cambios no ambiente político e institucional dos movementos. Hai dúas ideas centrais nesta aproximación teórica, a primeira reside en que un movemento social é máis político que psicolóxico; e a segunda en que os movementos representan procesos continuos máis que discretas series de estados (McAdam, 1982).

De tódolos xeitos todas estas posicións teñen en común a visión de que os conflitos colectivos son formas de loita e de control dos recursos. Os movementos sociais van a xurdir non como froito do descontento ou da inxustiza, senón como produto dos cambios estruturais que se producen a longo prazo nas sociedades. A análise que se faga dos custos e beneficios das accións condicionará a decisión dos individuos. Deste xeito a expectativa de que unha determinada acción se realizará con éxito vai ser un elemento esencial á hora da implicación individual dentro da mobilización, só se os axentes sociais esperan producir cambios se inmiscirán na protesta política. O sentido de eficacia tórnase, xa que logo nun elemento fundamental.

Como reflexión final é preciso sinalar que estas posturas supuxeron un importante avance á hora de despoxarse do peso negativo que dende Le Bon carrexaban as distintas concepcións dos movementos sociais, permitindo así a aparición de ópticas innovadoras. Mais a pesares de conseguires desfacerse desta visión negativa da masa irracional non se escapan de críticas realizadas dende diferentes fronteas. Por un lado, considerouse que estas teorías estaban demasiado centradas nos recursos organizativos, esquecendo os elementos colectivos e socio-políticos, como as demandas, as ideas e as ideoloxías que imprimen carácter ao movemento. Foron vistas, así mesmo, como un freo con respecto á utilización de variables de tipo emocional, identitario ou moral ó dedicarse exclusivamente a aquelas de carácter instrumental.

Por outro lado tamén se lles acusou de ser modelos excesivamente mecanicistas, utilitaristas e racionalistas (Turain, 1985), e de centrarse só no cómo e non ocuparse do porqué da aparición dos movementos (Melucci, 1985). Respondendo ó argumento utilizado sobre a constancia das inxustizas Sabucedo expón que “o importante non é o feito de que existan inxustizas, senón que os suxeitos as perciban como tales” (Sabucedo 1990, p.116). Deste xeito deféndese que os feitos sociais non teñen sentido fóra dun determinado marco interpretativo, posto que incluso os incentivos e as expectativas de éxito necesariamente implican unha interpretación. Esta argumentación relativa á necesaria subxectividade da acción percibida vai cobrar grande importancia nas correntes posteriores da construción social da protesta, onde se retomarán posturas do interaccionismo simbólico e se postulará a necesidade dun significado compartido.

Como vimos, este enfoque supuxo unha ruptura definitiva coa visión negativa que existía da mobilización social, o que implicou un salto significativo na concepción da

multitude ó tratala como racional. Pero, por outra banda, trouxo consecuencias tales como a de desestimar variables de crucial importancia na protesta política.

2.6. A TEORÍA DOS NOVOS MOVEMENTOS SOCIAIS

Mentres nos EEUU triunfaba o enfoque da Mobilización de Recursos en Europa xurdiu un pouco máis tarde, nos anos 80, o enfoque dos Novos Movementos Sociais, o cal vai partir de supostos completamente diferentes ós dos seus colegas norteamericanos. Os defensores desta aproximación van dirixir o punto de mira aos novos movementos que emerxen a finais dos anos 60 e se desenvolven na década dos setenta, como o pacifismo, o ecoloxismo e o feminismo. Esta aproximación teórica defende que se produciu un cambio cualitativo, tanto nos fins perseguidos polos movementos como na base social que os sustenta, así como as formas e estilos da acción colectiva.

O xurdimento e o funcionamento destes novos movementos contrastaban coas características propias do movemento obreiro e a protesta proletaria que tiñan caracterizado a mobilización social en épocas anteriores. A novidade vaise a dar en diferentes ámbitos, nos obxectivos, nos actores, no estilo e nas formas de organización. Ideoloxicamente os novos movementos defendían un novo paradigma social, os axentes de acción xa non eran os obreiros, senón xente da clase media acomodada e mesmo proveniente doutros sectores da poboación, como funcionarios, estudantes ou agricultores. En canto á organización, fronte ás estruturas tradicionais ríxidas e centralizadas, a estrutura organizativa dos novos movementos vai ser máis aberta e participativa.

Os analistas europeos consideraban que nestes movementos había novos elementos de acción política e social, ben diferenciados das mobilizacións obreiras de principios

do século XX. De aí xurde a necesidade de cambiar o punto de análise da acción colectiva. Así que estes autores vanse centrar nos conflitos propios da sociedade post-industrial e na relación dos individuos fronte a estes novos conflitos (a reafirmación da propia identidade ou o espertar de novas aspiracións e valores).

As revoltas estudiantís, que teñen como símbolo o maio francés do 68, presentaban características ben distintas ao movemento proletario, posto que non estaban organizadas por unha clase social determinada, os fins eran novos e as formas de organización e acción non tiñan fins claros.

As contradicións sociais que denunciaban os novos movementos non se debían xa a conflitos económicos, senón a problemas de tipo cultural. Ó contrario que ocorría coa Teoría de Mobilización de Recursos, dende esta teoría faise especial fincapé na existencia de agravios e inxustizas para xustificar a implicación dos suxeitos nas accións colectivas (Sabucedo, 1996).

Melucci (1989) vai sinalar a importancia da construción dunha identidade colectiva que sexa capaz de vincular solidariamente ás persoas, grupos e organizacións de tal modo que os individuos estean dispostos a actuar nas mesmas accións colectivas. Para este autor, con este proceso de construción da identidade créanse códigos culturais alternativos cos que redefinir e interpretar a complexa realidade social.

Para concluír, o enfoque dos Novos Movementos Sociais vai supor a superación de moitas das limitacións dos modelos psicoloxicistas anteriores, xa que sitúa o centro da análise nas interaccións a nivel social. Mais, como é de supoñer, non está exenta de críticas. As principais eivas destas teorías baséanse no excesivo énfase que puxeron nos aspectos estruturais dos conflitos, xa que sinalaban unicamente as características diferenciais da nova era dos movementos, sen facer unha análise máis profunda sobre

os actores ou a constitución dos movementos. Tamén se criticou dende a outra beira do atlántico que eses cambios non foron tan radicais como nos fan ver os seus defensores, que non hai nada novo neles, pois son a manifestación dun ciclo de protestas máis amplo e non consecuencia dos cambios estruturais do sistema capitalista.

Estas teorías centráronse demasiado no *porqué* pero pouco no *cómo*, obviaron temas como a organización, as formas de recrutamento de activistas e as formas de actuación, centrando os seus esforzos practicamente en desvelar as tensións estruturais que provocaron a irrupción dos novos movementos.

Para superar a controversia entre as dúas fronteas, a europea e a norteamericana, buscou un achegamento de ambas aproximacións e así solucionar os problemas que cada unha delas carrexaba. Abriuse entón un diálogo entre os defensores das dúas posicións o que supuxo un contacto entre ambas posturas. Isto levou á aparición de novas explicacións alternativas ás aproximacións anteriores. Pero estas tentativas de converxencia resultaron non ser suficientes para superar as deficiencias que cada unha delas achegaba, o que levou ao xurdimento de novas tendencias que superase enfoques excesivamente psicolóxicos ou sociolóxicos.

CAPÍTULO 3

PRIMEIRAS APROXIMACIÓNS PSICOSOCIAIS: A CONSTRUCCIÓN SOCIAL DA PROTESTA E MARCOS DE ACCIÓN COLECTIVA

3. PRIMEIRAS APROXIMACIÓNS PSICOSOCIAIS: A CONSTRUCCIÓN SOCIAL DA PROTESTA E MARCOS DE ACCIÓN COLECTIVA

Nos anos 80 comezan a producirse reaccións contra o predominio na década anterior da teoría de mobilización de recursos, e consecuentemente contra a exclusión de factores subxectivos e simbólicos na construción da realidade. Por outra banda as aproximacións europeas dos novos movementos sociais estaban demasiado ocupadas en desvelar os cambios culturais e a incidencia social dos movementos.

A pesares do recoñecemento do valor destas novas achegas dende unha postura construcionista destácase a importancia daqueles elementos omitidos e deféndese un estudo interactivo entre individuo e sociedade, fóra dos lindes exclusivamente sociolóxico ou psicolóxico. Dende este enfoque psicosocial considérase que os individuos baixo condicións estruturais similares toman respostas de mobilización distintas, posto que unha posición común non prevé que se produzan comportamentos idénticos.

Os análises mencionados previamente obviaron temas como a construción de significados, o proceso de interpretación e concienciación ou a comunicación persuasiva. De tal xeito que científicos sociais dedicados ó estudo da mobilización con formación psicolóxica comezan a reivindicar aspectos esquecidos e outros innovadores como o significado compartido, os marcos interpretativos, a identidade colectiva, as cognicións, as emocións e os discurso; achegando explicacións dende ópticas distintas ás precedentes. Non se trata de obviar a estrutura social e política ou os factores históricos e culturais; senón de centrarse nas formas en que os individuos perciban, interpreten, e signifiquen a historia, a cultura e a estrutura socio-política.

De tal modo que van a xurdir diversos enfoques que parten dende un punto de vista común, a interacción entre individuo e sociedade. Temos polo tanto a teoría da construción social da protesta (Klandermans, 1992), a teoría dos marcos de acción colectiva de Gamson (1992), e a teoría de aliñamento de marcos de Snow (1986) que van producir un xiro psicosocial na maneira de entender a protesta política. Dende estas posturas reivindicase tanto a necesidade de introducir as variables psicolóxicas dos individuos na participación política como dos condicionantes históricos e contextuais. Ademais retómanse temas clásicos do enfoque psicosocial do comportamento colectivo, como a ideoloxía e o sentido de inxustiza para asocialos coas tendencias recentes da psicoloxía social cognitiva, como os valores, as crenzas ou os marcos cognitivos.

3.1. A CONSTRUCCIÓN SOCIAL DA PROTESTA

Para Klandermans os dous modelos estudados anteriormente, o modelo de mobilización de recursos e o enfoque dos novos movementos sociais presentaban un problema fundamental, aínda combinados non teñen capacidade para explicar que fai que as persoas definan a situación de xeito que a participación nun movemento social pareza a opción máis acertada. En ámbalas dúas obsérvase unha tendencia a establecer lazos entre as circunstancias obxectivas e os comportamentos individuais, mais non se ten en conta a relevancia dos procesos que interveñen na definición e interpretación da propia situación (Rodríguez, 1992).

Tendo en conta esta eiva, Klandermans e cols. (1992) elaboran unha nova teoría que salienta a importancia da atribución de significados e a interpretación que facemos da realidade en que vivimos para motivar a acción social. Este novo marco teórico encádrase dentro da corrente denominada a Construción Social da Protesta. Isto é, vai

existir un problema nunha comunidade na medida en que é definido como tal polos propios membros, se non se identifica o problema, este non vai formar parte da súa realidade. Ou dito doutra maneira, como sinala Sabucedo “as accións de protesta responden a un proceso de definicións colectivas e non a unha realidade externa e obxectiva” (Sabucedo 1996, p. 118). A diferenza destas interpretacións coas posturas clásicas de privación relativa fraternal reside na idea de que, dende o construcionismo social, recoñécense as cognicións e emocións que desencadean a protesta como aspectos naturais da vida cotiá e non como patolóxicos.

Non será entón a situación obxectiva na que se atopa un grupo o que o leva á acción, pois un problema social non xera un movemento social senón é formulado como tal (Klandermans, 1992). Mentres uns individuos séntense avergoñados debido ás condicións sociais que sofren, outros séntense ofendidos, outros enfadados e outros mesmo poden sentir medo ou orgullo. Por iso para desvelar as razóns de tales diferenzas individuais en situacións socio-estruturais similares tómase man de conceptos como a construción de significados, identidade, emocións e motivacións. Faremos a continuación unha breve descrición destes elementos que se tornan relevantes nesta teoría psicosocial.

A construción de significados fai referencia ás cognicións e polo tanto ó coñecemento que a xente ten das súas condicións como grupo, isto é, desenvólvese un proceso de atribución de significados a unha realidade. Obviamente as cognicións non son fixas, senón que están suxeitas a cambios e son susceptibles á construción de novos significados que en marcos de mobilización adoitan desafiar ás estruturas de significado xa existentes (Snow e Oliver 1993, p. 586).

O concepto de *identidade* provén das teorías de identidade social de Tajfel e Turner (1986). Tajfel (1978, 1982) considera que a identidade “é unha parte do autoconcepto

que deriva do propio coñecemento de pertenza a un grupo social xunto co valor emocional e de significado ligado a tal pertenza ó grupo". Debido a que a acción colectiva é un fenómeno colectivo e non individual, a referencia do grupo para o suxeito vai ser fundamental. Cando unha identidade vese ameazada ademais de pasar dunha percepción individual a unha grupal, do que "eu quero" ó que "nós queremos" axuda a clarificar ó grupo adversario responsable da situación inxusta, que serían "os outros" (Sabucedo, 2001). O individuo desenvolve, xa que logo, sentimentos de cohesión e solidariedade con respecto ós demais membros do grupo.

En canto ás *emocións* foron relegadas ó esquecemento durante moito tempo no panorama do estudo da acción colectiva. Un dos primeiros autores en incorporar o impacto das emocións na protesta política foi Gamson (1992) cando introduce a ira como elemento emocional froito de percibir a situación como inxusta. Para Goodwin, Jasper e Polleta (2000) as emocións son construídas socialmente, e aquelas politicamente relevantes o están aínda máis. Deste xeito os activistas van dirixir os seus esforzos para producir rabia e ira na poboación, posto que a ira é a emoción mobilizadora por excelencia. Como vemos os marcos interpretativos non só exercen influencia a nivel cognitivo senón que tamén a nivel emocional. Van Stekelenburg (2006) atribúe ás emocións un poder amplificador ou acelerador. Isto é, os aceleradores fan que algo se mova máis rápido e os amplificadores que sexa máis forte, de tal maneira que as emocións intensifican os motivos que empuxan ós suxeitos a saír á rúa.

Un dos elementos clave nesta teoría fai referencia á *motivación* dos suxeitos a participar, posto que vai ser determinante para que finalmente o individuo se implique ou non na protesta. É necesario que se de un nivel de motivación suficiente para que se desencadee a acción, os suxeitos poden ser coñecedores da mobilización, e

mesmo simpatizar cos seus fins, pero se non se atopan motivados non tomarán as rúas. Os axentes sociais necesitan niveis motivacionais axeitados para dirixir as súas enerxías cara unha acción. Os elementos que vimos anteriormente son os motivos que animan ós suxeitos á participación e polo tanto funcionarían como incentivadores da motivación.

Klandermans sinala ademais varios pasos previos necesarios para que xermine unha protesta política e fundamentalmente distingue dúas etapas clave: a mobilización para o consenso e a mobilización para a acción. A *mobilización para o consenso* fai referencia ó proceso de comunicación persuasiva levado a cabo pola organización do movemento, neste sentido se tentan acercar posturas coa cidadanía e influenciar a opinión pública facendo fronte ós argumentos dos opoñentes, destes discursos se desprenderían as interpretacións que actuarían como axente mobilizador. Un proceso de concienciación se realizaría a través do discurso para convencer simpatizantes e tornalos en potenciais activistas. As campañas de mobilización teñen como obxectivo persuadir as audiencias sobre a veracidade das súas propostas e a inxustiza da situación. O éxito da mobilización para o consenso daríase cando se acada a segunda etapa, a de mobilización para a acción, onde os suxeitos xa están convencidos da necesidade de emendar unha problemática social e só é preciso que estean o suficientemente motivados para acudir ó acto de protesta. A segunda etapa, a *mobilización para a acción* é unha etapa esencial pois nunca se mobiliza a totalidade de simpatizantes dun movemento, é preciso que se dean unhas determinadas condicións relativas tanto á propia organización como ás variables internas de tipo motivacional. Pode darse que suxeitos aínda sendo simpatizantes non estean ben informados sobre a mobilización ou poden non estar o suficientemente motivados.

Resumindo, a transformación do potencial de mobilización en participación efectiva vén dada pola axeitada creación dos marcos de acción colectiva e unha comunicación

persuasiva, que son elementos utilizados polas redes de recrutamento. Ademais é preciso que certos elementos psicosociais funcionen como incentivadores da acción para acadar os niveis motivacionais necesarios.

Por último, esta aproximación da construción social da protesta axudou a dilucidar os aspectos relativos á intención de participar dos individuos partindo de supostos psicosociais, deixando de lado, desta maneira, posturas remotas de corte máis individualista ou aquelas excesivamente estruturais. Klandermans pon de manifesto a importancia dun contexto e a continua reconstrución dos significados que se atopan inmersos, onde se encontran discursos contrapostos. Así mesmo este autor vai poñer en escena os motivos necesarios que incentivan a participación. Este enfoque, xa que logo, consegue un acercamento das posturas socio-estruturais combinadas coas formas de análise máis individual. Propón deste modo un modelo integrador, debido ó seu carácter aglutinador e de diálogo, na busca de novas sínteses (Javaloy, 2001). Hai que recoñecer ademais que esta teoría vai supor un empuxe moi interesante no estudo empírico da mobilización.

3.2. ESQUEMAS INTERPRETATIVOS E MARCOS DE ACCIÓN

O concepto de marco comeza vai ser utilizado nas análises de acción colectiva a partires dos anos 80 coa emerxencia das teorías construcionistas, como resposta ás teorías de mobilización de recursos. Dende varias fronte comézase a destacar o poder interpretativo das situacións e a defender que tanto os recursos como as oportunidades están socialmente construídos. Así, toman relevancia os procesos cognitivos, a persuasión, o discurso, e nace o concepto de marco (*frame*). Este termo ilustra dunha maneira moi axeitada as posibilidades interpretativas na articulación de significados. Foi Goffman (1974) o que inicialmente achegou este concepto, e utiliza

este construto teórico para referirse ás orientación mentais que organizan as percepción e interpretacións sobre o mundo social e sobre nós mesmos. Mais esta explicación asemella demasiado xeneralizada. Outros autores como Snow e Benford (1992) sinalan que os marcos de acción colectiva son crenzas colectivas que brindan un determinado coñecemento e comprensión da realidade e que posibilitan as actividades dos movementos sociais. Os movementos sociais van funcionar como portadores e transmisores de crenzas mobilizadoras, unha das súas tarefas fundamentais consiste en enmarcar, asignar significados e interpretar condicións e feitos relevantes coa intención de mobilizar as súas potenciais bases simpatizantes, de gañar o apoio do público e de desmoralizar ós opoñentes. Gamson, Fireman e Rytina (1982) falan por exemplo do marco de inxustiza para estudar as relacións entre os movementos e as autoridades.

Os principais temas de estudo nos que centran os esforzos estas teorías son: a análise do discurso público, a comunicación persuasiva, a concienciación durante os períodos de protesta e a análise dos campos pluriorganizacionais. Veremos a continuación dúas das teorías desenvolvidas no campo dos marcos de acción colectiva, por ser unhas das máis influentes neste terreo.

3.3. ALIÑAMENTO DE MARCOS

David Snow (1986) vai dar unha orientación máis dinámica a este concepto de marco coa utilización do verbo *framing* (enmarcar), con este matiz de acción permitirá un acercamento máis acertado á complexa realidade política e de mobilización. Así, deste xeito, o autor vai servirse desta idea para amosar o traballo simbólico de natureza estratéxica realizado polas organizacións, onde se incorpora implicitamente a idea de proceso. Os marcos de acción colectiva segundo Snow e Benford (1992, p.136) son un produto de dito proceso, o *framing*, realizado polas organizacións e os movementos

que están activamente implicados na produción de significados e na loita polos significados que deben prevalecer na sociedade. Isto é, son esquemas interpretativos que simplifican e condensan a realidade. Mais, estes esquemas non só puntualizan ou subliñan determinados aspectos da realidade senón que tamén funcionan como modos de atribución de responsabilidades e articulación.

Un dos principais retos ós que se enfrenta calquera movemento reside na súa capacidade para facer coincidir as súas reivindicacións coas dos cidadáns, se consegue que o seu discurso sintonice coas crenzas e sensibilidades da poboación darase un paso importante para a consecución de logros. Este proceso denominarase aliñamento de marcos, e ten como obxectivo activar a participación de potenciais participantes. Esta forma de incidir nas crenzas dos suxeitos para incentivar a participación pode acadarse de diferentes maneiras en función das mensaxes emitidas polas organizacións e o nivel de coincidencia coas sensibilidades dos cidadáns. Así, temos diferentes procesos: a conexión de marcos, a amplificación de marcos, a extensión de marcos e a transformación de marcos.

En definitiva, este autor coa súa teoría de aliñamento de marcos sinala que a mobilización dos participantes non depende a penas das desigualdades estruturais, oportunidades políticas ou cálculos de custos e beneficios, senón que a maneira en que estas variables serán enmarcadas e interpretadas e a súa receptividade vai ser fundamental para activar ós potenciais participantes (Pinto, 2009).

3.4. TEORÍA DOS MARCOS DE ACCIÓN COLECTIVA: INJUSTIZA, AXENCIA E IDENTIDADE

Dentro deste novo terreo conceptual imos destacar a teoría proposta por Gamson por ser unha das teorías que quizais gañou máis adhesións nos últimos anos, este autor conxuga aspectos tanto cognitivos e emocionais dos individuos como sociais e culturais, o que dotará á súa teoría un carácter integrador e completo sobre a realidade da mobilización. Desta maneira defende que se deben considerar as condicións estruturais ligadas ó conflito, así como á organización, ás estruturas de mobilización e ós custos e beneficios. Pero, sobre todo, é preciso centrarse nos procesos de interacción social que teñen lugar nas redes sociais, pois os procesos de negociación de significados e a construción dun sentimento de injustiza van supor un precedente importante para a mobilización social. Neste proceso de interacción convértese esencial a noción de *marco de acción colectiva*, que Gamson (1992) define como un conxunto de crenzas e valores que orientan e lexítiman a acción dun movemento social. Propón tres marcos de acción colectiva que propician a protesta política: o marco de injustiza, o de identidade e o de eficacia.

O *marco de injustiza* sería a primeira condición para que se desencadee a acción, a situación na que se encontre o grupo debe ser definida como inxusta de tal forma que se estimule a necesidade de corrixila. Concretamente, esta compoñente refírese á indignación moral ou ó descontento produto da conciencia de que existen actores responsables do sufrimento do grupo, sufrimento dado polos problemas sociais asociados á injustiza. Isto implica que a creación deste marco de injustiza sexa compartida por un grupo, por tanto é de natureza colectiva e polémica.

Como vimos, definir a situación como inxusta e destacar os agravios compartidos producen sentimentos de indignación moral e descontento, de tal xeito que Gamson

considera que esta compoñente é unha “*hot cognition*”, unha cognición cargada de emoción, o que leva implícito ter en conta tanto os aspectos cognitivos como emocionais. Dúas variables emerxen polo tanto deste marco de inxustiza. Unha vertente cognitiva explicada pola *hipótese da privación relativa*: a percepción de que o recibido non se axusta ás expectativas dun grupo vai levar a considerar unha situación como inmerecida, percepción froito do proceso de comparación; e unha vertente emocional relacionada coa ira que produce atoparse nesa situación inxusta ou inmerecida.

En canto á variable emocional Gamson é o primeiro en incluír este tipo de variables no estudo dos movementos sociais. A ira é a emoción que expresan os suxeitos cando responsabilizan a algún axente externo das condicións adversas nas que se atopa o grupo. En palabras de Gamson “*pon lume na alma e ferro no estómago*” (Gamson, 1992, p.329), isto é, os xuízos non son abstractos e asépticos. Así, a ira vai motivar e dirixir a acción cara os axentes externos considerados os culpables das situacións adversas nas que se atopa o grupo. Esta compoñente Gamson describea como un xuízo moral apaixonado, e intimamente relacionado con crenzas sobre o que é equitativo e xusto.

Outra das compoñente presentadas é a de *identidade*, que fai referencia ao sentimento de identificación mutua entre os que comparten un mesmo sentido de inxustiza. Cando isto acontece xorde o “nosoutros”, unha conciencia de pertencer a un mesmo grupo, fronte a un “eles” (autoridades, grupos de poder ou adversarios) ós que se consideran responsables da situación de inxustiza que se padece. A identidade colectiva é un proceso que é construído e negociado nas repetidas relacións e vínculos entre os individuos e grupos que se producen nas redes mergulladas dos movementos. Polo tanto, implica definicións e significados compartidos, así como

metas e campos de acción comúns. Melucci (1989) sinala que a identidade transcende á variación do tempo e ás adaptacións do medio, posibilita a delimitación do suxeito con respecto a outros e por último, proporciona a capacidade de recoñecerse e ser recoñecido. Isto é, proporciona estabilidade e continuidade ao movemento e posibilita a identificación dos participantes. De tal xeito que a identidade pon énfases nas interaccións que se dan no contexto colectivo, e vai a ser a orientación cara a acción colectiva a que marca a diferenza coas relacións sociais cotiás.

O derradeiro elemento proposto por esta teoría é a variable de *eficacia ou de axencia*, e refírese á crenza de que é posible alterar as condicións políticas e sociais adversas nas que se ve inmerso o grupo. Dende esta perspectiva vese esencial a crenza de que as situacións non son inmutables e que a nosa intervención pode alterar o curso dos acontecementos. Neste sentido, os esquemas de acción colectiva van desafiar os sentimentos de inmutabilidade ou fatalismo (Sabucedo, 1996). Sentimentos que por outra banda son difíciles de combater posto que a sociedade dominante promove a inactividade e o sentido de impotencia, ademais do individualismo. Deste xeito as organizacións mobilizadoras van ter que facer fronte ó forte individualismo das sociedades occidentais actuais nas que de forma implícita se estimula que os individuos actúen por si mesmos e non colectivamente (Pinto, 2009).

Esta necesidade de destacar que os obxectivos da mobilización son alcanzables e polo tanto a énfase en que acción pode ser eficaz, indícanos que as compoñentes de inxustiza e identidade por si soas non son suficientes para desencadear a acción. É preciso que os axentes implicados na mobilización crean que as súas actuacións poidan producir os cambios esperados. Desta maneira, o optimismo sobre o resultado do desafío incrementa a probabilidade de participación, e ademais ofrece un motivo indispensable para tentar mudar a situación na que se atopa un colectivo.

O máis interesante desta teoría é que consegue articular unha liña de acción baseada en distinto compoñentes que van ser esenciais para que os actores se impliquen na protesta. Como vimos, faise fincapé en aspectos cognitivos, afectivos e colectivos, aínda que tamén nos aspectos culturais e sociais, pois estes marcos xorden e se constrúen en contextos culturais repletos de simboloxía e que conforman o noso acervo cultural. Estas compoñentes son marcos que permiten ver as situacións velas baixo unha óptica nova, posto que dotan de novos significados ás experiencias pasadas, permiten interpretacións alternativas e fan que os participantes potenciais dos movementos vexan posibilidades de cambio. Así mesmo conseguen significar as experiencias como colectivas e lexítiman a acción como recurso necesario para posibilitar o cambio. Este proceso da construción de marcos de acción colectiva é unha tarefa complexa, no que cada paso ha de ser ben articulado polos movementos sociais para conseguir un índice de participación satisfactorio.

Para concluír, os marcos de acción colectiva son marcos de referencia que concentran a súa atención en definir unha situación particular como problemática, producir unha atribución de responsabilidades e artellar propostas, entre as que se atopan as accións que os actores do movemento deben realizar para conseguir o cambio desexado. A partir desta teoría abriuse un importante período de investigación empírica onde se pretendía analizar a importancia destas compoñentes na mobilización social. Efectivamente a percepción dunha situación social como inxusta é un precedente esencial para que o grupo social atope a necesidade de emendar tal situación. A identidade colectiva, pola súa banda, permite distinguir os responsables da situación inxusta e promover sentimentos de cohesión e solidariedade co grupo e amosou ser un factor importante á hora da implicación na protesta política (Sabucedo, Rodríguez e Fernández, 2000; Simon, 2003; Sturmen e Simon, 2004). Non obstante a compoñente de eficacia, como veremos máis adiante, a pesares de ter amosado un

forte poder explicativo non parece ser unha condición imprescindible para a implicación na acción colectiva. Certos estudos indican que non sempre é preciso que os suxeitos pretendan mudar a situación (Van Stekelenburg, 2006), senón que facer constancia da súa indignación e expresar posturas discordes pode ser o obxectivo principal da protesta.

CAPÍTULO 4

MODELOS PSICOSOCIAIS ACTUAIS

4. MODELOS PSICOSOCIAIS ACTUAIS

Os modelos revisados no apartado anterior, a teoría de mobilización de recursos, a teoría dos novos movementos sociais e máis recentemente as teorías psicosociais, supuxeron un grande avance no estudo dos movementos sociais e do comportamento colectivo. O seu mérito non só reside na capacidade de elaborar teorías explicativas ben articuladas, senón que por fin lograron desprenderse das visións de corte irracional que predominaron en épocas anteriores. Ademais as aproximacións psicosociais supuxeron o lanzamento dun período de esixencia de estudos empíricos para comprobar a forza das variables propostas, o que nos leva a considerar os últimos avances que dentro destas teorías téñense producido. Nos últimos anos estamos asistindo ó desenvolvemento de novas propostas teóricas de grande interese que bebendo dos modelos precedentes tentan arranxar as fisuras que os anteriores non lograron. Estas novas teorías psicosociais van destacar aspectos de interese recente e abrir novos interrogantes.

Coa teoría da mobilización de recursos, o foco de atención no estudo dos movementos sociais centrouse sobre todo na avaliación dos recursos e da eficacia, partindo dunha visión demasiado individualista. Bert Klandermans foi un dos primeiros en propor a ampliación desta teoría, incorporando variables psicosociais, sendo os seus traballos amplamente recoñecidos polos investigadores desta área.

As reaccións á considerada excesiva visión instrumentalista dos movementos sociais, defendía a necesidade de incorporar variables como a identificación colectiva, ou as variables emocionais ensombrecidas durante moito tempo. Isto deu lugar a unha nova maneira de explicar e entender o comportamento político a partires dunha visión máis colectiva, o que supuxo traspasar o foco de atención cara este tipo de variables. Por exemplo, queda por coñecer cal é a influencia que existe entre estes elementos

referidos á instrumentalidade, ó comportamento emocional e á identidade colectiva coa acción política colectiva e baixo que condicións algún deles resulta máis significativo que outros. Desta maneira os modelos instrumentais da acción colectiva foron complementados incorporando dimensións relativas á identidade social ou ás emocións, e sen dúbida estes avances son importantes, pero aínda queda traballo por facer, pois nos últimos tempos estase a reivindicar a relevancia doutras variables que foron esquecidas como a ideoloxía e a obriga moral. Estas e outras cuestión son as que se tratan de solucionar no presente traballo de investigación.

Estas novas propostas presentan a evolución dos modelos psicosociais actuais, e formulan teorías duais de acción colectiva, onde se destacan fundamentalmente dúas vías para desencadear a protesta.

4.1. MODELO DUAL DE SIMON: INSTRUMENTALIDADE E IDENTIDADE

Este autor defende que os procesos psicosociais que determinan a motivación dos membros dun grupo se converteron en temas esenciais no estudo da mobilización e polo tanto propón dúas vías independentes para promover a acción baseadas neste tipo de variables (Simon, 2003; Stürmer e Simon, 2004). Presenta dúas vías de acción: unha vía estaría baseada na eficacia e a outra estaría baseada na identificación colectiva. Estes autores van facer especial fincapé na segunda liña de acción.

4.1.1. Eficacia

O elemento de eficacia é determinante na aproximación de *expectativa x valor*, presentada por Klandermans (1984). Esta teoría formula que a motivación individual para comprometerse con calquera acción depende do valor que se lle conceden ós

resultados esperados de dita conduta. Este construto conforma un conxunto de valores subxectivos con respecto á expectativa de alcance de ditas metas, canto máis valor se lle concedan ás consecuencias esperadas maior probabilidade de iniciar unha acción.

Esta explicación instrumental está intimamente relacionada coa percepción de maximizar os beneficios e reducir os custes. Posto que se trata de que as accións sexan o máis eficaces posible con menos custes. Dentro da acción colectiva estes beneficios poden considerarse a nivel individual, incentivos selectivos, ou a nivel colectivo, incentivos colectivos, relacionados coa consecución das metas colectivas que un movemento persegue.

Dende hai tempo diferentes estudos veñen ratificando a relevancia desta variable de eficacia (Klandermans, 1984; Saducedo, Rodríguez e Fernández, 2001; Van Zomeren, 2004, Spears e Fisher, 2004) e durante un tempo considerouse como elemento esencial para motivar ós suxeitos a implicarse en accións de protesta, especialmente naquelas cuns obxectivos moi específicos e dirixidos cara uns opoñentes claros.

Esta maneira de entender a implicación política parte das ideas propostas pola teoría de mobilización de recursos, onde se describe o *homo economicus*, de tal xeito que parece que a natureza humana esta encamiñada a conducir os seus actos en función dos beneficios que destes poida obter. Mais a consideración desta visión dos participantes da acción colectiva pode ser vista como excesivamente instrumental, individualista e atomista, onde a persecución de recompensas parece a única opción viable para os suxeito. O nesgo de recoñecer o ser humano como tal vai carrexar problemas á hora de comprender a súa complexa natureza. Por iso faise complicado afirmar de forma contundente que este é un factor indispensable.

4.1.2. Identidade

De feito Simon resalta principalmente o rol que a identidade colectiva xoga na implicación dos suxeitos neste tipo de fenómenos, así que vai propoñer outra vía posible, suficiente e independente da anterior, baseada na identificación colectiva (Simon, 2003; Simon e Klandermans, 2001; Simon et al., 2008). De acordo coa teoría da identidade social de Tajfel e Turner (1986) a identidade social representa unha forma máis inclusiva do auto-concepto referida á pertenza do individuo a un grupo. A clave deste concepto reside en que se diferencia o “Eu” baseado en termos individuais e o “Nós” referido á identificación que o individuo sente cun grupo. A identidade social supón que os individuos séntese máis próximos ós restantes membros do endogrupo e establecen fronteiras cognitivas e emocionais fronte os membros doutros grupos.

Como vimos a identidade colectiva presenta un nivel máis inclusivo das auto-percepcións ou auto-concepto, isto implica en certo sentido un grao de despersonalización posto que os membros do grupo vólvense intercambiabes (“Nós, homosexuais”). A persoa pode ter distintas identidades colectivas dependendo dos grupos ós que pertenza. Non obstante non todas as identidades colectivas posúen a mesma importancia para o suxeito, de tal maneira que a *saliencia* que se lle conceda a cada unha é variable, isto é, o nivel de implicación para defender unha ou outra tamén varía. Mais non só a saliencia vai a determinar o grao de identificación cun colectivo, senón que o contexto social vai facer que en certos momentos sexa unha identidade ou outra máis significativa, sobre todo cando esta se ve ameazada debido a algún conflito intergrupar. A identidade tamén vese reforzada cando os límites entre o grupo son percibidos como impermeables e as diferenzas de estatus son vistas como ilexítimas, inestables e inseguras (Stürmer e Simon, 2004). De tal xeito que a única

maneira de alterar tal situación na que se atopa o grupo é a de actuar colectivamente en favor do grupo.

Pódense distinguir cinco funcións da identidade colectiva particularmente importantes: a *función de pertenza* que fai referencia a que o individuo ocupa un lugar determinado no mundo social, a *función de distinción*, este lugar é distinto do lugar que ocupan outros, a *función de respecto*, é dicir, tratar con respecto polo menos a aqueles que son similares e a *función de axencia*, posto que un pode contar co apoio social e coa solidariedade doutros membros e así acadar ser un axente máis eficaz. Estas funcións da identidade colectiva revélanos que son de importancia crucial para o individuo e que manteñen unha relación coas necesidades psicolóxicas básicas (Simon e Klandermans, 2001). Neste sentido Morales afirma que “todas estas funcións demostran que a fidelidade ó grupo é racional e adaptativa, incluso nos casos nos que o suxeito debe pospor o seu propio interese” (2007, p.14). Seguindo esta argumentación, se temos en conta que a fidelidade do grupo é racional tamén o vai ser comprometerse nas accións colectivas, a pesares de que tales accións non pretendan ser eficaces.

Este concepto de identidade colectiva, polo tanto, é básico para analizar as dinámicas grupais, e vólvese esencial para entender as relacións intergrupais e os fenómenos políticos. Neste último caso, cando o endogrupo vese ameazado, unha alta identificación co mesmo incita á acción colectiva. Así, o grao de identificación ou compromiso co grupo cobra especial relevancia. Canto máis vinculado estea un individuo ó grupo, máis disposto estará a participar no seu nome e a asumir maiores sacrificios polo ben colectivo (Sabucedo, Durán e Alzate, 2010). Por estas razóns e pola forza que este elemento amosa no terreo da mobilización social está a suscitar un interese crecente por parte dos psicólogos sociais. Ademais, diversos estudos teñen demostrado xa a relevancia desta variable (Sabucedo, Rodríguez, e Concepción,

2000; Simon, 1998; Deaux, Reid, Martin, Bikmen, 2006; entre outros) ó proporcionar cohesión e solidariedade entre os membros do grupo. Cando a identificación co grupo é alta a probabilidade de implicarse nun movementos social en favor do mesmo incrementa.

Dentro do mundo da protesta política a identidade colectiva vai xogar, entón, un rol crucial. Simon e Klandermans falan dunha identidade colectiva politizada como forma de identidade que motiva ós suxeitos a implicarse en loitas de poder, isto é, se politiza a identificación grupal e actúa como impulsora da acción política (2001). Deste xeito e baixo esta etiqueta inclúese tanto o proceso polo que os suxeitos son conscientes que a súa situación depende dun contexto político, como a súa intención de implicarse en loitas de poder.

Non obstante Sabucedo, Durán e Alzate (2010) prefiren a utilización do termo identidade colectiva mobilizada, relegando o termo anterior só para aquelas situacións nas que os suxeitos sitúan a súa identidade nun contexto político en loita con outras identidades. Mentres que o termo de identidade colectiva mobilizada faría referencia máis concretamente a aquelas que impulsan a participación dos suxeitos a actuar en tal contexto. A segunda opción, xa que logo, posúe connotacións de axencia máis específicas e relacionadas coa implicación activa dos suxeitos. O concepto de identidade colectiva politizada podería entenderse como un termo máis inclusivo, non asociado exclusivamente á participación, mais si ó contexto político. Tal como Sabucedo e cols. sinalan a segunda non tería sentido sen a primeira, mais a primeira non conduce inexorablemente á segunda.

Por outra banda Simon (2003) defende que a forma politizada de identificación colectiva, isto é, a identificación coa organización do movemento social, é un predictor

máis indicativo de mobilización que a soa identificación co grupo social en si. Isto débese a que forma politizada está situada explicitamente no contexto onde entra en xogo a loita de poder e o cambio social. Por exemplo, en movementos a favor do matrimonio gai ou en defensa da dignidade da xente maior non foi propiamente a identificación con estes grupos sociais o que conduciu á xente a saír á rúa; senón a identificación coa organización concreta que promoveu o movemento (Simon, 1998, 2003, Stürmer e Simon, 2004). O poder predictivo da identificación coa organización dun movemento é tal que non precisa da contribución de ningunha recompensa pola participación, nin un sentimento previo de eficacia, senón que a identificación co mesmo movemento actúa de forma independente e contundente (Stürmer e Simon, 2004).

Ademais estes autores, Stürmer e Simon, revelan a presenza dun novo elemento na vía cara a acción que mediaría entre a identificación coa organización do movemento e a participación. Este novo elemento trátase dunha motivación intrínseca, unha obriga interna de actuar conforme ás normas do grupo. Este elemento mediador refírese a que os membros senten unha obriga de actuar en favor do grupo e da organización mobilizadora que o defende. Isto pode entenderse como un compromiso intrínseco que empurra ós suxeitos a actuar en conformidade coa organización que se encarga da mobilización. Van Stekelenburg (2006) propón que esta sería unha forma de obriga social interna, fronte outro tipo de obriga moral máis relacionada co individuo.

Como vemos, este aspecto parece ser de especial relevancia á hora da implicación política dos individuos en accións colectivas. Os membros dun grupo cando actúan en favor ó grupo presentan ademais sentimentos de fidelidade e satisfacción. Esta satisfacción persoal viría dada polo respecto dos outros membros e por actuar consecuentemente ós principios do grupo, o que suporía un importante incremento da auto-estima persoal.

Para concluír, cumpre destacar como observamos anteriormente, que os psicólogos sociais comezaron a analizar sistemática e empiricamente as relacións dos procesos de identidade na acción colectiva. Interese que segue vixente na actualidade e que está a levar á realización de numerosos estudos onde se afonda sobre os elementos que constitúen a identidade e os factores que fan que se active nun contexto determinado.

En definitiva, este autor formula dous camiños independentes que levan á participación en accións políticas, un baseado na eficacia percibida da acción e outro baseado na identificación co movemento social. O relevante deste modelo reside en que a identidade colectiva presenta un rol único máis alá do proceso de custos e beneficios, o que posibilita un entendemento da acción política baseado en accións desinteresadas, máis alá da consecución de obxectivos.

O seguinte modelo que vamos ver é o exposto por Van Zomeren, que tenta combinar os elementos que se inclúen no modelo anterior mais concedendo especial relevancia ós aspectos emocionais, máis concretamente o da ira.

4.2. MODELO DUAL DE VAN ZOMEREN: EFICACIA E IRA

Este autor propón igualmente un modelo dual para a acción colectiva, pois considera que dúas vías distintas levan ós suxeitos a estimular as súas tendencias cara a acción, pero esta vez estas van ser de distinta índole ás presentadas por Simon. Un sendeiro sería a vía instrumental cara a acción baseado na eficacia e a outra centraríase nunha vía emocional baseada na ira (Van Zomeren, Spears e Fiske, 2004).

Mais Van Zomeren o que fai no seu modelo é combinar as achegas das teorías anteriores para reformular un modelo integral, polo que a pesares de centrarse especialmente nos elementos da eficacia e da ira, vai relacionalos con outros aspectos de carácter psicosocial como a identificación co grupo e as percepcións de desvantaxe dos seus membros con respecto á situación grupal. Estes sendeiros propostos, xa que logo, están inspirados en teorías precedentes para estimular a acción; así combina a Teoría Intergupal das Emocións (TIE; Smith, 1993); a Teoría da Identidade Social (TIS; Tajfel e Turner, 1979), a Teoría da Deprivación Relativa (TDR, Rucinman, 1966) e a Teoría de Mobilización de Recursos de Klandermans (1984, 1997). A TIS e a TDR céntranse no grao en que os membros dun grupo perciben a súa situación de desvantaxe como inxusta, sempre en relación ó grupo. A TIE ocúpase da experiencia baseada nas emocións como a ira que se produce cando os membros do grupo perciben unha situación como ilexítima. Pola contra, as aproximacións máis instrumentais céntranse no modelo de custos e beneficios e na percepción de eficacia, como o proposto por Klandermans, para solucionar os problema da desvantaxe colectiva.

Esta formulación teórica constitúe unha perspectiva integradora pois conxuga distintos elementos de teorías anteriores. Toma como punto de partida as desvantaxes colectivas, que pola súa banda realzan a saliencia da identidade colectiva. Ó partir deste presuposto xa incorpora certos elementos de corte psicosocial como a identidade social e a percepción da situación grupal como desvantaxada ou ilexítima. Unha vez que isto acontece, para que finalmente os suxeitos se impliquen na acción colectiva, serán dúas vías ou rutas as que os encamiñarán cara a participación.

4.2.1. A vía da Ira: O grupo baseado na emoción

A necesidade actual de incorporar as dimensións emocionais para explica-lo comportamento político faise evidente debido á marxinação que durante moito tempo veñen sufrindo este tipo de variables. Un dos primeiros en introducir a emoción no campo do comportamento colectivo foi Gamson (1992) coa utilización da variable ira. Este autor ilustra perfectamente o seu poder motivacional na célebre frase “pon lume no estómago e ferro na alma”. Nas súas formulacións esta ira provén da chamada “*cognición quente*” (ou hot cognition) que fai referencia á emoción que esperta cando o individuo atópase nunha situación de inxustiza. É de recoñecer o avance que supuxo esta teoría para impulsar o estudo da compoñente afectiva na acción colectiva. Mais a pesares do mérito da incorporación de elementos emocionais, as súas achegas non lograron rachar coas argumentacións clásicas de que as emoción pertencen ó mundo irracional, xa que estaban ben ancoradas no pensamento tanto social como científico. No entanto, hai que ter en conta que sen as emocións non se pode chegar a ningún acto social, non só as emocións son parte das nosas respostas ós eventos, senón que ademais forman e inflúen nos obxectivos das nosas accións. Elas son a base de toda interacción social, e son ao mesmo tempo produto tamén dela. Isto non ten porque ser considerado como irracional, mais se a acuñar o termo de racional ás emocións incomoda, é máis apropiado dicir que poden levar a condutas adaptativas ou non, pero nunca irracionais (Goodwin, Jasper, Polleta, 2000; Jasper, 1997).

Nos últimos anos, a consideración da función das emocións cambiou substancialmente. Un exemplo claro no ámbito da análise política constitúeo o traballo de Marcus (2000, 2002). Para este autor, as emocións estimulan unha reconsideración activa das opinións políticas da cidadanía, isto é, cuestionarían percepcións, valoracións e comportamentos políticos que eran mantidos de maneira rutinaria. Esta

nova maneira de entender as emocións, xunto coa necesidade de completar a orientación cognitiva e instrumental dos modelos de conduta colectiva está dando lugar ó desenvolvemento de propostas teóricas nas que as emoción ocupan un lugar destacado.

Van Zomeren pola súa banda fala das emocións baseadas no grupo. Esta forma de entender as emocións parte da necesidade dunha avaliación previa (Lazarus, 1991), unha avaliación da situación como inxusta ou inmerecida, por exemplo. A aparición da emoción proporcionaríaa, xa que logo, a forza suficiente para enfrontarse ós problemas, funcionando como fol para avivar a intención. Este modelo propón que as desvantaxes colectivas acentúan a *saliencia* da identidade social, a avaliación da situación faise a nivel grupal e polo tanto a emoción dáse tamén a nivel grupal. De feito o apoio social pode aumentar os niveis da ira e validar a opinión do grupo sobre a situación de inxustiza. Esta forma de apoio social emocional está relacionado co feito de compartir crenzas e opinións nunha situación dada. A ira explicaría as tendencias cara a acción dos membros do grupo e representa unha forma de enfrontar as situacións en función das emocións. Así que, esta maneira de facer fronte ás desvantaxes grupais constituiría unha ruta cara a acción, unha ruta da emoción, neste caso a ira baseada no grupo. Non obstante existiría outra ruta centrada na eficacia, a cal veremos a continuación.

4.2.2. A vía instrumental: O grupo baseado na eficacia

Outra maneira de enfrontarse ás situacións inxustas reside na utilización de estratexias instrumentais a través de actuacións colectivas. A participación nunha mobilización social será máis probable se o grupo considera que as súas accións van ser eficaces. Van Zomeren parte de que a eficacia está relacionada coas percepcións grupais, isto é, a ruta instrumental cara a acción céntrase nas crenzas grupais de que

a situación pode ser modificada. Nas ocasións en que isto acontece, xogaríase un papel fundamental o apoio social dos outros membros do grupo. Klandermans (1997) considera o *apoyo social instrumental* un recurso que reforza a eficacia do grupo e promove o cambio social a través da acción colectiva. Este apoio social instrumental diferénciase do *apoyo social emocional* en que o primeiro se conceptualiza en función dos recursos e da información que os outros achegan sobre a súa participación, o que prevé un potencial de mobilización determinado, preciso para que a conduta sexa eficaz; mentres que o segundo tipo de apoio fai referencia á información e ás crenzas que os membros comparten sobre a situación de inxustiza. Porén, o apoio instrumental vai máis alá do coñecemento de que os membros do grupo comparten unha situación inxusta, senón que implica a información da intención real dos membros a participar. Desta maneira, a información sobre o apoio instrumental, vai axudar a incrementar os sentimentos de eficacia e a promover a implicación na acción a través do grupo.

Van Zomeren relaciona estas dúas vías cara a acción colectiva, a da ira e a da eficacia, coas estratexias de afrontamento que propón Lazarus (1991, 2001). Este autor expón dúas formas distintas de facer fronte ás situacións. Unha sería de tipo emocional, onde se trata de regular as emocións ligadas á situación. E o outro tipo de afrontamento sería instrumental, referido á necesidade de modificar a situación e céntrase máis especificamente no problema. Van Zomeren considera que este tipo de afrontamento por parte dos membros do grupo está relacionada coa avaliación da situación como inxusta e ilexítima; e onde se teñen en conta os custos e os beneficios da acción, polo que será a vía da eficacia a que empurrará ós suxeitos a participar. Por outra banda nas situacións relacionadas coa emoción e cun apoio social emocional tomarase a ruta de acción baseada na ira.

Estas dúas vías funcionan de forma independente, con todo, é importante sinalar que tamén poden actuar conxuntamente polo que disparará a motivación a participar. En canto á racionalidade ou irracionalidade das accións este autor entende que ambas rutas poden ser racionais no sentido en que pódese facer un uso correcto delas. Mais si especifica que estes termos non son os máis axeitados para cualificar este tipo de condutas, senón que deberían entenderse mellor como vías dependentes do contexto ou que conforman medios adaptativos que a xente utiliza para enfrontarse ante a desvantaxe colectiva (Marx e Wood, 1975).

En definitiva, este é un modelo que tenta integrar distintas teorías da acción colectiva e a teoría do *appraisal cognitivo* de Lazarus. Deste xeito, Van Zomeren consegue unha formulación dinámica e sensible ó contexto, pois logra incluír dentro do seu modelo a consideración de variables que dependen do contexto como o apoio social instrumental ou emocional, desta maneira ofrece diferentes posibilidades á hora da explicación do comportamento colectivo.

Mais, a pesares do seu valor integrador e de ser unha teoría coidadosamente elaborada, presenta algúns problemas. Unha das eivas está relacionada coa excesiva xustaposición de variables, que parte do intento dunha combinación articulada das distintas argumentacións e teorías. Neste sentido podemos dicir que non é un modelo que alcance as pretensións científicas de parsimonia, pois non logra adecuar explicacións sinxelas con tales intentos de converxencia.

Outra debilidade deste modelo radica en que aínda incluíndo elementos utilizados por aproximacións precedentes, deixa algunhas lagoas sen resolver e non consegue responder a certos interrogantes. Por exemplo, este modelo aparta das súas explicación a función doutros elementos relevantes, como pode ser o estudo doutras emocións e non só a ira ou a función da ideoloxía na protesta política. Esta

formulación deixa de lado cuestións políticas que poden ser importantes fontes motivadoras. A forza da ideoloxía, por exemplo, estimula a acción, sobre todo cando se ven atacados valores cruciais para o individuo; a obriga moral do mesmo xeito pode ser de grande influencia en momentos onde o individuo sente que debe actuar congruentemente cos seus principios. Por outra banda as consideracións contextuais inmersas neste modelo, relacionadas coas reaccións do grupo, obvian elementos que dependen dun contexto máis global, como pode ser o contexto político. Estas e outras cuestións abordarémolas nos seguintes apartados.

4.3. MODELO DE KLANDERMANS E VAN STEKELENBURG: A IDEOLOXÍA DENTRO DA ACCIÓN POLÍTICA COLECTIVA

Van Stekelenburg, Klandermans e Van Dijk (2007) fixeron novas achegas no campo de estudo da mobilización social, pois axudaron a ampliar o seu marxe de análises coa introducción da ideoloxía como novo elemento. A parte das variables de ira, identidade e instrumentalidade expostas xa nos modelos anteriores, estes autores atoparon nos seus estudos que a compoñente ideolóxica revélase como variable relevante á hora de participar na protesta política, sobre todo naquelas mobilizacións orientadas a defender certos valores.

Esta recente incorporación supón unha importante adhesión e un interesante avance nos modelos de acción colectiva. Así, estes autores van considerar que a xente está disposta a actuar ideoloxicamente cando perciben que os seus valores foron violados por algún axente externo, de xeito que queren expresar o seu enfado e a súa indignación por atoparse en tal situación. Klandermans expuxo que a xente enfadada, desenvolve sentimentos de indignación moral sobre o estado das cousas ou sobre unha decisión das autoridades, desexa que este estado se de a coñecer, e polo tanto

saia á luz. Así os individuos non só van participar para producir un cambio político, senón que os individuos tamén van actuar para gañar dignidade nas súas vidas a través da loita e da expresión moral (2003, p.684).

4.3.1 Os valores

A implicación dos actores sociais na protesta política pode acontecer cando valores profundamente arraigados foron visto atacados. Así, os suxeitos perciben un estado ilexítimo das cousas que foi producido por un grupo externo. Deste xeito, a través de consideracións ideolóxicas os individuos deciden tomar parte en accións de protesta para denunciar tal situación e amosar a súa indignación e enfado. Os valores fundamentais dos membros do endo_grupo son danados de tal maneira que a xente sente a necesidade de manifestarse. Neste sentido, os individuos dun grupo vanse guiar en ocasións polos seus valores, canto máis perciban unha situación como ilexítima ou inxusta, maior será a súa disposición cara a participación (Van Stekelenburg, 2006).

A pesares de que o estudo dos valores foi abordado por unha cantidade de autores, imos centrarnos nos esforzos de Rokeach para dilucidar os aspectos máis controvertidos sobre este tema e por ser o autor que realizou dos traballos máis interesantes. Rokeach (1973) considera que “un valor é unha crenza duradeira de que un específico modo de conduta ou un estado final de existencia é persoal ou socialmente preferido a outro modo de conduta ou estado final de existencia oposto ou contraditorio” (p.5). Un sistema de valores é, polo tanto, unha organización duradeira de crenzas que fican nun continuo de importancia relativa.

Este autor defende que os valores son standard empregados para dicirnos que crenzas, actitudes, valores e accións dos outros merecen ser desafiados, e intentar inducir o cambio.

Este valor refírese a construtos psicolóxicos, é dicir, a conceptos individuais do que é desexable máis que a obxectos desexados; polo tanto son subxectivos, parten dunha visión interior, e non son elementos obxectivos externos. É conveniente sinalar que Rokeach admite unha compoñente emocional, pois actuar conforme ós propio valores ou non vai asociado a sentimentos de benestar ou malestar cun mesmo. Pero ademais os valores teñen un importante poder motivacional, que ten que ver co nivel de implicación ó que o suxeito se somete para loitar por eles. Tanto a compoñente motivacional como a compoñente emocional, son aspectos fundamentais á hora de ter en conta a participación na protesta política.

Resumindo, Rokeach identifica dúas funcións que os valores desempeñan, unha delas é a normativa, posto que dirixen a nosa conduta, os valores axudan a avaliar, xulgar, alagar e condenar a nosa conduta e a dos demais. E a outra función que xa vimos é a motivacional, que trata que o suxeito persiga os seus valores.

Posteriormente Schwartz (1992) vai elaborar unha definición algo máis detallada sobre os valores: “os valores son conceptos de crenzas que pertencen a estados finais ou condutas desexables que transcenden a situacións específicas, guían a selección e avaliación de condutas e eventos, e son ordenados en función dunha relativa importancia” (p.4).

Os valores entendidos desta maneira, difiren das actitudes, primeiramente na súa xeneralización ou abstracción e en que son ordenados de forma xerárquica por

importancia. Van Stekelenburg (2006) expón que en principio esta diferenciación é clara, as actitudes refírense a avaliacións de obxectos específicos, mentres que os valores son standard moito máis xerais, que se usan como base para numerosas avaliacións específicas a través das situacións. Neste sentido Rokeach di que os valores determinan as actitudes e a conduta subseguinte (citado en Durán, 2002).

Retornando ó elemento de ideoloxía, Van Stekelenburg e Klandermans apóianse nesta visión dos valores para desenvolver a súas teses sobre o camiño ideolóxico cara a acción. Os suxeitos van a actuar para defender os seus valores cando estes se ven atacados, así estes autores asumen que a participación por motivos ideolóxicos baséase na percepción da violación dos propios valores. Esta situación dada pode facer que as metas ideolóxicas se convertan en metas en si mesmas, isto é, o importante non é modificar unha posición inxusta ou ilexítima, senón amosar o enfado e a indignación ante tal situación. Nun estudo realizado sobre unha protesta en contra dos plans de austeridade dos goberno en relación ós dereitos de xubilación, atopouse que o motivo ideolóxico era o que máis forza exercía sobre a motivación a participar, seguido dos motivos de identidade, ira, e por último eficacia. Este estudo mostra como a ideoloxía presentou ter moita maior influencia sobre os participantes que os outros elementos. O que nos fai ter en conta que non se pode abordar o estudo do comportamento colectivo obviando esta variable, que en certos acontecementos pode ser esencial para que os suxeitos saian á rúa.

Estes autores formulan ademais, que a ideoloxía vai estar fortemente relacionada co mantemento dunha integridade moral e un equilibrio emocional. Isto é, os suxeitos van actuar a través dunha obriga moral (Van Stekelenburg, 2006) que procede do interior do individuo e polo tanto emerxe como unha obriga interna. Neste sentido, pódese dicir que este tipo de conduta se atinxe á función normativa anteriormente expresada. Así o suxeito elabora normas morais baseadas nos valores de tal xeito que debe

actuar en congruencia, senón este entrará en disonancia e terá sentimentos de malestar consigo mesmo. No próximo apartado centrarémonos máis detidamente neste aspecto da obriga moral posto que vai constituír un dos elementos centrais desta tese. Isto é así porque consideramos que a inclusión desta variable permitirá un importante avance no entendemento da acción colectiva, así como da conduta humana.

A énfase nas explicacións racionais e instrumentais da conduta relegou ó esquecemento certo tipo de variables explicativas do comportamento colectivo. Así, a ideoloxía foi apartada dos estudos da protesta política ata que Van Stekelenburg e Klandermans volven reivindicar a importancia deste elemento. Como vimos, estes autores defenden que a mobilización pode darse a pesares de que as súas metas non se centren en alterar o estado das cousas, senón en dar a coñecer e expresar a indignación que senten os suxeitos que se atopan baixo unha situación de inxustiza. Son precisamente estas ganas de amosar ante o mundo o desacordo e o enfado polo estado das cousas que os levará a saír á rúa.

O interesante a partir desta teoría é desvelar cales son as relacións destas variables coas demais anteriormente propostas, as emocionais, as instrumentais, e de identidade; así como explorar que acontecementos ou contextos levan ós suxeitos a tomar un camiño ou outro cara a acción política colectiva, e baixo que condicións é máis probable que se activen uns elementos ou outros.

Para finalizar con este apartado queremos sinalar que o principal obxectivo deste estudo é elaborar un modelo integrador da conduta colectiva e dos movementos sociais. Polo que se tomarán como punto de partida os modelos psicosociais anteriores para dar conta dunha mobilización que aconteceu en España no ano 2006

cando o goberno decidiu iniciar negociacións coa banda terrorista ETA, á cal unha parte dos españois se opuxo fortemente.

Dende este estudo imos desenmascarar as razóns que levaron a estes suxeitos á saír á rúa, baseándonos nunha teoría psicosocial da acción colectiva e formulando un modelo integrador. Fronte ás formulación teóricas actuais que propoñen a existencia de rutas independentes (instrumentalidade e identidade, ou instrumentalidade e emocións) para a participación dos suxeitos nese tipo de accións, a nosa alternativa defende a necesidade de integrar estas vías e de analizar as relacións existentes entre elas, incorporando ademais a novidade da existencia dunha variable relacionada coa moralidade dos individuos que os impulsarían a participar neste tipo de eventos. Seguiremos esta liña de investigación iniciada recentemente no estudo da implicación das emoción, da ideoloxía e da identidade na participación política e a súa organización e estruturación en contextos de mobilización social.

CAPÍTULO 5:

MÁIS ALÁ DA INSTRUMENTALIDADE: A OBRIGA MORAL A PARTICIPAR

5. MÁIS ALÁ DA INSTRUMENTALIDADE: A OBRIGA MORAL A PARTICIPAR

Neste apartado queremos dar un paso máis alá con respecto ós modelos presentados no capítulo anterior, imos falar pois da obriga moral a participar referíndonos a que un individuo pode actuar conforme o que cree alén dos resultados que poidan implicar ditas actuacións.

Como vimos, nas páxinas precedentes, o estudo dos motivos que levan ós cidadáns a participar en accións de protesta ocupou a axenda de intereses dos científicos sociais durante moito tempo. As anteriores propostas sobre a mobilización social proporcionaron achegas moi valiosas neste campo. Mais, a pesares dos grandes esforzos e os consecuentes avances que se produciron, estas teorías deixaron certas lagoas sen resolver, algunhas das cales preténdense aclarar nesta tese. Por exemplo, o predominio do paradigma instrumental dificultou unha visión sobre a mobilización política en ausencia de expectativas de éxito. Así e todo, presenciamos no capítulo anterior como os protagonistas da protesta poden verse inmiscidos neste tipo de accións, aínda considerando que estas non van ser eficaces, isto é, son movidos pola necesidade de expresar a indignación que sente unha determinada comunidade social (Van Stekelenburg, 2006). Isto acontece especialmente cando os axentes de acción vense motivados por unha concienciación moral ou ideolóxica, sendo a fortaleza dos valores morais a que consegue traspasar os lindes dos intereses particulares.

A necesidade de afondar no concepto de obriga moral que propoñemos neste traballo reside en parte no reducido número de estudos que se centraron neste aspecto; se ben parece posuír un alto potencial explicativo de certas condutas humanas. Así pois, a pesares de que a dedicación ó seu estudo foi limitada, a sociedade actual está a retomar unha preocupación crecente de orde moral. O sociólogo Lipovestsky postula que hai unha tendencia recente na sociedade de actuar baixo as directrices da moral

(Lipovestky, 2002). Segundo este autor estamos asistindo a un período de retorno á moral, mais con algunhas características diferentes á moral dominante en épocas anteriores. Nesta ocasión as normas morais están creadas no seno dos individuos, rexidas por unha moral individual e non de forma colectiva como antano, como sería por exemplo a moral cristiá. Como di Lipovestky o mundo posmoderno cada vez máis está cheo de contradicións, dotado dunha semántica paragóxica. Dentro desta semántica ó individuo resúltalle difícil situarse nunha coherencia persoal, polo que a procura dunha coherencia do comportamento por medio da moral vai ser unha das razóns polas que a xente atope estabilidade. Esta coherencia que o individuo pretende establecer entre as normas persoais e a súa conduta realízase con fins de protección do self, para non danar a auto-avaliación ou a auto-imaxe, e sobre todo en aras da satisfacción persoal e de sentirse ben con un mesmo. O máis interesante desta orientación sociolóxica é que este autor asume que a conduta moral non busca unha recompensa material ou social clara, senón que se debe a unha motivación interna, propia do individuo para manter a dignidade do self.

Outras investigacións sociolóxicas recentes sobre o cambio de valores occidentais sosteñen que o avance económico das sociedades provocou un cambio orientado a unha progresiva individualización (Inglehart, 1977, 1991; Vera, Martín, Martínez, Paterna, 2004). A gradual racionalización e secularización da sociedade, a perda de confianza nas institucións e no sistema de valores tradicional xunto cunha tendencia xeral cara a pluralidade da visión do mundo, son factores que fan que os valores xa non estean baixo predominio interpretativo das institucións e das tradicións, senón que son obxecto de elección persoal. Baixo estes novos valores acentúase a busca de metas non materialistas tales como o crecemento persoal e a calidade de vida (Inglehart, 1991).

Contemplamos, pois, como dende a socioloxía comezan a aparecer teorías que falan dunha preocupación cada vez máis incipiente na nosa sociedade por cuestións de orde posmaterial ou moral, así como pola necesidade do ser humano de actuar baixo certos principios. A pesar de todo, debemos indicar que no campo da mobilización social a presenza desta compoñente foi moi limitada. Jasper no seu libro “The Art of Moral Protest” (1997) fai alusión á presenza dunha forte compoñente moral na vida dos activistas. Para Jasper a maioría dos activistas, máis que seren persoas interesadas, fan enormes sacrificios persoais, mantendo profundas conviccións morais. Este autor defende que a protesta dotará ós participantes significados á súa vida, sensibilidade moral e unha profunda satisfacción. Este autor considera que os activistas son de cotío persoas cunha profunda conciencia moral e que actúan para dar luz a novas visións morais de entender o mundo (Jasper, 1997). Non é de estrañar entón que no campo da mobilización social haxa cada vez máis un crecente interese polos motivos de participación relacionados con temas de carga moral. De feito, somos testemuñas de como cada vez as mobilización parecen encamiñarse máis cara esta dirección. Exemplos de mobilizacións cun alto contido moral son as relativas ó aborto, á guerra, á protección animal, entre outros. Tamén a mobilización obxecto de estudo desta tese albergou unha carga moral importante relativa á lexitimidade de dialogar con terroristas.

Por outra banda, dende a filosofía hai autores que abordan, así mesmo esta problemática. Por exemplo, Rawls (1999) argumenta que dentro da esixencia persoal o individuo requírese a si mesmo unha coherencia persoal, e para que se dea esta coherencia constrúense unhas normas morais en función dos valores, das crenzas e da propia experiencia individual de cada un co mundo. En ausencia de normas sociais claras, actualmente moito máis laxas en pro da liberdade individual, cada individuo crea o seu propio sistema de valores.

5.1. ACLARACIÓNS CONCEPTUAIS SOBRE A OBRIGA MORAL

Pero antes de seguirmos falando deste elemento é preciso facer primeiramente algunhas aclaracións conceptuais para así comprender mellor o rol que desempeña esta compoñente no terreo da mobilización social. A moral establece o que está ben e o que está mal, polo tanto sérvenos de guía da conduta. Tomamos así as nosas normas morais como referencia do que é bo ou malo (Bandura, 1986; Rawls, 1999; Turiel; 1983, 2002; Schwartz, 1997). Unha convicción moral emerxe de actitudes ben arraigadas sobre un tema que se poden aplicar de forma universal, por exemplo o racismo é moralmente condenable en calquera parte do mundo, e en calquera momento da historia (Stitka, Bauman e Sargis, 2005 e Turiel, 1983). Mais as normas morais varían a través dos grupos e das culturas aínda que tales as consideren universais. Normalmente en épocas anteriores as normas morais establecíaaas a sociedade, a relixión ou o grupo social, pero na actual sociedade individualista parece que o individuo é quen establece as normas en función dos seus propios valores e crenzas persoais.

No noso estudo imos retomar o concepto de obrigación moral que Schwartz (1977) propón na súa teoría da activación da norma, este autor describe a obriga moral como “auto-expectativas que os individuos desenvolven a partires dos seus valores” (1977, p.223); de tal maneira que o individuo conformaría normas de conduta específicas en situacións particulares e en función dos seus valores morais máis profundos. Isto é, o individuo ten unha concepción previa de como debe comportarse, en relación ó que é bo ou malo. Dito doutra maneira, estas auto-expectativas son experimentadas como sentimentos de obrigación moral xerados, por exemplo, cando a percepción das necesidades dos outros activa a estrutura interna de normas e valores sen esperar reforzos externos. Así, os sentimentos de obrigación moral acontecen en situacións

particulares debido á activación de tal estrutura, producindo comportamentos que non esperan nada a cambio. En oposición ás expectativas sociais nas que entran en xogo a presión social e as sancións sociais, estas auto-expectativas das que fala Schwartz son de carácter interno, creadas polo propio individuo. Esta idea lévanos a considerar que aparecerán sentimentos de remordemento se a conduta prescrita non se realiza, por iso a evitación de tales sentimentos converterase así mesmo nun forte motivador (Kaiser, 2006).

Unha norma é de por si coercitiva, pois limita o espectro de actuación da conduta. No caso da obriga moral este mandato é imposto polo propio individuo, de tal xeito que a realización ou non da conduta está en función do compromiso cun mesmo. Como sinalamos anteriormente a súa omisión producirá unha débeda cun mesmo. A violación da norma produce culpa e perda de auto estima ou outras avaliacións negativas. Desta maneira a obriga é de carácter interno, pois provén dun compromiso co sistema de valores máis profundo. A necesidade de actuar conforme ós principios morais aparecerá principalmente cando estes vense atacados.

O noso interese radica especialmente en dilucidar o papel da obriga moral en relación ó mundo da protesta política, posto que se presenta como un elemento que parece exercer unha influencia determinante sobre a motivación de participar. Neste sentido, os individuos emprenderían acción políticas por un sentimento de actuar conforme ás súas propias crenzas e ós valores morais, á marxe da consecución ou non duns obxectivos. Destas cuestións é do debate sobre a racionalidade atribuída exclusivamente a aqueles casos en que os suxeitos actúan para acadar certos beneficios ocuparémonos no seguinte apartado.

5.2. INSTRUMENTALIDADE E RACIONALIDADE

Dentro do campo de análise da mobilización social véñense realizando dende hai tempo frutíferos estudos que pretenden desenmascarar os motivos que levan ás persoas a involucrarse en accións de protesta. Mais as aproximacións anteriores centráronse demasiado nos factores instrumentais como a eficacia e as redes organizativas, e esquecéronse doutros aspectos igualmente importantes no terreo do comportamento colectivo que non teñen que ver con este tipo de características.

Vimos como as orientacións xurdidas nos últimos anos supuxeron un desafío ás posturas máis tradicionais da masa que asumían a perda de individualidade dos participantes e convertíanse en marionetas irracionais manexadas pola suxestión emocional ou o delirio colectivo. A teoría de mobilización de recursos logrou superar con éxito esta visión irracional do comportamento colectivo. Abordou a problemática da mobilización tratando de explicar a conduta do individuo en función dos beneficios que este espera obter das súas accións. Así os puntos de análises trasladáronse da suxestión e a irracionalidade á importancia das metas, dos obxectivos, da racionalidade dos comportamentos e a eficacia das accións (Zald e McAdams, 1990).

Esta aproximación teórica que se enfrontou ás teorías da multitude acolleu o termo de elección racional e achegou unha visión instrumental da conduta humana baseándose na consecución de obxectivos, desta maneira conseguiu renovar a antiga visión despersonalizada e irracional dos activistas. Pero este afán de reivindicar a racionalidade humana, levou a visións excesivamente reducionistas do comportamento e a erros na análise da acción colectiva. Ó converter ó individuo nun escrupuloso calculador das súas accións, enténdese que este egoistamente vai orientar a súa conduta en función da utilidade da mesma (Beaudoux, 1999). É

importante sinalar que as teorías do comportamento racional fixeron achegas moi interesantes no estudo da mobilización social, pero é necesaria unha nova visión que nos permita ilustrar o ser humano de maneira máis completa, e ó mesmo tempo, sen perder a concepción da racionalidade da que se apoderaron. Parece que as teorías de orientacións máis economicistas del S.XX arrebataron o termo de racionalidade para expresar só aqueles comportamentos dos cales o individuo obtén algún beneficio ou aquelas condutas que se consideran eficaces.

Despois da teoría de mobilización de recursos comezaron a xurdir outras teorías con novas variables psicosociais, como a identidade ou a ira, que intentaron superar a perspectiva instrumental que se impuxera a finais dos anos 80, sen embargo a noción de eficacia permaneceu no trasfondo destas teorías. Por un lado é importante considerar que estas teorías conseguiron apartar a mirada cara outras fontes, pero por outra banda non lograron despoxarse do peso das visións máis racionalistas. Por exemplo, a concepción de eficacia segue fortemente ligada a estas teorías.

En oposición ás teorías de custes-beneficios onde se ponderan as consecuencias de cada conduta, cabe preguntarse por exemplo: como se pode calcular a cada paso o peso das nosas accións? Que acontece cando nos atopamos ante dúas alternativas moi equitativas? Como se explicaría o comportamento humano cando este actúa baixo impulsos, intuicións ou heurísticos? Ou que ocorre cando o individuo actúa baixo as emocións ou baixo a intuición, está a actuar de forma irracional? Este tipos de cuestións son moi difíciles de responder dende as teorías máis racionalistas (Schwartz, 1977). A escasa atención ás emocións son un claro exemplo das tendencias racionalistas da época, pois foron durante moito tempo relegadas ó esquecemento por seren consideradas irracionais. Mais un mundo ausente de emocións parece que non tería sentido, sen elas non hai nada bonito, prezado e admirado que poida causar un acto humano.

Se pensamos que o individuo ha de recibir recompensas como requisito para iniciar a acción, non cabería a posibilidade de entender condutas puramente altruístas. Schwartz incorpora nas súas teorías a obrigación moral para explicar sobre todo as condutas de axuda e altruístas. Teorías anteriores consideraban ó voluntario como un calculador en alerta polas recompensas sociais e materiais, sen embargo para Schwartz hai fontes internas de motivación que non foron consideradas en estudos precedentes. É certo que sempre que se realiza unha conduta altruísta recíbese algo, pero o habitual é que se trate de cousas intanxibles, como sentimentos dunha autoestima saudable ou sentirse ben con uno mesmo (Vera, Martín, Martínez e Paterna, 2004). Moitas das definicións de altruísmo admiten este tipo de benestar persoal, sen que por iso manteñan matices egoístas ou deixen de ser consideradas condutas altruístas. Foi precisamente en traballos sobre conduta deste tipo onde a compoñente de obrigación moral recibiu unha maior atención (Kaiser, 2006; Oteberg, 2001; Skitka, 2002, 2005). Estes estudos informan da influencia da obrigación moral sobre condutas solidarias, como poden ser a dotación de sangue, o voluntariado, ou a conservación ambiental. Dende a socioloxía Lipovetsky explica que este tipo de comportamentos xorden como oposición á excesiva preocupación por un mesmo para contrarrestar as excesivas tenencias individualistas da sociedade actual (Lipovetsky, 2002).

O noso enfoque defende que o individuo pode actuar sen pretensións instrumentais; como di Tanner (2008) os individuos poden basear ás súas condutas baixo unha orientación deontolóxica e non só conseqüencialista. As actuacións baixo a orientación deontolóxica virán motivadas por sentimentos de obriga moral. Con todo, podemos preguntarnos tamén porqué a xente actúa baixo sentimentos de obriga moral aínda sendo os custes non morais altos. A resposta é clara, en ocasións o precepto moral pode acadar un peso tal que neutralice tales custes. É dicir, o individuo precisa comportarse baixo unha coherencia persoal que o leva a actuar conforme unhas

prescricións morais, especialmente cando son relevantes e se viron atacadas. Os altos custes non teñen que ser un impedimento para certo tipo de condutas como por exemplo o voluntariado. Jasper, pola súa banda, indica que a moralidade é a noción clave para motivar a participación en actividades de alto risco. Pola contra, a omisión da conduta pode producir un custe aínda maior, a traizón á coherencia persoal. No caso de omisión da conduta moral, é a non-acción o moralmente condenable, pois a violación das normas persoais significa una traizón a un sistema de valores construído por un mesmo. Que acontece si violamos o que nos mesmos construímos? Pois ben, prodúcese unha disonancia, unha discordia e malestar que é preciso arranxar, con accións compensatorias ou cambiando o noso sistema de valores posto que este fallou (Rawls, 1999).

Polo anterior entendemos que este comportamento descrito non se atopa fóra dos lindes da racionalidade. Ó igual que actuar baixo os efectos das emocións, non podemos dicir que actuar conforme ós nosos principios morais sexa actuar irracionalmente, ambos elementos ademais son fortes motivadores da conduta.

Estudos recentes dende outras disciplinas como a neurociencia, avalan as nosas teses, xa que indican que o individuo pode actuar racionalmente sen ter como obxectivo fins materiais. O traballo de Knoch, Pascual-Leone, Meyer e Fehr (2006) demostra a existencia de certos mecanismos neurolóxicos que interveñen cando os individuos renuncian ós seus intereses preferindo actuar de forma coherente ós seus principios, e sinala que en ocasións a toma de decisións está guiada por una lóxica de orde moral, pese ós custes que isto poida supoñer.

Outros traballos tamén xustifican tales posturas, Tanner, Medin, e Iliev (2008) encontraron que as persoas se centaban máis nas preocupacións morais que nas consecuencias das accións, seguindo unha orientación deontolóxica. Hai

aproximacións, polo tanto, que consideran que esta orientación pode ser fundamental no proceso de toma de decisións, independentemente dos resultados. Unha visión deontolóxica da toma de decisións usa a moralidade como guía e referencia da conduta, mentres que as teorías consecuencialistas consideran que a toma de decisións dirixense a maximizar os beneficios, sen estar afectadas por normas ou factores externos ós resultados.

Así mesmo Skitka (2002, 2005) considera que unha importante guía da conduta é o que chama mandato moral ó indicarnos o que está ben e o que está mal. Este autor asume que a xente actúa en función do seu sistema central de valores, sobre todo cando algún deles foi violado, porque se isto non acontece verase atacada a autenticidade moral da persoa. É nestas ocasións cando os beneficios ou recompensas materiais deixan de ter relevancia, posto que emerxe o imperativo da moralidade, suficiente para que se de a acción.

Finalmente, hai que ter en conta que non pretendemos dende aquí cuestionar a relevancia que poida ter a instrumentalidade, pois xa foi demostrada en repetidas ocasións. Porén o que queremos dicir son dúas cousas. Primeiramente que a obriga moral pode ter en ocasións unha forza motivacional maior que a instrumentalidade. E segundo, que actuar desa maneira non resta ningunha racionalidade a este comportamento, salvo que a racionalidade sexa entendida como un mero cálculo de custes e beneficios.

CAPÍTULO 6:

MOBILIZACIÓN SOCIAL E CONTEXTO

6. MOBILIZACIÓN SOCIAL E CONTEXTO

A participación en fenómenos sociais non se da en ausencia dun contexto, sempre que acontece unha mobilización política unha serie de circunstancias a rodean. Este cúmulo de circunstancias van actuar como axentes inhibidores ou facilitadores deste tipo de actividade política. De xeito que o encadre socio-político onde se da a acción colectiva vai ser esencial para una completa comprensión de ditos fenómenos. Mais a dificultade de consideración deste termo, o contexto, reside na súa falta de concreción e o seu carácter inespecífico, pois é un concepto moi amplo. Este refírese a aqueles factores que non dependen directamente dos axentes de acción, a pesares de que en maior ou menos medida estas persoas poidan chegar a introducir algunhas modificacións no mesmo (Rodríguez, Costa e Sabucedo, 1993).

Como se recordará, modelos anteriores tentaron xa introducir esta variable de maneira máis ou menos sistemática a través do que se denominou a Estructura de Oportunidade Política. Dentro dos traballos de Tarrow (1983) podemos distinguir tres dimensións dentro do concepto: o grao de apertura do acceso político formal, a dispoñibilidade e posición estratéxica de posibles aliados e o grao de estabilidade/inestabilidade das alianzas políticas. É preciso indicar que dita estrutura non está composta por factores baixo o control directo dos actores, de tal maneira que os cambios non poden ser anticipados por estes.

Sen embargo non podemos restrinxir a influencia do contexto no campo das propiedades dun sistema político. Senón que a parte das características socio estruturais propias dun Estado, que son de carácter moi xeral, hai outros factores contextuais que afectan á implicación ou non dos individuos na protesta, como o ambiente social e político máis específico en torno a unha mobilización que poden ser claves para motivar a participación.

Isto é, os cidadáns viven inmersos nunha realidade social e política, polo que a interacción continua destes co medio vai ser fundamental na expresión dos seus comportamentos. Veremos a continuación a posición en relación ó comportamento humano e o ambiente ou contexto inmediato.

6.1. INDIVIDUO E CONTEXTO

Aínda buscando as formas máis puras, a conduta humana non se dá nun baldeiro contextual, senón que o ser humano é un ser social. Así as relacións que acontecen entre os individuos, os grupos e o entorno danse dentro dun entramado social, histórico e político. De tal forma que as diferentes dinámicas onde se dá a interacción van modular a natureza da conduta. Con todo, hai que ter en conta que non se pode falar do contexto como unha entelequia allea ó individuo, pois o acompaña a cada momento, xa que un individuo é un ser social incluso cando está só. Non podemos esquecer que as interaccións entre a persoa e o seu ambiente danse en sentido bidireccional. Así como as situacións onde se atopan os suxeitos van condicionar o seu comportamento, estes tamén interfíren na esfera social e se converten en axentes de acción. Un exemplo ben ilustrativo desta forma de incidencia é precisamente a mobilización social que en moitas ocasións persegue producir cambios nas sociedades.

Determinadas cuestións ligadas a esta problemática veñen preocupando ós científicos do comportamento dende hai moito tempo, por exemplo, cando podemos dicir que o comportamento humano está determinado pola situación na que se encontra ou polas súas propias disposicións psicolóxicas? Porque hai individuos que en condicións de alto risco non actúan de acordo coa súa propia moralidade e do que consideran que

está ben e pola contra hai xente que en tales condicións reivindicán esta moralidade? Os límites son difíciles de establecer. Non obstante, non pola dificultade de esclarecer tales lindes vanse obviar uns aspectos ou outros.

Algúns célebres estudos científicos amplamente coñecidos dentro da psicoloxía social como por exemplo os estudos sobre a autoridade de Milgram levados a cabo na Universidade de Yale en 1963 ou o experimento da cárcere de Stanford levado a cabo nesa mesma Universidade polo profesor Zimbardo no ano 1971 apuntan cara un predominio das variables situacionais sobre as disposicionais. Estes autores a través de estudos de laboratorio desvelaron distintos procesos de influencia social que afectan ó individuo cando se atopa en determinadas situacións extremas. Destes estudos conclúese que unha situación nos pon o marco para actuar, independentemente das nosas características persoais. Así mesmo, Martín-Baró (1998) participando en dito debate adopta unha posición que podemos chamar “Construcionismo Construtivista”, onde a pesares de destacar a importancia de variables subxectivas como o *fatalismo* (crenza de que a situación inxusta é inmutable e externa ás persoas), infire que estas crenzas non se dan se non hai unhas condicións estruturais que así a propician, é dicir, a orde e o funcionamento de cada réxime social facilita que predominen unhas actitudes fronte a outras, e premia certas formas de comportamento, mentres castiga outras:

“Llegamos así a la consecuencia de que, aunque el fatalismo constituye un síndrome personal, representa un correlato psíquico de determinadas estructuras sociales. Reaparece así la vieja tesis psicosocial que postula unha correlación entre estruturas objetivas y subjetivas, entre las exigencias de los regímenes sociales y los rasgos caracterológicos de los individuos”

Martín-Baró, I. (1998, p.92/93)

Nestas teses destácase a importancia das situación e do contexto, pero mantendo sempre presente as condicións persoais. As variables subxectivas xogan tamén o seu papel no comportamento, posto que as percepcións, as crenzas e as emocións son procesos psicolóxicos esenciais en toda manifestación humana. Como ben puntualizou Klandermans (1992), o fundamental son as interpretacións que se fagan das situacións e non tanto as situacións en si mesmas. Un correcto estudo dos fenómenos sociais só vai ser posible tendo en conta ambas partes. Así, un marco de análise será tanto máis sólido canto mellor sexa a ensamblaxe entre os aspectos cognitivos e afectivos, sociais e culturais. Hai que ter ademais en conta que a experiencia individual está necesariamente filtrada polas lentes do social e cultural, polo tanto estes aspectos están tamén dentro de nosas estruturas mentais, e non son só externos ó individuo.

6.2. O CONTEXTO DA MOBILIZACIÓN E O CONTEXTO POLÍTICO.

A conduta colectiva non sempre ten unha finalidade política, a celebración dunha vitoria deportiva, a asistencia a un concerto multitudinario ou a un partido de fútbol son exemplos de conduta colectiva sen intencións políticas. Sen embargo, en moitas ocasións hai accións colectivas que si van dirixidas a incidir en sectores da vida social, pública e institucional. Mesmamente algúns dos eventos sinalados anteriormente téñense aproveitado excepcionalmente para se converter en escenarios de reclamacións políticas, como por exemplo os partidos de fútbol, que debido ó seu carácter mediático teñen sido obxecto de reivindicacións políticas de corte nacionalista ou doutra índole. Tal como as persoas viven as súas vidas nun medio sociocultural, a protesta política ou os movementos sociais non actúan como entes independentes, senón que son fenómenos compostos por actores inmersos nun medio conformado por unha realidade social con características específicas.

Como sinalamos en apartados anteriores para que se dean tales comportamentos é preciso que a comunidade afectada catalogue a situación como inxusta, isto é, que as crenzas compartidas socialmente coincidan na percepción de que a situación é conflitiva. Mais, cando son os problemas sociais definidos colectivamente como tales? A resposta a esta pregunta non é fácil, pero si podemos falar dalgúns condicionantes. Por exemplo o momento histórico e as situacións sociais onde se interpretan os fenómenos son factores que van influír de maneira fundamental na interpretación dos eventos sociais. Aquí contemplamos a importancia do contexto para entender o como e o porque dos fenómenos sociais. Problemas como o racismo ou os machismo foron tolerados durante moitos séculos sen que espertasen grandes protestas. Porén, non son só os feitos obxectivos que producen os sentimentos de inxustiza senón tamén as interpretacións que se fagan deles; desta maneira entra en xogo a importancia dos aspectos subxectivos. Ata que estes problemas non foron catalogados como inxustos ou negativos e acadaron certa visibilidade social non se consideraban como unha problemática social. Klandermans denominou este proceso como a construción social da protesta (1992), e amosa como as interpretacións que se fan das realidade cobran en certo modo máis relevancia que os feitos obxectivos en si para que aconteza a mobilización cidadá. Determinar as raíces do conflito, sinalar os culpables e propor solucións son elementos cruciais para a definición colectiva do problema (Gamson, 1989, Snow e Benford, 1988).

Ora ben, estes fenómenos poden ser abordados dende distintas perspectivas dependendo da énfase que se poña, ben nas partes integrantes que constitúen o movemento (os individuos) ou nos aspectos estruturais que facilitan o nacemento de tales movementos. As correntes sociolóxicas describen os movementos en función das estruturas socio-políticas, sendo desta maneira a xeneralización o seu punto feble. Mentres que os psicólogos sociais céntranse nas dinámicas motivacionais, que aínda partindo da súa condición colectiva ignoran o contexto socio-político. En oposicións ás

correntes máis sociolóxicas, a psicoloxía política considera que os actores políticos, as súas crenzas, as vidas pasadas, as personalidades, etc... teñen unha relevancia especial á hora de determinar o comportamento político. Isto é os actores individuais importan. Esta idea comporta unha visión da historia onde non só os cambios estruturais e sociais fan que evolucionen as sociedades, senón que tamén son os propios individuos que forman a historia e a política (Houghton, 2008). Javaloy (2001) confesa que un estudo exclusivamente sociolóxico ou psicolóxico dos movementos sociais implica unha fenda na dimensión interactiva individuo-sociedade, sendo ambos reduccionismos igualmente rexeitables. De tal xeito que os científicos que prescindan de recoñecer tal evidencia estarán asumindo grandes riscos á hora de abordar de maneira axeitada a realidade destes fenómenos.

En ocasións, foron os propios psicólogos sociais os encargados de denunciar unha excesiva dedicación ós aspectos psicolóxicos nesta disciplina. Por exemplo Tajfel con respecto a esta problemática sinala que “a preocupación case exclusiva ou moi preponderante da disciplina polos individuos en interacción levou a esquecer na práctica o contexto social máis amplo no que se incrustan as relacións, é dicir, a súa inserción no contexto da nación, clase social e outros grupos de pertenza” (Tajfel, 1981, p. 63).

Por unha banda coa falta de xeneralización e por outra coa descontextualización vaise requirir a integración de ambas interpretacións. Precisamente esta ausencia de conexión entre ambas é un tema pouco presente na literatura da acción colectiva (Van Stekelenburg, 2009). Como segue habendo unha fisura no traballo que se produce dende a psicoloxía social e a socioloxía xorde a necesidade de estreitar lazos e comezar a incorporar este tipo de consideracións contextuais nos estudos da mobilizacións social.

Unha excepción son os estudos que presentamos a continuación e que atenden ás relacións entre o contexto e as razóns polo que os individuos se implican na participación política. Klandermans e Van Stekelenburg parten dos traballos de Turner e Killian para tratar de conectar as dinámicas motivacionais da protesta con certos aspectos do contexto máis específico. Turner e Killian (1987) propoñen tres tipos distintos de accións de protesta relacionados cos obxectivos da mesma, así teríamos, a protesta orientada ó poder, a protesta orientada ós valores e a protesta orientada á participación. As distintas orientacións das mobilizacións, segundo estes autores, determinan o curso das súas campañas. Posteriormente, Klandermans en 1993 e Van Stekelenburg, Klanderman e Van Dijk en 2009 no seu intento de incorporar as influencias do contexto, relacionaron esta clasificación da protesta política cos motivos que levan ós suxeitos a participar en tales eventos. De tal xeito que estes autores postulan que os obxectivos da acción van modular os factores implicadas en cada mobilización. A continuación veremos como se conectan os motivos de participación coas diferentes orientacións cara a acción partindo dos estudos de Klandermans e Van Stekelenburg, pero primeiramente expoñeremos as distintas orientacións e a implicación dos seus correspondentes motivos.

A *acción orientada ó poder* dáse cando os actores da acción pretenden exercer unha determinada influencia. Este tipo de orientación da protesta supón que os suxeitos utilizan as súas habilidades para acadar certos obxectivos ou ben para producir cambios. Neste senso, é de esperar que os individuos estean motivados por un sentido de eficacia, pois os esforzos na campaña de mobilización irán encamiñados a convencer ós suxeitos do éxito das accións, desta maneira a instrumentalidade vai xogar un papel fundamental. A participación nestes casos é vista como unha oportunidade para producir cambios a uns custos aceptables, o impacto da variable de eficacia, polo tanto, vai ser maior neste tipo de accións que en aquelas orientadas ós valores (Van Stekelenburg, 2009).

A *acción orientada ós valores* dirixe os seus esforzos cara a expresión de determinados valores, nesta ocasión as metas de tal mobilización son motivadas por un sentido ideolóxico. É dicir, cando os valores dos participantes vense atacados os anhelos de participación van a desembocar nunha protesta política para expresar a indignación producida por tal situación. Isto pode darse sen a necesidade de esperar nada a cambio, en ausencia dunha percepción de eficacia. Canto máis orientada ós valores estea unha campaña máis verán os participantes unha oportunidade para expresar as súas inquiredanzas. Como a participación se basea nos valores o motivo ideolóxico será crucial neste tipo de fenómenos (Van Stekelenburg, 2006).

A *acción orientada a participación* destaca a oportunidade para os individuos de implicarse en actividades que son satisfactorias en si mesmas. A participación neste tipo de acción é de por si motivadora posto que se produce unha satisfacción persoal coa mera participación. O motivo que podería exercer unha maior influencia neste tipo de protesta sería o de identidade colectiva, pois a identificación co grupo produciría unha alta satisfacción de participar, sen téréense en conta os motivos ideolóxicos ou instrumentais de tal actuación.

Nos estudos anteriormente mencionados tentaron conectar os diferentes motivos de participación e o contexto máis específico da mobilización, centrándose especialmente nos dous primeiros tipos de protesta, a protesta orientada ó poder e a orientada ós valores. Desta maneira demostraron como a protesta orientada ó poder relaciónase con motivos de tipo instrumental, mentres que a protesta orientada ós valores conéctase principalmente con motivos ideolóxicos. Van Stekelenburg, Klandermans e Van Dijk (2008) denominan este tipo de contexto "*mobilizing context*" ou contexto da mobilización que se refire a aquel contexto máis inmediato relacionado coa organización que convoca e os obxectivos da mesma.

Estes estudos parten do mesmo marco de traballo, a comparación da orientación de distintos movementos, así e todo presentan as súas diferenzas. En 1993 Klandermans revela como os diferentes movementos convocados por diferentes organizacións en momentos distintos atraen diferentes motivos de participación, os motivos instrumentais desempeñan un importante papel nas accións orientadas cara o poder, mentres que a ideoloxía o fará nas protestas orientadas ós valores. Máis tarde Van Stekelenburg, Klandermans e Van Dijk (2009) melloraron dito estudo analizando dúas protestas organizadas de forma simultánea en contra do mesmo problema (as políticas de austeridade do goberno en relación ós dereitos da xubilación), deste modo o papel do contexto de mobilización revélase dunha maneira máis esclarecedora. Neste último estudo comprobamos como o obxectivo da protesta vai determinar os motivos de participación partindo da mesma demanda, posto que se afronta a mesma problemática dende dúas ópticas distintas. Dúas organizacións distintas, un sindicato e unha organización anti-globalización chaman á xente a involucrarse en dúas protestas diferentes sobre o mesmo tema. Os sindicatos convocaron unha protesta que dirixía os seus esforzos a mudar as políticas anunciadas polo goberno, destacando así a efectividade e a habilidade para exercer influencia sobre as decisións do goberno. É evidente, logo, que estamos ante unha mobilización orientada ó poder, e como é de esperar o sentido de eficacia xoga un papel esencial á hora de motivar ós suxeitos a participar. Na outra mobilización, convocada por unha organización anti-globalización os seus obxectivos eran de outra índole, posto que resaltaban especialmente a ideoloxía anti-liberal nas súas aclamacións. Dende este contexto de mobilización víase a protesta como unha oportunidade para expresar a súa indignación e o descontento cara un sistema económico inxusto. Atopámonos entón ante un caso claro de protesta orientada ós valores, nesta ocasión o motivo de eficacia non acadou unha relevancia significativa mais si o motivo ideolóxico.

Máis alá do recoñecemento das súas contribucións, xa que foron dos primeiros estudos onde conxugan variables contextuais no ámbito concreto da mobilización e os motivos que levan ós suxeitos a participar, é preciso sinalar que presentan algunhas limitacións, posto que a estes estudos se lles escapa a consideración dun contexto global máis amplo. Non teñen en conta, ó quedarse ancorados só nun contexto de mobilización, as influencias do contexto político, que se volve especialmente relevante no ámbito da protesta política.

A diferenza destes estudos presentados previamente nós imos resaltar a importancia de considerar tamén o contexto político específico e non só o de mobilización, debido á importancia das connotacións políticas que presentan este tipo de fenómenos. Estas dinámicas socio-políticas van influír tanto no proceso de definición como no tipo de motivos que van impulsar ós suxeitos á protesta. Os marcos interpretativos existentes nunha sociedade poden entrar a debate a través das declaracións de políticos, a énfase dos medios de comunicación ou os comunicados de grupos sociais e os movementos. Así este tipo de intercambios veñen determinados polo contexto político no momento en que se dan. É sinxelo comprobar como cuestións relativas o signo do partido do poder poden influír en certa medida ós sectores sociais que se amosan máis activos. Cando goberna a dereita a esquerda móstrase máis activa e pola contra cando goberna a esquerda é a dereita. Dalgunha maneira a alternancia do poder condiciona os actores da protesta en cada ciclo político.

Pretendemos dar unha visión integradora, posto que moitas veces uns aspectos son difíciles de entender sen os outros. Os sistemas políticos, as características lingüístico culturais dunha sociedade e o nivel educativo, entre outros, son aspectos a ter en conta no xurdimento e desenrolo dos movementos sociais, pois aínda que non son aspectos determinantes funcionan como caldo de cultivo para a súa proliferación.

Partindo do coñecemento de que as características socio-estruturais dunha nación así como o seu sistema socio-político van producir impactos naqueles motivos psicolóxicos, defendemos a necesidade de considerar estes aspectos nos modelos de mobilización social. Se ben por seren estes aspectos demasiado amplos e xerais a consideración do contexto político máis específico como o clima político nun momento determinado ou o signo do partido que está no poder poden funcionar como elementos contextuais moi útiles para comprender a implicación dos participantes. Un esquema explicativo das influencias do contexto sobre a mobilización é presentado a continuación. Nel vemos que tanto o contexto político dunha determinada nación, como o contexto máis específico da mobilización van condicionar os motivos polos que a xente se mobiliza, así como os propios axentes de acción.




Figura 1: Modelo do proxecto internacional do programa da ESF : "Caught in the act of protest: contextualizing contention" (2009)

Nesta tese, xa que logo, ímonos inspirar neste modelo, o que nos vai permitir unha visión máis ampla desta problemática; se incluírán as variables contextuais tanto as relacionadas co contexto político como as referidas ó entorno máis inmediato da mobilización. Imos soste que as variacións do contexto van a influír no tipo de suxeitos que se mobilizan incidindo polo tanto no quén?, e por que?

Para rematar, debemos indicar que esta necesidade ineludible de conxugar os tipos de análise vense aireando dende moito tempo, con todo, non pareceu manifestarse de maneira clara ata a realización de estudos empíricos recentes, que como vimos nas páxinas anteriores tentaron conectar tales aspectos *irreconciliables* da mobilización. O que se botou en falta nestes traballos foi a consideración dun contexto algo máis global, relacionado co entramado político do momento.

A continuación, na segunda parte desta tese dedicada ó estudo empírico dunha mobilización en concreto, centrarémonos nos elementos psicosociais mencionados durante esta introdución teórica que tiveron unha especial relevancia na literatura da protesta. Tentaremos, pois, desvelar nas seguintes páxinas os motivos psicosociais implicados nunha protesta concreta relativa á mobilización da AVT en contra do proceso de paz iniciado polo goberno; así como conxugar as distintas características do contexto, coa pretensión de dar unha visión integradora, completa e enriquecedora do mundo da protesta política.

III.

ESTUDO EMPÍRICO

1. INTRODUCCIÓN

Ó abeiro dos fundamentos teóricos articulados previamente, analizaremos nas seguintes páxinas cal é o poder explicativo de cada unha das variables expostas nos capítulos anteriores. Nesta ocasión a incursión no mundo da protesta política farase a través do estudo e análise dunha mobilización concreta. Esta mobilización, na que nos centraremos a continuación, xorde para protestar en contra do proceso de negociación que iniciou o goberno con ETA no ano 2006. Dende o anuncio da tregua de ETA, unha parte da sociedade española manifestou non estar de acordo co comezo dunha etapa de negociacións cos terroristas, de xeito que este sector da poboación comezou a emprender accións de protesta en contra de dito proceso. Estas accións foron encabezadas pola Asociación de Víctimas do Terrorismo (AVT) e apoiadas polo partido político na oposición, o PP. Ante a nova do alto ó fogo de ETA, a sociedade española veuse dividida entre os que apoiaban o proceso de negociación, pois vían que era unha oportunidade válida para acadar a paz e os que se opuñan a tal proceso, ó considerar que o diálogo cos terroristas é algo inmoral e ó crer que se trataba dunha trampa auspiciada polos terroristas.

Nesta investigación imos utilizar datos recollidos na concentración acaecida o 10 de xuño do 2006 en Madrid convocada pola AVT. A afluencia de xente a dita concentración foi masiva, aínda que á hora do reconto houbo un lixeiro baile de cifras entre os distintos medios de comunicación. Acudiron arredor de 200.000 persoas segundo o diario *El País*, 216.000 segundo o xornal *El Mundo*, 243.000 segundo a delegación do goberno e en torno a medio millón foi a cifra estimada pola comunidade de Madrid, aínda que este último dato presentouse sen información sobre a realización de dito cálculo.

O noso interese por este tipo de mobilización vén dado pola propia idiosincrasia da situación onde estes fenómenos acontecían. O clima político que se vivía en España pouco despois dos atentados do 11-M, o xiro electoral co triunfo do PSOE e a peculiaridade das mobilizacións promovidas polas vítimas do terrorismo son factores que dotan dunhas características especiais a esta protesta. Lonxe de ser consideradas estas condicións un obstáculo, actúan como unha oportunidade ideal para analizar os temas de principal interese. Por un lado o clima político tan distintivo que envolvía estas accións, permitíranos afondar na influencia do contexto político sobre os motivos de protesta. Por outra banda, a carga emocional e moral de dita mobilización vainos posibilitar ampliar o coñecemento sobre estas compoñentes pouco abordadas en estudos previos. Ó ser o terrorismo un dos temas que máis preocupa á sociedade española e ó estar encabezada esta mobilización por unha asociación de vítimas, as compoñentes de tipo emocional e moral van xogar un papel importante, polo que ocuparán o noso foco de atención neste traballo entre outros que serán presentados no seguinte apartado.

2. O CONTEXTO DE MOBILIZACIÓN E O CONTEXTO POLÍTICO

Non podemos entender como e porque se produce un movemento social se non temos en conta o momento histórico e político no que este acontece. Así pois, para poder explicar a complexidade dun movemento que está a emerxer, é preciso primeiramente analizar tanto o contexto histórico como socio-político no que se ve inmerso. Como as inquietudes de cambio dunha sociedade veñen dadas polas características particulares de cada momento, imos, antes de mergullarnos de cheo na análise de datos, a proporcionar unha serie de pinceladas referidas ó contexto no que xorde esta acción colectiva.

2.1. CONTEXTO DE MOBILIZACIÓN

O contexto de mobilización refírese ó contexto máis inmediato, e está directamente relacionado con aquelas organizacións que convocan á xente ou que apoian a mobilización. Neste caso foi a Asociación de Vítimas do Terrorismo (AVT) a organización que convocou a presente concentración. Esta é unha asociación apolítica creada para apoiar de forma legal e psicolóxica ás vítimas do terrorismo, e fundouse no 1981 por vítimas de diferentes grupos terroristas (ETA, GRAPO, etc.) máis seus familiares.

Ó redor de 6.000 membros conforman esta asociación, o seu principal obxectivo é respaldar e auxiliar ás vítimas do terrorismo, así como de concienciar á poboación sobre os problemas das mesmas. Aínda que esta organización non foi creada con pretensións políticas vese fortemente apoiada polo partido político da dereita, o PP.

A AVT formou parte de importantes protestas relacionadas con decisións políticas sobre terrorismo, e comezou unha forte campaña contra o empeño do goberno de dialogar con ETA, xa dende o primeiro momento en que se anunciaron as súas intencións. A AVT cría que era ilexítimo negociar temas políticos con terroristas responsables de crimes de sangue. Deste xeito, para as vítimas o goberno estaba a facer concesións ó inimigo. Algúns traballos precedentes (Bar-Tal, Halperin e de Rivera, 2007; Fernández-Dols, Carrera, Hurtado de Mendoza e Oceja, 2007) sobre os impactos da vivencia de situacións conflictivas sinalan a emerxencia de emocións colectivas que son compartidas por un grupo social. Cando o goberno lle está a dar voz ós terroristas, ós cales as vítimas toman polo mesmo demo, dótaos de calidades humanas ó actuaren como interlocutores. Deste xeito, cando sitúan ós terroristas nunha posición humana, as vítimas séntense ofendidas, infravaloradas e agraviadas; como un grupo social que se percibe atacado (Sabucedo e Alzate, 2005).

Antes de rematar con este apartado sobre o contexto da mobilización é preciso matizar certa información para comprender mellor a idiosincrasia de dita mobilización. Aínda que a AVT está fortemente asociada ó PP, algunhas das vítimas que pertencen á asociación atópanse máis vinculadas a outros partidos. Entre eles o partido do goberno, o PSOE, o mesmo que estaba a tomar medidas que incomodaba ás vítimas, situando a esta xente nunha situación complicada.

2.2. CONTEXTO POLÍTICO

Todo fenómeno social e político vese afectado, evidentemente, polo clima político que se está a dar nunha sociedade; de feito, el mesmo faise reflexo de dita situación. Os movementos sociais son parte destes fenómenos, infórmannos así das peculiaridades dunha determinada problemática social e tamén poden servir para medir os niveis de crispación sobre un tema concreto. Mais o que aquí nos interesa principalmente son os efectos que un determinado contexto político pode ter sobre os motivos de participación.

Dependendo do contexto onde se dá a mobilización, os motivos para asistir poden variar. Estudos recentes amosan como dependendo dos impactos do contexto van mudar as motivacións individuais (Klandermans, 1993). A mobilización na que nos imos centrar neste traballo tivo lugar en circunstancias políticas especiais. As tensións entre os dous principais partidos foron crescendo xusto despois da volta electoral onde o PP perdeu o poder xusto tres días despois dos atentados do 11-M en Madrid.

A autoría dos atentados foi un tema crucial antes das eleccións debido á gran confusión sobre este asunto. De maneira que, se ETA cometese os atentados, o PP saíría airoso, pois suporía xustificar a política de represión policial e acoso legal levada a cabo por tal partido. Isto levaría, xa que logo, a unha vitoria do partido popular, ó ser o

terrorismo de ETA un tema que este partido sempre resaltou, pois dalgunha maneira consideran que son competentes neste asunto. De feito, sempre tratou de mantelo no seu discurso electoral (Bali, 2007). Pero, por outro lado se os membros de Al-Qaeda fosen os autores, isto tería unhas consecuencias negativas para o PP, pois a poboación asociaría os ataques co apoio impopular á guerra de Iraq (Michavilla, 2006; Sinkkonen, 2008). Nos últimos momentos antes das eleccións todo indicaba que Al-Qaeda e non ETA foran os autores. No entanto o PP seguiu dirixindo a súa atención a ETA. De tal modo que os partidos de esquerda na oposición comezaron a denunciar a manipulación informativa por parte do goberno.

Contra as sondaxes previas ós ataques, o PSOE gañou as eleccións. E como consecuencia, o PP e medios de comunicación relacionados consideraron que os atentados influíron dunha maneira determinante nos resultados das eleccións.

Coa chegada do partido socialista ó poder a política anti-terrorista sofre un xiro radical se a comparamos coa anterior auspiciada polo PP, que estaba baseada na represión policial e no acoso legal. As novas intencións do goberno residían en abrir unha vía de diálogo para a solución de tal problemática. En maio do 2005 o congreso dos deputados, coa oposición do PP autoriza ó goberno para emprender conversacións coa banda terrorista, sempre e cando abandone a violencia. O 22 de marzo do 2006 ETA declara unha tregua permanente co obxectivo de impulsar un proceso democrático en Euskal Herria, e unhas semanas máis tarde (29 de xuño) o presidente J.L. Rodríguez Zapatero anuncia o inicio do diálogo coa banda terrorista. Ó albisar o comezo dun proceso de negociación certos sectores da poboación amosan o seu malestar e prodúcese unha forte contestación social. Pola relevancia do tema e a causa das reaccións dalgúns grupos sociais ante o mesmo, este asunto ocupou un lugar relevante na axenda política do momento.

Posto que o PP é un partido que se sente capacitado con respecto ó terrorismo de ETA, podería obter un beneficio político de tal escenario social. Seguindo dita argumentación, cabe a posibilidade de que o PP se implicase nas protestas non só debido á súa oposición ás negociacións senón tamén para desestabilizar a posición do goberno. Como Klandermans argumenta (2009) o desencanto co partido no poder amplifica as razóns polas que a xente participa nunha protesta cun determinado obxectivo. Isto non quere dicir que a principal demanda da mobilización non se teña en conta, senón que as intencións de participación incrementáanse debido ós sentimentos de oposición ó goberno. Máis alá dos obxectivos máis próximos, hai outras metas máis distantes que tamén están presentes na protesta, relacionados con sentimentos de oposición ó partido no poder. Neste senso a oposición ó goberno fortalece a motivación a participar.

En definitiva, faise preciso analizar se a especial idiosincrasia desta mobilización e o contexto político na que tivo lugar, condicionou as razóns que levaron á xente a participar. De tal maneira que podemos extraer información de interese a dous niveis contextuais que se manteñen na atmosfera social. A un nivel máis específico o contexto de mobilización e a un nivel máis amplo o contexto político. Ambos perfilan as peculiaridades de dita protesta, e ambas circunstancias van atraer a diferentes cidadáns por distintas razóns. A modo de conclusión podemos dicir que debido ó marco político onde se atopa esta mobilización, é de esperar que os motivos de participación varíen dependendo do grao de identificación co contexto onde se sitúan os suxeitos.

3. OBXECTIVOS E HIPÓTESES

3.1. Obxectivos xerais

O obxectivo máis global deste traballo é ampliar e afondar nos coñecementos sobre a realidade psicosocial da protesta política. Con todo, esta pretensión é demasiado xeral e inespecífica. Máis concretamente cabe afirmar que o que se pretende neste estudo é coñecer as razóns que conducen á xente a implicarse na mobilización social, así como estudar a influencia do contexto sobre os factores motivacionais involucrados neste tipo de fenómenos. Desta maneira tentaremos esclarecer os motivos que levan á xente a participar en accións de protesta, tendo en conta que esta pode acontecer sen a presenza de motivos instrumentais. É dicir que os individuos poden actuar colectivamente alén dos seus propios intereses, sen esperar nada a cambio de dita conduta. Así pois, aparte de afondar nos distintos motivos psicosociais pretendemos comprobar se as persoas poden tomar parte deste tipo de accións sen que as expectativas de éxito adopten un papel crucial.

3.2. Hipóteses

Tendo en conta o exposto na parte teórica deste traballo as hipóteses que formulamos son as seguintes:

Hipótese 1: pese ás posicións instrumentais clásicas, imos considerar que a eficacia percibida non será a variable con maior poder explicativo para que se dea a mobilización política.

Hipótese 2: atendendo ó obxectivo da mobilización a obriga moral e a identidade poden revelarse como variables con maior capacidade explicativa que a instrumentalidade.

Hipótese 3: a ira vai ser a principal emoción para impulsar ós axentes a participar.

Hipótese 4: o contexto de mobilización e o contexto político activarán de xeito diferencial distintos motivos para a participación.

Partimos da idea de que é preciso unha ampliación dos modelos excesivamente cognitivistas e instrumentais, e que se precisa un estudo máis profundo do papel da obriga moral e das emocións no comportamento político. Afondar nestes elementos posibilitaranos un achegamento máis axeitado á realidade social destes fenómenos. Observaremos pois, as relacións que se establecen entre as variables afectivas e as cognitivas e así mesmo a implicación de ambas na motivación de participar. Dentro desta visión máis ampla e global dende a que partimos para abordar o estudo da protesta política consideramos necesario ter en conta o papel que xoga o contexto, sobre todo o contexto político que vai marcar fortemente o ambiente da mobilización. Pasaremos de seguido a explicar nos seguintes apartados o procedemento utilizado nesta investigación, así como os distintos análises estatísticos necesarios para poñer a proba as nosas hipóteses.

4. MÉTODO

4.1. PARTICIPANTES

A mostra que forma parte deste estudo comprende 432 persoas que acudiron á mobilización convocada pola AVT (Asociación de Víctimas do Terrorismo) o 10 de xullo do 2006 en Madrid. Este foi o número de persoas que devolveron debidamente cumprimentado o cuestionario que se lles entregou. O 53% foron homes e o 46 % mulleres, a media de idade dos participantes indícanos que se trata dunha poboación adulta ($M = 50.95$; $DT = 14.29$).

4.2. PROCEDEMENTO

O método a seguir para a realización da mostraxe e a selección de suxeitos está baseada nos traballos previos de Walgrave e Aelst (2001) e Walgrave e Verhulst (2009), onde desenvolven un método sistemático de obtención de datos no corazón mesmo da protesta e no mesmo momento en que esta acontece, a través de técnicas que protexen a representatividade da mostra. Estes autores resaltan a necesidade de garantir a fiabilidade, a validez e a xeneralización dos datos, e denuncian a falta de acordo que se vén herdando para a utilización dun método común; mesmo afirman que parece que os investigadores reinventan cada vez un novo método de selección. Mais lonxe de ser un tema trivial, a importancia da utilización de métodos estandarizados reside en evitar un nesgo na recollida de datos que poida afectar á representatividade da mostra.


Estes autores propoñen dúas técnicas para evitar problemas na representatividade, a primeira baséase na maneira en que os entrevistadores acceden ós suxeitos, establecendo filas ou rutas a seguir para abarcar toda a manifestación; este modo de proceder permite loxicamente adaptacións, dependendo das propias características da mobilización. Neste caso a mobilización foi convocada nunha praza, polo que a súa estrutura circular requirirá un procedemento distinto ó método utilizado en rúas longas, por exemplo. A outra técnica pretende solucionar os problemas que pode carrexar a mortalidade da mostra, e baséase en comparar os datos da mostra enviada por correo cunha máis pequena a partires dunha versión reducida do cuestionario inicial, isto para comprobar que non hai diferenzas significativas entre as dúas.

Polo dito anteriormente, a recollida de datos realizouse da forma máis distribuída posible tomando a concentración dende a periferia cara o centro, tratando deste xeito

de garantir que a probabilidade de ser entrevistado fose para todos a mesma. O reparto realizouse da seguinte maneira, os entrevistadores distribuíronse polo contorno da Praza Colón de Madrid, onde foi convocada a mobilización. Estes abordaron a concentración entrando polas distintas rúas: a rúa Génova, a rúa de Jorge Júan, a rúa Goya e o Paseo de Recoletos, que desembocan en dita praza, como ilustra a figura I. Contamos co apoio de 10 entrevistadores que se encargaron de repartir 1000 sobres en cuxo interior atopábase o instrumento de medida. En cada sobre, incluíuse a parte do cuestionario e unha folia explicativa, todas as facilidades para o envío, un sobre coa dirección da universidade e os selos correspondentes. O cuestionario debía ser enviado por correo unha vez cumprimentado. Desta maneira, percorreuse a concentración dende a periferia ata o centro asegurando o reparto aleatorio e distribuído dos sobres. Todo isto realizouse con fins de garantir a representatividade da mostra, evitando entrevistar suxeitos de características semellantes. Dos 1000 cuestionarios entregados recibíuse un 43%, polo que acadamos un total de 432 cuestionarios.

Tomando man da segunda técnica para loitar contra os efectos de non resposta e evitar problemas na validez externa foi necesario contrastar esta mostra con outra máis pequena de 100 participantes. Estes datos tomáronse a través dunha entrevista no momento da concentración cunha versión reducida do cuestionario inicial. Fíxose unha comparación de medias entre as dúas mostras para as seguintes características: idade, xénero, nivel de estudos e dimensión política, e non se encontraron diferenzas significativas. Para a idade, o nivel de estudos e a dimensión política aplicouse a proba *t* de student ($p > .05$) e para o xénero a de *Chi-cuadrado*, na que tampouco se encontraron diferenzas significativas ($p > .05$). Isto permitiunos comprobar que non hai importantes diferenzas entre as dúas mostras, polo que podemos concluír que a mortalidade non afectou á representatividade.

FIGURA I: Esquema da praza de Colón e as súas rúas lindantes



4.3. INSTRUMENTO:

O instrumento utilizado para a recollida de datos foi un cuestionario que constaba de 33 ítems (Anexo II), os cales recollían información acerca dunha ampla variedade de cuestións. Entre elas incluíanse as dimensións obxecto de estudo: agravios, eficacia, emocións, obriga moral, interese pola política e motivación a participar.

A operativización das variables ás que nos estamos a referir realizouse da seguinte maneira. Todas foron codificadas nunha escala de 5 puntos, onde 1 é igual a nada e 5 é igual a moito.

Os *agravios* foron operativizados cunha soa pregunta formulada da seguinte maneira: “¿Como cidadán séntese afectado pola decisión do goberno de iniciar negociacións con ETA?”

Para avaliar o elemento de *eficacia* tomouse como medida as expectativas de cambio: “¿Cre que esa concentración á que acudiu servirá para que o goberno modifique a súa decisión de negociar con ETA?”

O elemento de *identidade* operativizouse con preguntas como, “¿séntese parte da AVT? ou ¿Séntese comprometido coas ideas da AVT?”

Para medir a emoción da *ira* fíxose un computo de tres emocións: “Como se sente vostede... ofendido/ asqueado/ enfadado”. Medidas en una escala de 5 puntos, desde nada ata moito.

En canto á variable de *obriga moral* utilizáronse preguntas como a presentada a continuación: “¿Sentiuse moralmente obrigado a participar nesa concentración?”

O interese polo política mediuse con preguntas como: “¿Interésalle a política?”

En canto á *motivación a participar*, o item relacionado con este elemento foi expresado da seguinte maneira: “¿Con cantas ganas acudiu vostede a esa concentración?”.

Para tomar en consideración as conexións dos participantes cos diferentes contextos, separouse a mostra en función de dous criterios. Para o *contexto de mobilización* dividiuse a mostra en función da alta ou baixa identificación coa AVT, tomando como punto de corte a mediana da variable de identidade. E para o *contexto político* tomouse como referencia á vinculación política ó PP, pois é o elemento que xoga un papel crucial no clima político. Neste caso a división da mostra realizouse a partires da identificación ou non co PP e tomouse como elemento para a partición a seguinte pregunta: Con que partido político se sente máis identificado? Presentándose diferentes opcións de resposta entre elas o partido do goberno: o PSOE, e o PP.

Ademais destas variables recolleuse información sobre as características socio-demográficas da poboación, tales como a idade, o sexo e o nivel de estudos.

5. ANÁLISE DE DATOS

5.1. ANÁLISE DESCRITIVO

Imos levar a cabo unha análise descritiva para establecer unha primeira toma de contacto cos datos obtidos unha vez feitas as operacións necesarias de depuración dos mesmos. De tal maneira que exporemos inicialmente as medias e as desviacións típicas, e de seguido presentaremos un estudo das correlación entre as distintas variables. Na táboa I, xa que logo, inclúiranse os estatísticos descritivos e as correlacións das principais variables: agravios, eficacia, identidade, ira, interese pola política, obriga moral e motivación.

	<i>M</i>	<i>DT</i>	1	2	3	4	5	6	7
1. Agravios	4.6	.61	--						
2. Eficacia	1.7	.85	-.01	--					
3. Identidade	3.9	.90	.32**	-.02	--				
4. Ira	4.5	.80	.34**	-.03	.29**	--			
5. Obriga Moral	4.7	.56	.27**	.02	.31**	.36**	--		
6. Int. Política	4.2	.75	.16**	-.11*	.23**	.12*	.15**	--	
7. Motivación	4.7	.59	.23**	.06	.38**	.27**	.46**	.19**	--

$p^{**} < .01$; $p^* < .05$

TÁBOA I: Estatísticos Descritivos (medias, desviacións típicas e correlacións)

A continuación comentaremos os principais achados desta análise. As medias adiantan xa información moi interesante e innovadora sobre as características dos participantes e as variables obxecto de estudo. De maneira que neste primeiro achegamento, podemos observar que as medias máis altas son as da motivación ($M = 4.7$, $DT = .58$) e da obriga moral ($M = 4.7$, $DT = .56$). Isto indícanos que estas persoas están altamente motivadas e que ademais presentan fortes sentimentos de obrigación moral a participar. O primeiro dato é de esperar se temos en conta que a xente presente na concentración estase, de feito, a mobilizar e para que aconteza tal cousa é preciso que estean motivados. Porén, o outro dato resulta algo máis sorprendente, pois o valor da obriga moral é o elemento psicosocial cunha puntuación máis elevada, indicando que efectivamente os suxeitos sentíanse moralmente obrigados a participar, cunha importante presenza deste imperativo. Pola contra, o valor máis baixo dentro das medias é o de eficacia ($M = 1.6$, $DT = .85$). Como podemos apreciar os participantes experimentan escasos sentimentos de eficacia percibida, dando a entender que os suxeitos se mobilizaron por outros motivos e non para producir cambios eficaces.

Agora imos informar sobre as relacións que establecen as distintas variables entre si a través da análise de correlacións. Os valores coloreados son aqueles que presentan correlacións estatisticamente significativas. O máis interesante da táboa I, sen lugar a dúbidas, é que na matriz de correlacións o valor correspondente á relación entre a motivación e a eficacia non é significativo ($r = -.06$, $p > .10$). De feito, este dato revélanos que a correlación é próxima a cero, o que quere dicir que son variables practicamente independentes, pois non presentan ningún grao de relación entre si. Isto é aínda máis asombroso se reparamos en que a eficacia é a única variable de toda a matriz que non correlaciona coa motivación, mentres que o resto de variables si o fan e de maneira significativa. Polo anterior, concluímos que os participantes non se

basean no motivo de eficacia percibida para acudir a dita mobilización, ó mostrarse esta independente da motivación. Isto concorda coa nosa primeira hipótese, pois era de esperar que a eficacia non emerxese como un motivo principal. É preciso mencionar ademais que non correlaciona de maneira significativa coas outras variables presentes na matriz de datos.

Por outra banda, convén indicar que o índice de correlación máis significativo dáse entre a obriga moral e a motivación a participar ($r = .46, p \leq .01$), indicando unha alta correlación entre as dúas variables. O seguinte valor máis alto recae entre a motivación e a identidade ($r = .38, p \leq .01$). Estes datos apoian a segunda hipótese, que formula que estes dous motivos terán maior forza explicativa que a eficacia tendo en conta a idiosincrasia da mobilización. Así pois, as dúas variables que máis correlacionan coa motivación son a identidade e a obriga moral, sendo a terceira a variable emocional da ira ($r = .27, p \leq .01$).

Se exploramos as correlacións restantes, atopámonos con que aquela significativa máis alta dáse entre as variables de obriga moral e ira ($r = .36, p \leq .05$), isto denota que hai unha estreita relación entre as dúas variables e así mesmo salienta o papel que xoga esta emoción na mobilización. Observando o resto das relacións coa ira, podemos comprobar que esta emoción amosa correlacións altas e significativas con todos os elementos, excepto co de eficacia. Obtendo tamén unha alta correlación coa motivación a participar, sendo a terceira puntuación máis significativa. Aquí comprobamos que esta emoción xoga un papel importante, en dirección o formulado na terceira hipótese.

Resumindo, neste contacto preliminar cos datos obtemos información moi interesante e innovadora. Primeiramente, constatamos que a maioría das variables sometidas a

análise correlacionan de forma significativa coa variable motivacional, excepto a variable de eficacia que non correlaciona significativamente. Iso pon de manifesto que non se establece ningunha relación entre a eficacia percibida das accións e a motivación a participar. Este dato ademais vese reforzado ó non advertir ningunha correlación significativa deste elemento cos demais motivos psicossociais. Así, se esgrime que a instrumentalidade, referida á eficacia percibida, non se atopa dentro dos motivos que nesta ocasión levaron ós suxeitos a actuar. A forza motivadora que a eficacia amosou noutros estudos quedou anulada nesta ocasión. Por outra banda, podemos apreciar que as variables cunha correlación máis alta coa motivación son a obriga moral e a identidade, polo que van xogar un papel importante nesta mobilización.

5.2. ANÁLISE DE REGRESIÓN XERÁRQUICA DA MOSTRA TOTAL

Para facer unha análise máis profunda e elaborada dos datos levouse a cabo unha regresión xerárquica coa totalidade da mostra. Este método estatístico permítenos observar que variables exercen unha maior influencia sobre a motivación a participar, e ó mesmo tempo determinar o modelo que posúe unha maior capacidade explicativa para comprender os motivos que levaron á xente a saír á rúa.

Deste xeito, coa análise de regresión de tipo xerárquico incorporáronse primeiramente as variables socio-demográficas (nivel educativo, idade e xénero) para controlar se producen algún tipo de incidencia que é preciso coñecer, e no seguinte paso incluíronse todas aquelas variables que na matriz de correlacións amosaron valores significativos coa motivación. De tal maneira que no segundo nivel da regresión aparecen as seguintes variables independentes: agravios, identidade, ira, interese pola política e obriga moral; e como variable dependente utilizouse a motivación a

participar. Na táboa que se presenta a continuación podemos comprobar a influencia das distintas variables sobre a motivación.

	Modelo 1 N = 432 β	Modelo 2 N = 432 β
1. Nivel educativo	.00	-.04
2. Idade	.14**	.06
3. Xénero	.09^o	.01
4. Agravios		.04
5. Ira		.06
6. Identidade		.22***
7. Obriga Moral		.34***
8. Interese na política		.08*
<i>F</i>	3.82*	20.8***
<i>Df</i>	(3, 428)	(8, 423)
<i>R² Corrixida</i>	.02	.27
<i>R² Change</i>	.03*	.26***

VD: Motivación de participar
 $p^{***} < .001$; $p^{**} < .01$, $p^* < .05$, $p^o < .10$

TABOA II: Análise de regresión xerárquica coas variables control no primeiro paso (nivel educativo, idade e xénero) e as variables psicosociais no segundo.

Os resultados, que a táboa II desprende, esclarecen as relacións entre os distintos elementos psicosociais e a variable dependente, a motivación a participar. Se ben non albergan grandes sorpresas ó ir en dirección do escrutado nos análises preliminares, atopámonos con datos dunha utilidade substancial para o estudo da mobilización social, como veremos a continuación. Pero antes de mergullarnos de cheo neste tema, convén analizar primeiro a influencia das variables socio-demográficas.

No primeiro modelo, tal como se pode observar na táboa, introdúcese as variables socio-demográficas: o nivel educativo, a idade e o xénero, este modelo revélase como significativo e acaba explicar preto dun 2% da varianza total. Dentro das variables control a única que é claramente significativa é a idade cunha $\beta = .14^{**}$, o que parece indicar que a maior idade maior motivación presentan os suxeitos a participar en dita mobilización. A variable de xénero só é marxinalmente significativa, e presenta unha $\beta = .08$, polo tanto bastante baixa.

O máis interesante aparece no segundo modelo onde se introducen as variables psicosociais, de tal xeito que podemos detectar cales son as que exercen un maior peso sobre a variable motivacional. Coa incorporación destas variables na ecuación apreciamos, tal e como amosan os resultados, que a varianza explicada incrementa de forma significativa $R^2 \text{ corrixida} = .27$, $R^2 \text{ change} = .26$. Este dato manifesta que o segundo modelo consegue explicar un 27% da motivación e que os cambios que achegan as variables son significativos.

Dentro deste modelo constatamos que as variables psicosociais que se revelan como máis significativas son a identidade ($\beta = .22^{***}$) e a obriga moral ($\beta = .34^{***}$). En menor medida tamén aparece como valor significativo o interese pola política ($\beta = .08^*$), o que nos indica que este elemento exerce tamén incidencia sobre a motivación. Estas son, polo tanto, as variables que explican preto dun 30% da varianza. Mais como ben nos ilustra a táboa II a obriga moral é a que exerce unha maior carga sobre a variable dependente de motivación. Este dato acapara a nosa atención pois, aínda que era de esperar que se amosase como significativo, a obriga moral é a variable máis influente de todo o modelo, tornándose así o principal motivo. O que máis nos atrae destes resultados é que o peso da obriga moral aparece nunha mobilización onde a compoñente de eficacia non exerce ningún tipo de influencia. Isto bríndannos

información nova e de grande interese, apuntando na dirección das formulacións teóricas previas e da nosa primeira hipótese. Como vimos, esta acción colectiva foi posible sen a necesidade dunha expectativa de cambio nos actores da protesta grazas a fortes sentimentos de obriga moral. A segunda hipótese vese tamén confirmada ó presentárense os niveis de obriga moral e identidade como os máis relevantes para explicar a conduta dos participantes. En canto a terceira hipótese resulta algo sorprendente que non emerxa a ira como variable significativa, pois era de esperar que isto así acontecese.

Nesta ocasión a xente mobilizouse por unha obriga moral e por sentimentos de identificación coas vítimas, e non por se sentiren eficaces. Posuír altos sentimentos de identificación coa AVT, a necesidade de actuar conforme a uns principios morais, e albergar un alto interese pola política foron os elementos fundamentais polos que a xente saíu á rúa a protestar.

5.3. OS EFECTOS DO CONTEXTO SOBRE OS MOTIVOS DE PARTICIPACIÓN

MANOVA

En relación á cuarta hipótese formulada, para comprobar os efectos do contexto e as súas diferenzas entre as variables levouse a cabo unha proba estatística denominada MANOVA. Como comentamos no seu momento diferenciamos dous contextos: o de mobilización e o político. No caso do contexto de mobilización tomamos o grao de identificación coa AVT (\uparrow AVT/ \downarrow AVT) para facer a diferenciación entre os que posúen unha alta ou baixa identidade co organismo convocante (AVT); e para o contexto político tomamos como referencia a vinculación co PP (PP/ Non_PP), utilizouse a información recollida no cuestionario onde se pedía ós suxeitos que indicasen con que partido político se sentían máis identificados. Neste caso analizaremos como cada un

dos niveis contextuais inciden nas distintas variables psicosociais. Na táboa que presentamos a continuación preséntanse os resultados da MANOVA.

	↓AVT / ↑AVT		Non_PP/ PP	
	↓AVT	↑AVT	NonPP	PP
1. Agravios	4.52 (.65)	4.83 (.52)	4.55 (.80)	4.69 (.55)
2. Identidade	3.36 (.72)	4.76 (.27)	3.72 (1.11)	4.07 (.82)
3. Ira	4.41 (.82)	4.68 (.75)	4.39 (.97)	4.57 (.75)
4. Obriga Moral	4.60 (.64)	4.82 (.43)	4.51 (.74)	4.75 (.49)
5. Interese pola política	4.82 (.76)	4.32 (.70)	4.04 (.86)	4.22 (.71)
6. Motivación	4.90 (.70)	4.90 (.32)	4.54 (.82)	4.75 (.50)

TABOA III: Medias e desviacións típicas para as diferenzas entre os dous contextos.

Atopáronse efectos significativos para a división da AVT, Wilk's Λ é significativa: $F(7, 419) = 72.87, p < .001$, en agravios $p < .001$, identidade $p < .001$, ira $p < .01$, obriga moral $p < .01$, interese pola política $p < .10$, e motivación, $p < .05$.

Tamén se atoparon efectos significativos para a división en función da vinculación co partido PP/Non_PP, a Wilk's Λ é significativa: $F(7, 419) = 2.13, p < .05$ nas seguintes variables: identidade $p < .05$, obriga moral $p < .01$, interese pola política, $p < .10$ e motivación $p < .05$.

Na interacción (contexto de mobilización X contexto político) a Wilk's Λ é significativa: $F(7, 419) = 2.29, p < .05$, con efectos a nivel significativo para as variables presentadas a continuación: a identidade $p < .01$ e o interese pola política $p < .05$. Estes resultados amosan como a interacción entre os dous contextos, representada máis adiante na figura II, produce diferenzas nas razóns polas que a xente se inmiscer nesta protesta: *identificación alta ou baixa coas vítimas (\uparrow AVT/ \downarrow AVT) X vinculación ou non ó PP (PP/Non_PP).*

Como vimos a cuarta hipótese vese confirmada nesta ocasión, pois o contexto de mobilización e político activa de xeito diferencial os motivos de participación. Mais, con estes resultados emerxen novas cuestións a resolver. Por exemplo, un dos temas de interese é como varían os efectos motivacionais en función do contexto, é dicir, que motivos se activan en función de cada contexto. A identificación coa AVT representa ó contexto de mobilización, pois fai referencia ó organismo que convoca, e a vinculación ó PP, fai referencia ó contexto político, pois, como expuxemos, este partido xoga un papel crucial na mobilización. As diferenzas expresadas no MANOVA vannos permitir analizar as vinculacións dos participantes cos distintos aspectos dos contextos e a súa influencia sobre a forza motivacional, o que nos leva a formular novas hipóteses.

As nosas hipóteses con respecto ás variacións do contexto e ós motivos de mobilización son as seguintes:

- Aqueles máis vinculados coa AVT, e polo tanto co contexto de mobilización, serán mobilizados en gran medida polo motivo de identidade. Non obstante, os que non se identifican sentirán principalmente altos sentimentos de obriga moral, pois non será tanto o motivo de identidade que os leva a participar.

- As persoas que simpatizan co PP, ademais de asistir á protesta por motivos relacionados co obxectivo da mobilización, posúen tamén outras metas de orde máis distante, relacionadas co seu interese pola política.

Para analizar os efectos do contexto de mobilización e político realizamos unha análise de regresión xerárquica para as diferenciacións establecidas en ambos contextos, introducindo como no caso anterior primeiramente as variables socio-demográficas e no segundo modelo os motivos psicosociais. A división do contexto de mobilización realizouse en función da variable identidade, relativa á identificación coa AVT, de tal maneira que obtemos dous grupos: os que se identifican fortemente coa AVT (\uparrow AVT) e os que debilmente se identifican coa AVT (\downarrow AVT). No caso do contexto político a partición vén dada pola identificación co PP ou non, posto que este partido marcou de maneira contundente o clima político do momento.

Polo que respecta ós grupos relativos ó contexto de mobilización: alta e baixa identificación coa AVT, os resultados acerca da influencia das distintas variables sobre a motivación preséntanse na seguinte táboa. Nela poderanse apreciar que motivos exercen unha maior influencia para cada grupo a través dunha análise de regresión, onde os valores β que emerxan como significativos aparecerán coloreados.

EFECTOS DO CONTEXTO DE MOBILIZACIÓN SOBRE A MOTIVACIÓN

	↑AVT N= 196		↓AVT N=234	
1. Nivel educativo	.07	.03	-.01	-.06
2. Idade	.23	.24	.09	-.01
3. Xénero	.04	.04	.08	.02
3. Agravios		-.05		-.00
4. Identidade		.13^o		.04
5. Ira		.02		.14*
6. Obriga Moral		.15*		.43***
7. Interese pola política		.15*		.06
<i>F</i>	3.03	3.11**	1.4	10.8***
<i>Df</i>	(3,193)	(8,188)	(3,231)	(8,226)
<i>R² corrigida</i>	.03	.08	.00	.25

VD: Motivación de participar
*p**** <.001; *p***<.01, *p**<.05, *p*^o<.10

TÁBOA IV: Análise de regresión xerárquica para os grupos de alta e baixa identificación coa AVT.

Esta análise de regresión reflicte que dependendo da localización dos suxeitos nun grupo ou noutro van mudar os motivos de participación, tal como esperábase. O segundo modelo para o grupo de alta identificación, ↑AVT, logra explicar un 8% da motivación, $F(8; 188) = 3.11, p < .01$, e mostra como os fortemente identificados coa AVT van acudir á mobilización motivados por sentimentos de obriga moral ($\beta = .15, p < .05$), de identidade ($\beta = .13, p < .10$) e por un interese pola política ($\beta = .15, p < .05$). Este último dato, a pesares de non estar incluído dentro das nosas hipóteses, non é de todo sorprendente se entendemos que a AVT aínda non sendo unha asociación con pretensión políticas, a súa propia natureza fai que os seus membros presten atención ós movementos que acontecen na política.

Pola contra, aqueles suxeitos que pouco se identifican co contexto de mobilización ↓AVT, $F(8; 226) = 10.8, p < .001$, presentan 2 motivos principais que os levou a saír á rúa: a obriga moral a participar ($\beta = .43, p < .05$) e a emoción da ira ($\beta = .14, p < .05$), acadando explicar o 25% da varianza. Como expresan os datos estes suxeitos posúen razóns morais e emocionais, e non de identidade pois atopáanse nunha mobilización onde se senten pouco identificados co organismo que convoca.

As nosas hipóteses en relación ó contexto de mobilización vense confirmadas, para aqueles que se identifican fortemente coa AVT o motivo de identidade exerce unha influencia importante na súa motivación, non obstante, os que se identifican debilmente coa AVT non tomarán esta vía para a participación. Ademais estes resultados tamén introducen nova información, como a presenza do interese pola política no primeiro grupo (↑AVT) e a ira no segundo (↓AVT).

Por outra banda, é preciso matizar que as características socio-demográficas non exercen influencias significativas na motivación a participar en ningún dos dous grupos.

Polo que respecta ás variación no contexto político: identificación ou non identificación co PP, os resultados preséntanse na seguinte táboa. Igualmente que no caso anterior realizouse unha análise de regresión, e os valores β que se revelan significativos aparecerán coloreados.

EFFECTOS DO CONTEXTO POLÍTICO SOBRE A MOTIVACIÓN

	PP		NON PP	
	N= 343		N=87	
1. Nivel educativo	-.05	-.05	-.17	-.08
2. Idade	.13	.08	.11*	.00
3. Xénero	.07	.02	.09	.03
3. Agravios		.02		.03
4. Identidade		.21***		.21^o
5. Ira		.10^o		-.09
6. Obriga Moral		.24***		.56***
7. Interese pola política		.10^o		.09
<i>F</i>	3.3*	12.12***	1.21	6.5***
<i>Df</i>	(3,340)	(8,335)	(3,84)	(8,79)
<i>R² corrigida</i>	.02	.20	.04	.40

VD: Motivación de participar
*p**** <.001; *p***<.01, *p**<.05, *p*^o<.10

TÁBOA V: Análise de regresión xerárquica para os que se identifican co PP e os que non se identifican co PP.

Nesta regresión sometemos a análise as diferenzas no contexto político en relación á vinculación ou non co PP. O primeiro grupo séntese identificado co PP e os motivos psicosociais introducidos no segundo modelo conforman un modelo significativo que logra explicar o 20% da motivación, $F(8; 335) = 12.12, p < .001$. As variables que revelan cargas significativas son as seguintes: a identidade ($\beta = .21, p < .05$), a ira ($\beta = .10, p < .10$), a obriga moral ($\beta = .24, p < .001$), e o interese pola política ($\beta = .10, p < .10$). Os datos están en concordancia coas hipóteses formuladas previamente. Este grupo posúe un interese pola política que inflúe na motivación a participar. Isto lévanos a pensar que ademais do obxectivo concreto da mobilización os compoñentes deste

grupo teñan outras metas máis distantes, debido probablemente a sentimentos de oposición ó goberno.

Pola contra o grupo que non se identifica co PP non presenta tales intereses, senón que o modelo significativo $F(8; 79) = 6.5, p < .001$, revela que os motivos psicosociais que exercen unha maior influencia son principalmente a identidade ($\beta = .21, p < .10$) e a obriga moral ($\beta = .56, p < .001$), explicando o 40% da varianza da motivación. Esta última variable é a que posúe unha maior carga explicativa cunha β moi alta, polo que o motivo esencial que levou a estes suxeitos a participar foi a obrigación moral de actuar conforme ós seus principios.

5.4. OS EFECTOS DA INTERACCIÓN DO CONTEXTO DE MOBILIZACIÓN E POLITICO SOBRE OS MOTIVOS DE PARTICIPACIÓN

Unha vez estudados os efectos dos contextos por separado, parécenos interesante indagar nos efectos da interacción entre ambos. Os individuos non teñen por que estar vinculados só ó contexto de mobilización ou só ó contexto político, senón que as influencias contextuais veñen dadas de maneira simultánea. O estudo da interacción vainos permitir constatar como as características dos dous contextos fan variar ós distintos motivos de participación. Así, obtemos catro grupos diferentes que recollen todas as posibilidades de conexión entre eles. Desta maneira obtense unha combinación formada por catro celas, ilustradas na figura II, onde os grupos están creados en función da identificación cos dous organismos (PP/AVT), cun só un deles (ou PP ou AVT), ou ningún dos dous (↓AVT/Non_PP).

Isto proporciónanos información de proveito produto da propia idiosincrasia da concentración, permitíndonos así afondar nas variacións que sofren os motivos de participación en función do contexto. Esta división froito da interacción suscita novas

cuestións, como por exemplo, por que aqueles que non se vinculan con ningún dos dous organismos mobilizadores asistiron á protesta? Porque a xente que se sente identificada co partido do goberno participou en dita mobilización, tomando parte dunha acción que prexudicaba ó seu partido e beneficiaba ó adversario? Este tipo de persoas atopándose nunha situación complicada acudiron igualmente á protesta.

Debido a este novo plano de análise imos formular novas hipóteses para cada grupo que van ser acordadas tanto coas formuladas previamente, como cos resultados obtidos:

Grupo 1 (PP/↑AVT): este grupo identifícase cos dous contextos, co de mobilización e co político. Deste xeito este grupo deberá presentar motivos relacionados con tales conexións. A parte da obriga moral esperamos que o motivo de identidade, pola súa conexión coa AVT e o interese pola política dada a conexión co PP, van producir influencias significativas sobre a motivación de participar.

Grupo 2 (Non_PP/↑AVT): o grupo 2 está conformado por participantes que se senten altamente vinculados á AVT pero que non pertencen ó PP, polo tanto o motivo de identidade suscitado pola conexión coa AVT vai ser o motor principal para a acción. Mais, por outra banda, dentro deste grupo dáse unha situación controvertida digna de mencionar, pois atópase xente que se identifica co PSOE e á AVT á vez. Isto é, algúns dos membros identifícanse co goberno, o mesmo que está a tomar medidas que irritan fortemente ás vítimas. Este pequeno grupo atópase baixo unha presión cruzada, ó posuír dúas identidades enfrontadas. Unha persoa sente esta presión cruzada cando está baixo a influencia de dúas identidades grupais opostas ou baixo a influencia de diferentes presións políticas (Lazarsfeld, Berelson e Gaudet, 1948; Oegema e Klandermans, 1994; Mutz, 2002; Klandermans, Van der Toorn e Van Stekelenburg, 2008). Deste xeito, as negociacións representaban un duro golpe, xa que o seu propio goberno estaba a tomar non só decisións en contra dos seus principios, senón que

tamén sen a súa opinión. Non obstante, e a pesares desta controversia, xente que se sentía vinculada ó PSOE e á AVT estaba a protestar nas rúas, aínda que en conduta de voto esta situación adoita levar á inacción (Mutz, 2002). Nós esperamos que estes suxeitos máis alá do motivo de identidade alberguen razóns que teñen que ver cos sentimentos de traizón auspiciados por unha das súas identidades, isto é, sentíronse traizoados polo seu propio goberno.


Grupo 3 (PP/↓AVT): estas persoas séntense só identificadas co organismo político, o PP, e debilmente coa AVT. Esperamos que este grupo ademais da obriga moral, posúa outros motivos, principalmente o de interese pola política, pois como vimos na análise anterior conformaba un elemento importante para os do PP.

Grupo 4 (Non_PP /↓AVT): En canto ó grupo 4, a súa presenza nesta mobilización é inesperada, pois non só non se senten identificados con ningún dos organismos que apoiaban á convocatoria senón que ademais están a favorecer ó seu inimigo ideolóxico, o PP, ó se atoparen dentro da esquerda política. Este grupo está baixo unha aparente disonancia cognitiva (Festinger, 1957) dado que se sitúan ideoloxicamente baixo parámetros da esquerda e están a protestar nunha concentración dominada polo partido da dereita. Isto implica que as persoas presentes na concentración que pertencían a este grupo posuían un forte motivo que os impulsaba a saír ás rúas. Esperamos que este motivo sexa a obriga moral a participar, o que lles permitirá superar a disonancia para acudir á protesta.

Na figura que se presenta a continuación podemos observar de forma gráfica e ilustrativa a interacción dos dous contextos.

INTERACCIÓN DOS DOUS CONTEXTOS

FIGURA II: División da mostra en función das características do contexto



Para someter a análise as nosas hipóteses levouse a cabo unha análise de regresión xerárquica para cada grupo nas que se viron incluídas aquelas variables de interese. Na táboa que se amosa a continuación emerxen as variables de peso significativo de cor vermella, onde se inclúen tanto as variables socio-demográficas como as psicosociais.

	GROUP 1		GROUP 2		GROUP 3		GROUP 4	
	PP/↑AVT N= 163	Non-PP/↑AVT	Non-PP/↑AVT		PP/↓AVT N=180		Non-PP/↓AVT N=44	
1. Nivel educativo	.12	.10	-.11	-.38	-.10	-.10	.20	-.01
2. Idade	.27***	.29***	.07	-.04	.05	-.01	.15	-.07
3. Xénero	.07	.05	-.05	-.03	.07	.04	-.00	.00
3. Agravios		-.06		-.04		-.02		-.00
4. Identidade		.07		.36^o		.04		.02
5. Ira		-.02		.23		.20**		-.16
6. Obriga moral		.16^o		.38		.30***		.79***
7. Interese pola política		.18*		.10		.07		.02
<i>F</i>	3.66*	2.98**	.22	1.08	1.43	5.34***	.86	5.28***
<i>Df</i>	(3;159)	(8;154)	(3;30)	(8;25)	(3;177)	(8;172)	(3;50)	(8;45)
<i>R² corrixida</i>	.05	.09	-.08	.02	.00	.16	-.00	.39

VD: Motivación de participar
 $p^{***} < .001$; $p^{**} < .01$, $p^* < .05$, $p^o < .10$

TÁBOA VI: Análise de regresión xerárquica para os grupos froito da interacción.

GRUPO 1: PP/↑AVT

Debido á conexión cos dous organismos, a AVT e o PP, esperamos que a identificación coa AVT e o interese pola política, ademais da obriga moral, levase ós suxeitos a actuar. Como podemos comprobar na regresión o segundo modelo para este grupo é significativo, $F(8;154) = 2.98$, $p < .01$, explicando o 9% da motivación a participar. As seguintes variables exercen carga estatisticamente significativa sobre a motivación: idade ($\beta = .29$, $p < .01$), obriga moral ($\beta = .16$, $p < .10$) e interese pola política ($\beta = .18$, $p < .05$). Deste xeito constatamos que a maior idade maior motivación, e que os principais motivos psicosociais son a obriga moral e o interese pola política, exercendo este último un peso máis significativo. Estes resultados están en liña co esperado, sen embargo hai que mencionar que nas nosas hipóteses formulamos que a identidade exercería un peso importante neste grupo, cousa que non acontece. O interese pola política na interacción despraza ó poder da identidade, pois como vimos nas análises precedentes, no grupo de alta identificación coa AVT emerxía tamén o interese pola política como elemento significativo. Polo tanto neste grupo vai ser o interese pola política, o principal motivo psicosocial de participación.

GRUPO 2: Non_PP/↑AVT

Na análise que reflexa a táboa VI para este grupo comprobamos que os modelos presentados non son significativos, mais en concordancia cas nosas expectativas é soamente o motivo de identidade o que presenta unha significación estatística ($\beta = .36$, $p < .10$). O que nos interesa deste grupo é coñecer como os suxeitos baixo a identidade cruzada acadaron verse motivados a participar. Como se lembrará, dentro deste grupo había suxeitos que se identificaban co PSOE, e ó mesmo tempo coa AVT, polo que decidimos seleccionar deste grupo só aqueles suxeitos baixo esta condición.

Antes de executar a presente análise de regresión xerárquica levouse a cabo unha análise coa opción de *introducir* onde a única variable que se revelou con carga significación foi a identificación co PSOE. Na seguinte táboa aparecen os resultados da regresión xerárquica coas variables socio-demográficas e a identificación co partido (PSOE) para o grupo 2.

	MODEL 1	MODEL 2
	N = 14	N= 14
1. Nivel educativo	-.02	.57
2. Idade	-.14	.06
3. Xénero	.17	.04
4. Identificación co partido (PSOE)		.86*
<i>F</i>	.15	2.22
<i>Df</i>	(3,11)	(4;10)
<i>R2 Corrixida</i>	-.22	.26

VD: Motivación de participar
 $p^{***} < .001$; $p^{**} < .01$, $p^* < .05$, $p^o < .10$

TÁBOA VII: Análise de regresión xerárquica coas variables socio-demográficas e o grao de identificación co partido (PSOE)

Tal e como podemos ver na táboa VII a variable que exerce peso significativo sobre a motivación é a identificación co partido (PSOE) que foi medida da seguinte maneira: “ata que punto se identifica vostede con ese partido?” nunha escala de 5 puntos, de nada a moito. Nesta táboa podemos observar como o nivel de identificación co PSOE ($\beta = .86$, $p < .05$) exerceu unha forte influencia sobre a forza motivacional. Este grupo séntese vinculado ó goberno, sen embargo os suxeitos como membros da AVT sentíronse traizoados. Nós esperamos que estes sentimentos de traizón son os que levaron ós suxeitos a participar; isto vese constatado cando apreciamos que as dúas

emocións asociadas á traizón como os sentimentos de ofensa ($r = .464$, $p < .10$) e de ira ($r = .66$, $p < .05$) correlacionan significativamente coa identificación co PSOE.

GRUPO 3: PP/↓AVT

Este grupo está influenciado principalmente polo contexto político, pois só se identifica co PP e debilmente coa AVT. De tal xeito esperamos que posúa ademais de sentimentos de obriga moral, certas intencións políticas produto dun alto interese pola política. Mais como podemos comprobar na táboa VI o interese pola política non aparece como elemento significativo no segundo modelo $F(8;172) = 5.34$, $p < .001$. Este modelo ilústrase como significativo, cos seguintes motivos: obriga moral ($\beta = .30$, $p < .001$) e ira ($\beta = .20$, $p < .01$) acadando o 16% da varianza explicada.

Aínda que o interese pola política non emerxe como un elemento significativo na regresión, hai que ter en conta que nas correlacións, o interese pola política neste grupo correlaciona de maneira significativa coa ira, $r = .18$, $p < .05$. De xeito que a maior interese pola política maior sentimentos de ira experimentan os suxeitos, a influencia deste motivo é polo tanto máis indirecta. Os dous motivos principais tamén correlacionan significativamente entre si, $r = .23$, $p < .01$; feito que pon de manifesto a importancia da ira en relación ós sentimentos de obriga moral. En definitiva, este grupo acudiu ás rúas motivados principalmente por razóns morais e emocionais, e o interese pola política exerce unha influencia de maneira indirecta.

GRUPO 4: Non-PP/↓AVT

Como se esperaba nos supostos e como reflicte o modelo II da táboa VI, $F(8; 45) = 5.28$, $p < .001$, este grupo está principalmente motivado por unha obriga moral a participar ($\beta = .79$, $p < .001$). Esta é a única variable que presenta unha carga explicativa significativa pois posúe unha β moi alta, indicando que exerce un peso importante sobre a motivación, logrando explicar o 39% da varianza. Este dato é revelador ó indicarnos que xente con afiliacións de esquerda é capaz de acudir a unha mobilización a pesares de favorecer ó seu inimigo político.

Resumindo, e tomando en conta a información aportada polos diferentes análises imos perfilar as cuestión máis importantes e reveladoras achegadas polos datos en relación ó contexto. Primeiramente abrangueremos os resultados a partires da partición do contexto de mobilización e o contexto político por separado, e posteriormente pasaremos a facer referencia ós resultados froito da interacción entre ambos.

- Aquelas persoas que se senten vinculadas ó PP, máis alá de acudir polo obxectivo inmediato da manifestación, protestar en contra do proceso de paz; céntranse noutras metas máis distantes e difusas, como pode ser estender sentimentos de oposición ó goberno. Os datos amosan que a parte da obriga moral, que actúa como principal fonte motivadora, un incipiente interese pola política acompaña ó motivo anterior; cousa que non acontece no grupo que non se sente vinculado a tal partido. De tal xeito podemos concluír que este interese por parte do partido da oposición facilitou que a xente saíse á rúa, isto lémbra-nos á meta distante proposta por Klandermans, relacionada coa amplificación de intencións a causa da desafección co goberno.

- Tal e como era previsto nas hipóteses formuladas os participantes que se identifican altamente coa AVT van estar motivados polo motivo de identidade, tal que os sentimentos de cohesión grupal coa AVT incitou a estas persoas a saír á rúa, sentimentos que estaban acompañados dunha obriga moral a participar. Curiosamente este grupo tamén presenta niveis significativos de interese pola política, o que non é de estrañar pois pertencen a unha asociación que se ocupa de defender os intereses das vítimas do terrorismo e isto lévaos a estar atentos ó que acontece a nivel político.

- Por outra banda, centrándonos nos resultados froito da interacción constatamos o seguinte: aqueles que se identifican cos dous órganos mobilizadores, que conforman o grupo 1 (PP/AVT), van estar motivados principalmente por un interese pola política, deixando en segundo lugar á obriga moral. No grupo 2, o cal se identifican coa AVT (Non_PP/AVT) o motivo de identidade é o único en revelarse como significativo; mais neste grupo interéсанos tamén aqueles suxeitos que actuaban baixo presión cruzada, pois vense afectados por outros factores. Como vimos os que se identifican coa AVT e co goberno van sentirse reforzados debido ós sentimentos de traizón. O grupo 3 (PP/↓AVT) non se axusta totalmente ás nosas expectativas pois é a obriga moral o principal motivo seguido da ira, mentres que o interese pola política non aparece como revelador, asemella que estes suxeitos están principalmente motivados pola obriga moral e sentimentos de ira, aínda que o efecto do interese pola política pode darse de xeito indirecto ó estar relacionado coa ira. Para rematar, os que non teñen vinculación con ningún dos órganos convocantes, os compoñentes do grupo 4 (Non_PP/↓AVT), como están a actuar en favor do seu inimigo ideolóxico superarán tal controversia grazas á obrigación moral de actuar conforme os seus principios. De feito, este é o único motivo que cunha forte carga estatística exerce a súa influencia sobre a motivación.

IV.

**CONCLUSIÓN E DISCUSIÓN DE
RESULTADOS**

1. CONCLUSION E DISCUSIÓN DE RESULTADOS

A mobilización social, nas sociedades occidentais actuais, converteuse nunha forma común de acción política. Aínda que cada vez máis democratizada, a cidadanía procura outras formas de expresión política e non unicamente as urnas. De feito, xente de distinta condición e ideoloxía pode ver razóns suficientes polas que tomar as rúas; a condena das inxustizas, as diferenzas Norte-Sur, os problemas ambientais... ou tamén, con matices distintos, a resistencia a que se produzan cambios sociais, como a oposición ó matrimonio gai ou ó aborto. Estes motivos poden, ademais, verse agravados ante o crecente descrédito actual na clase política. Na mobilización estudada aquí a xente saíu á rúa para amosar o rexeitamento ás intencións do goberno de negociar con ETA.

Como mencionamos na parte teórica deste traballo, as mobilizacións sociais son modos de incidencia política, que lonxe de estar en decadencia, son dabondo empregadas. Produto desta evolución, o estudo das razóns que levan ós individuos a involucrarse na acción colectiva axudaranos a delimitar o seu espazo nas sociedades modernas, así como coñecer mellor as súas necesidades.

Estudos anteriores fixeron importantes achegas dende diferentes campos das ciencias sociais, facendo referencia á emerxencia, ó desenvolvemento e á implicación dos suxeitos nestes eventos. Tal e como se reflicte neste estudo, un amplo abanico de motivos abranguen as razóns polas que a xente se ve inmiscida en protestas políticas. Estes motivos poden ser de distinta índole, dependendo da súa natureza. Recordemos que nós partimos da psicoloxía social, polo tanto, consideramos que os individuos son os encargados de dotar de significados ós elementos que os rodean. O noso interese

recae, xa que logo, nas variables psicosociais. Conxugamos así, os elementos individuais e os aspectos sociais que toman transcendencia nas mobilizacións cidadáns. No entanto, non por iso se obviaron factores como os históricos, culturais e políticos, que aínda non conformando o noso centro de atención, cobraron o seu protagonismo nas referencias ó contexto que se incorporaron neste traballo.

No presente apartado, integraremos a información empírica do capítulo anterior con aqueles aspectos de debate máis relevantes formulados na parte teórica, permitíndonos desta maneira dar luz ós avances acadados. Realizadas as análises estatísticas correspondentes, someteremos agora a reflexión os resultados contrastándoos cos nosos obxectivos e principais hipóteses. Estas reflexións permitirannos dilucidar a significación dos achados no estudo do comportamento colectivo; e por conseguinte a súa implicación na psicoloxía social.

Como se lembrará, o obxectivo máis xeral que se persegue nesta tese é coñecer as razóns polas que a xente se ve involucrada en actos de protesta política. Mais, mitigar tal inquedaanza non é tan sinxelo, ó ser varios os factores que están a participar neste proceso. Centrarémonos, así pois, nas principais hipóteses polo seu carácter máis específico; sendo varios aspectos de interese dignos de mencionar.

Un dos achados máis sorprendentes foi a ausencia de eficacia percibida. Desta maneira, con este datos comprobamos a posibilidade da protesta política máis alá dunha visión puramente instrumentalista da acción. Nesta mobilización, como vimos, o elemento de eficacia estivo exento de calquera influencia, confirmando a nosa hipótese de que non ten por que actuar sempre como elemento significativo. A participación foi posible, xa que logo, pola forte presenza doutros motivos. Este dato é

un dos resultados máis sobresaíntes no presente traballo, a ausencia de eficacia reflicte que os suxeitos poden verse motivados por outras razóns e non unicamente por un utilitarismo. Sen embargo, en estudos anteriores críase que este elemento constituía un motivo indispensable para a mobilización. Mais, nesta ocasión as expectativas de éxito foron escasas, pois os actores da protesta non acudiron para producir cambios eficaces.

Nesta protesta en contra da negociación con ETA a ausencia de instrumentalidade cobra visibilidade no caso por exemplo do lema empregado. O emblema da mobilización foi *“Negociación en mi nombre No”*. Esta sentenza expresa a idea de que a negociación vai ter lugar independentemente do éxito da mobilización, pois parece que a negociación vai seguir o seu curso. Así, con estas palabras asemella que se asume de antemán a pouca efectividade da mobilización para deter tal proceso. Todos coñecemos outras consignas que van máis encamiñadas a dita efectividade, como *“Paremos a reforma”*, *“Paremos o decretazo contra o galego!!”* *“Outro mundo é posible”* etc... No entanto *“Non no meu nome”* foi o emblema utilizado tamén noutras protestas de cariz aparentemente menos instrumental. No caso das mobilizacións en contra da guerra de Iraq, cando a guerra era xa inminente e a súa paralización era practicamente imposible, a xente decidiu saír igualmente ás rúas para demostrar a súa repulsa ante tal acontecemento. Isto tivo lugar a pesares de que a posibilidade de facer mudar de opinión ó goberno dos Estados Unidos era moi improbable naquel intre. O que tal lema parece indicar é o seguinte: *“levaredes a cabo tal negociación, medida, guerra ou X, mais sen o meu consentimento”*.

Traballos precedentes comezaron xa a indicar a posibilidade de mobilización sen a necesidade de expectativas de éxito. Van Stekelenburg, Klandermans, Wilco e Van Dijk (2009) tomando a distinción empregada por Turner e Killiam (1997) atoparon que

en manifestacións máis orientada ós valores, a eficacia xoga un papel pouco relevante, mentres que naquelas mobilizacións máis orientadas ó poder, a intención de producir cambios sería un importante motivador. Se atendemos a esta clasificación deberíamos incluír a mobilización estudada dentro daquelas que están orientadas ós valores, máis que ás orientadas ó poder. Neste tipo de protestas a finalidade non é producir cambios eficaces, senón expresar a repulsa ou condena ante determinados actos. O que se pretende é, xa que logo, a expresión de certos valores para facerse escoitar.

Os enfoques teóricos demasiado instrumentalistas adoptaron unha visión da racionalidade limitada en exceso, mais estimamos, como xa ten mencionado Beaudoux (1999) que a instrumentalidade non é a única posibilidade de pensamento racional. As decisións non se corresponden con cálculos matemáticos, senón que o razoamento pode facerse por outros medios, mediante heurísticos e en base a cuestións sociais ou morais. Tal e como esta autora argumenta unha decisión racional significa que non é azarosa, e que forma un patrón coherente baseado en distincións plenas de significado. Así, as decisións son racionais porque se vinculan con valores subxacentes e crenzas que se conxugan coa información que o individuo atopa no seu medio. Para Morales (2007) urxe igualmente axustar o concepto de “racional”, onde teñan cabida os aspectos culturais e contextuais á hora de xulgar as condutas. Un observador pode considerar irracionais decisións que poden ser racionais no contexto da persoa. Para este autor os seres humanos adoptan estratexias adaptativas que lles permiten manter relacións satisfactorias cos demais, así como responder racionalmente ás demandas do seu entorno. Polo tanto, pese á relevancia que poida ter a instrumentalidade, a mera redución da racionalidade a unha lóxica instrumental antollase insuficiente para abordar a complexidade do comportamento humano.

Ben que a instrumentalidade amosou ter en repetidas ocasións un importante poder explicativo, os modelos teóricos actuais comezan a asumir que a complexidade da acción colectiva demanda ter en consideración outras variables, ademais daquela. Así pois, a visión da acción colectiva que se está a propoer aquí vai máis alá da metáfora do actor racional. Por exemplo Van Zomeren (2009) fala dun actor moral. Este actor tomaría como motor das súas accións preceptos morais, que deben ser de aplicación universal, isto é, que poden aplicarse en calquera lugar e en calquera momento (Stitka, 2005; Turiel, 1983). Este autor utiliza a metáfora do teólogo intuitivo (*"intuitive theologians"*), distinto ó *homo economicus*, para referirse ó tipo de persoa que basea as súas accións en conviccións morais; aspecto, por outra banda, pouco atendido no estudo da mobilización social (Van Zomeren, 2009).

Que o elemento de eficacia non emerxese como significativo, lévanos a prestar atención ós demais motivos de participación. A nosa hipótese con respecto á influencia da obriga moral e a identidade veuse confirmada. Os dous elementos revelaron efectos importantes sobre a motivación dos suxeitos. Así mesmo o papel da ira destaca como a principal emoción para desencadear a acción no grupo 3 (PP/↓AVT). No entanto, é especialmente relevante neste traballo afondar no papel que xoga a obriga moral na protesta política, pola súa novidade e importancia nesta protesta.

Coa presenza da obriga moral o individuo vese motivado a actuar por unha forza que lle permite manter unha coherencia interna co seu sistema moral. Neste estudo dita variable resultou albergar a maior capacidade explicativa para dar conta da motivación dos suxeitos a participar. Por esta razón e pola novidade deste concepto, explorar o papel da obriga moral na protesta política constitúe un dos principais obxectivos deste

traballo. Dedicaremos entón, os seguintes parágrafos a afondar sobre este elemento dabondo presente nos participantes desta mobilización.

Unha peculiaridade desta protesta é que fai referencia a un tema de grande sensibilidade social, onde se enredan cuestións políticas e morais. De feito esta mobilización en contra da negociación con ETA foi un escenario ideal para o estudo da obriga moral ó acoller preocupacións de tipo moral. Este concepto, achegado por Schwartz (1977), pódese definir da seguinte maneira, auto-expectativas que os individuos desenvolven a partires dos seus valores. É dicir, a obriga moral prodúcese como froito de normas de conduta específicas que o individuo crea en situacións particulares e en función dos seus valores morais máis profundos. Deste xeito o individuo ten unha concepción previa de como debe comportarse, en función do que é ou non é bo. A conduta vese motivada polo desexo de actuar de modo consistente cos propios valores, preservar ou resaltar o propio sentido do auto-valor e evitar a angustia do auto-concepto (Schwartz, 1977). Esta coherencia que o individuo pretende establecer entre as normas persoais e a conduta realízase con fins de protección do *self*, para non danar a auto-avaliación ou a auto-imaxe persoal, sobre todo en aras de satisfacción persoal e de sentirse ben cun mesmo. Turiel (1983) considera que as prescricións morais están determinadas por factores inherentes ás relacións sociais e que se van formando ó longo do desenvolvemento da persoa. A xente constrúe un sentido de si mesmo durante a súa experiencia vital no que a moralidade pode ser considerada unha compoñente central. Canto máis central é a moralidade para a identidade persoal máis probable que un actúe en consecuencia cos seus xuízos morais.

Un vivo exemplo deste comportamento é a conduta altruísta ou as condutas de axuda, onde os sentimentos de obriga moral son xerados en situacións particulares debido á

activación da estrutura cognitiva de normas e valores. É preciso resaltar que na realización da conduta moral non se procura unha recompensa material ou social senón que se debe a unha motivación interna. Isto quere dicir que a conduta de axuda levaríase a cabo aínda que non tivese ningún recoñecemento social. Segundo a intensidade da obriga moral que experimente o individuo maior probabilidade de que se dea a conduta. Esta intensidade dependerá da centralidade que se lle concede ós valores.

Nesta ocasión foi o diálogo cos terroristas o que provocou a emerxencia dunha obriga moral de rexeitar tal proceso. Mais tamén as medidas adoptadas polo goberno despertaron sentimentos de enfado e rabia. A experimentación da ira probablemente posibilitou manter os sentimentos de obriga moral nunha alta intensidade, o que levou ós suxeitos a expresar colectivamente o seu rexeitamento moral ó diálogo con ETA. É preciso salientar, polo tanto, a importancia da implicación emocional e a súa relación coa obriga moral. Aínda que as emocións recibiron un tratamento reducido e un tanto controvertido no ámbito da mobilización social, nós consideramos que é unha compoñente esencial no terreo da participación política e do comportamento humano. Partimos da idea de que as emocións non teñen por que restar ningunha racionalidade ás accións, e que poden servir para intensificar a motivación de levar a cabo determinados actos. Como ten proposto Jasper (1998) as emoción dotan á moralidade e á cognición a súa capacidade de motivar. Por tanto, unímonos ó que propón Martha Nausbaum (citada en Agra, 2001) dende a filosofía política ó falar dun ser moral que pode tomar decisións sen que as emocións perturben a racionalidade ou non das mesmas, posto que estas son necesarias e ademais non son contraditorias coa racionalidade.

Con todo, a obriga moral non foi o único elemento que impulsou ós suxeitos a participar, o motivo de identidade xogou igualmente un papel importante nesta mobilización. Podemos falar de dous diferentes tipos de obriga que produce o mesmo individuo, unha obriga moral intrínseca e unha obriga social intrínseca. A primeira fai referencia á obriga moral da que vimos falando e a segunda relaciónase coa identidade, proposta por Stürmer e Simon (2002). Estes autores indican que grazas ós sentimentos de identificación o individuo vese impulsado a actuar como un bo membro do grupo, é un sentimento intrínseco con implicación social. Unha vez máis, a identidade adquire un rol central no estudo do comportamento colectivo. Os nosos achados son importantes pois reafirman a repercusión desta variable na mobilización como xa veñen apuntando estudos precedentes (Simon e Klandermans, 2001, Stürmer e Simon, 2004, Sabucedo, Durán e Alzate, 2010, Van Stekelenburg, 2006). Actuar de maneira colectiva implica certa complicidade cos demais membros do grupo e posuír un alto número de crenzas compartidas. Ademais en relación co tema da racionalidade Morales (2007) apunta que a fidelidade que unha persoa lle rende ó seu grupo é racional e adaptativa, incluso nos casos en que a persoa deba pospor o seu propio interese. Sabucedo, Durán e Alzate (2010) sobre este tema opinan que a identificación grupal pode levar ó individuo a emprender accións fóra dunha lóxica consecuencialista, en aras da cohesión grupal e do benestar do grupo e do propio individuo.

Van Stekelenburg (2006) fai referencia ás relacións entre a identidade e o contexto, indicando que a función da identidade varía dependendo do tipo de protesta á que nos enfrentamos. Para esta autora a identidade conformaría un mecanismo de conexión importante entre os que se mobilizan e o tipo de protesta. Seguindo a clasificación de Turner e Killian (1997) nas mobilizacións orientadas ó poder, onde se ven inmersas as expectativas de cambio, a identidade coa organización reforza os motivos

instrumentais, pois alimenta a idea de “xuntos somos máis fortes”. Mentres que nas mobilizacións orientadas ós valores, onde o obxectivo é expresar opinións e valores, a identidade alimentaría a idea de “todos nós compartimos tal postura” (Van Stekelenburg, 2006).

Aquí a identificación coa AVT foi unha compoñente fundamental. Sen lugar a dúbidas este elemento posibilitou a presenza dos suxeitos na protesta e axudou xunto coa obriga moral a producir condutas á marxe da procura de éxito. Os sentimentos de identificación coas vítimas revitalizou os sentimentos de cohesión, solidariedade e complicidade con este grupo. Un grupo que ademais posúe unhas características moi determinadas, pois ó proclamarse como vítimas están a sinalar un opresor e un inimigo moi claro, os terroristas. A alta identificación coa AVT promove, xa que logo, a oposición ó diálogo con ETA, e a consecuente expresión de súa repulsa ante tal acontecemento.

Por outra banda, as condutas non acontecen nun escampado contextual, sobre todo aquelas con implicación social e política, por elo atopamos tan necesaria as referencias ó contexto socio-político. Mais, por desgraza, dentro do estudo da mobilización social son escasos os estudos que incorporan elementos do contexto para relacionalos cos motivos de participación, ver como excepción (Klandermans, 1983; Van Stekelenburg, Klandermans e Van Dijk, 2009).

